

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4950 *Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, traspuxo ao ordenamento xurídico español o marco regulador das comunicacións electrónicas aprobado pola Unión Europea no ano 2002, afondando nos principios de libre competencia e mínima intervención administrativa consagrados na normativa anterior.

Desde a súa aprobación, a Lei 32/2003, do 3 de novembro, foi obxecto de diversas modificacións tendentes a garantir a aparición e viabilidade de novos operadores, a protección dos dereitos dos usuarios e a supervisión administrativa daqueles aspectos relacionados co servizo público, co dominio público e coa defensa da competencia.

A última destas modificacións, efectuada a través do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, incorporou ao ordenamento xurídico español o novo marco regulador europeo en materia de comunicacións electrónicas do ano 2009.

Este novo marco europeo está composto pola Directiva 2009/136/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009 (Dereitos dos usuarios), e a Directiva 2009/140/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009 (Mellor regulación), e a partir del introdúcense na lei medidas destinadas a crear un marco adecuado para a realización de investimentos no despregamento de redes de nova xeración, de modo que se permita aos operadores ofreceren servizos innovadores e tecnoloxicamente máis adecuados ás necesidades dos cidadáns.

II

As telecomunicacións constitúen un dos sectores máis dinámicos da economía e un dos que máis poden contribuír ao crecemento, á produtividade, ao emprego e, por tanto, ao desenvolvemento económico e ao benestar social, o que afecta directamente o círculo de protección dos intereses xerais.

Actualmente, a evolución tecnolóxica sitúanos nunha nova etapa —a de extensión das redes de nova xeración—, que obriga os poderes públicos a reflexionar sobre a importancia da función regulatoria.

A situación económica e financeira que afecta unha gran parte dos países desenvolvidos, a necesidade actual de fomentar o investimento e impulsar a competencia, son elementos esenciais que cómpre considerar na revisión do marco regulador.

O sector das telecomunicacións, suxeito a un proceso de permanente innovación tecnolóxica, necesita de constantes e inxentes investimentos, o que require acometer

proxectos de grande envergadura que se poden ver afectados se se exixiren en condicións distintas de despregamento de redes e de comercialización de servizos nos diferentes ámbitos territoriais.

A Axenda Dixital para Europa, principal instrumento para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020, persegue que para 2020 todos os europeos teñan a posibilidade de acceder a conexións de banda larga a unha velocidade como mínimo de 30 Mbps e que, polo menos, un 50 % dos fogares europeos estean abonados a conexións de banda larga superiores a 100 Mbps. Estes obxectivos quedaron incorporados á axenda dixital española, aprobada polo Goberno en febreiro de 2013.

Para isto, segundo estimacións da Comisión Europea, deberase investir ata esa data unha cantidade comprendida entre os 180.000 e 270.000 millóns de euros. Calcúlase que en España serán necesarios investimentos do sector privado por valor de 23.000 millóns de euros.

Estes investimentos poden ter un grande impacto económico e social. A Comisión Europea estima que, por cada aumento da penetración da banda larga nun 10 %, a economía (PIB) crece entre o 1% e o 1,5%. Pola súa vez, a OCDE considera que un incremento do 10% de penetración de banda larga en calquera ano implica un incremento do 1,5% da produtividade durante os seguintes 5 anos.

Así mesmo, como sinalou a Comisión Europea, o despregamento de redes ultrarrápidas pode ter un importante impacto na creación de emprego; considérase que a innovación podería xerar 2 millóns de empregos para 2020, incluídos traballos en sectores relacionados, como a provisión de contidos ou a fabricación de equipamentos.

Por outra parte, ademais de estimular o investimento, cómpre continuar promovendo e velando pola competencia efectiva no sector das telecomunicacións. Débese ter en conta neste sentido que o continuo proceso de innovación tecnolóxica presente neste sector exige grandes investimentos no despregamento de redes ou infraestruturas e na comercialización de servizos que xeran igualmente barreiras de entrada no sector e, en consecuencia, dificultan a competencia. Esta lei persegue como obxectivo fomentar a competencia sen desincentivar os investimentos.

En consecuencia, introduce reformas estruturais no réxime xurídico das telecomunicacións dirixidas a facilitar o despregamento de redes e a prestación de servizos por parte dos operadores, para que isto lles permita ofrecer aos usuarios servizos máis innovadores, de maior calidade e cobertura, a prezos máis competitivos e con mellores condicións, o que contribuirá a potenciar a competitividade e a produtividade da economía española no seu conxunto. Tamén favorece a seguranza xurídica ao compendiar a normativa vixente e, en particular, no que se refire ao marco comunitario das comunicacións electrónicas.

Pero ao mesmo tempo, e na medida en que a existencia de competencia efectiva constitúe un mecanismo eficaz de presión sobre os prezos, así como sobre a calidade dos servizos e a innovación, a lei recolle un conxunto de obrigas ou medidas que se poderán impor *ex ante* aos operadores con poder significativo no mercado. Non obstante, será igualmente decisivo o labor *ex post* da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na persecución das prácticas restritivas da competencia, tanto de condutas colutorias como de abusos de posición de dominio, que poidan afectar este sector. É, xa que logo, esencial que esta Comisión leve a cabo unha continua supervisión dos distintos mercados de comunicacións electrónicas para garantir, preservar e promover unha competencia efectiva neles que proporcione finalmente beneficios aos usuarios.

III

Esta lei persegue, por tanto, garantir o cumprimento dos obxectivos da Axenda Dixital para Europa, que require, na actual situación de evolución tecnolóxica e incerteza económica, asegurar un marco regulatorio claro e estable que fomente o investimento, proporcione seguranza xurídica e elimine as barreiras que dificultaron o despregamento de redes, e un maior grao de competencia no mercado.

Para iso, con fundamento na competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións do artigo 149.1.21.^a da Constitución e nas competencias de carácter transversal dos artigos 149.1.1.^a e 149.1.13.^a do texto constitucional, a lei persegue, como un dos seus principais obxectivos, o de recuperar a unidade de mercado no sector das telecomunicacións, establecendo procedementos de coordinación e resolución de conflitos entre a lexislación sectorial estatal e a lexislación das administracións competentes ditada no exercicio das súas competencias que poida afectar o despregamento de redes e a prestación de servizos.

Co mesmo obxectivo de facilitar o despregamento de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, procédeuse a unha simplificación administrativa, eliminando licenzas e autorizacións por parte da administración das telecomunicacións para determinadas categorías de instalacións que fan uso do espectro. Na mesma liña prevese unha revisión das licenzas ou autorizacións por parte das administracións competentes, eliminando a súa exhibibilidade para determinadas instalacións en propiedade privada ou para a renovación tecnolóxica das redes e facilítase o despregamento das novas redes permitindo o acceso ás infraestruturas doutros sectores económicos susceptibles de seren utilizadas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas.

Nesta mesma liña de redución de cargas administrativas, a lei simplifica as obrigas de información dos operadores, aos cales unicamente se lles poderá solicitar aquela información que non se encontre xa en poder das autoridades nacionais de regulamentación.

Así mesmo, establécense condicións estritas para a existencia de operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas, de maneira que, fóra do concepto de autoprestación, se garanta a provisión dos servizos baixo condicións de mercado e criterios de investidor privado, evitando deste modo que se produzan distorsións da competencia e co obxectivo de racionalizar o gasto público.

A lei incorpora, así mesmo, as previsións recollidas na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, atribuíndo en todo caso á dita Comisión as competencias de regulación *ex ante* e resolución de conflitos entre operadores recoñecidas pola normativa comunitaria.

Por último, como necesario contrapunto á redución das cargas e obrigas impostas aos operadores, a lei reforza o control do dominio público radioeléctrico e as potestades de inspección e sanción, facilitando a adopción de medidas cautelares e revisando a contía das sancións.

En definitiva, os criterios de liberalización do sector, libre competencia, de recuperación da unidade de mercado e de redución de cargas que inspiran este texto legal pretenden achegar seguranza xurídica aos operadores e crear as condicións necesarias para a existencia dunha competencia efectiva, para a realización de investimentos no despregamento de redes de nova xeración e para a prestación de novos servizos, de modo que o sector poida contribuír ao necesario crecemento económico do país.

IV

A lei consta de oitenta e catro artigos agrupados en oito títulos, dezanove disposicións adicionais, doce disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, once disposicións derradeiras e dous anexos.

O título I, «Disposicións xerais», establece, entre outras cuestións, o obxecto da lei, que non se limita á regulación das «comunicacións electrónicas», termo que, de acordo coas directivas comunitarias, engloba aspectos tales como a habilitación para actuar como operador, os dereitos e as obrigas de operadores e usuarios, ou o servizo universal, senón que aborda, de forma integral, o réxime das «telecomunicacións» a que se refire o artigo 149.1.21.^a da Constitución española. Por iso, a presente lei regula, así mesmo, outras cuestións como a instalación de equipamentos e sistemas, a interceptación legal das telecomunicacións, a conservación de datos ou a avaliación de conformidade de

equipamentos e aparellos, temas que a nivel comunitario son obxecto de normativa específica.

A lei exclúe expresamente da súa regulación os contidos difundidos a través de servizos de comunicación audiovisual, que constitúen parte do réxime dos medios de comunicación social, e que se caracterizan por ser transmitidos nun só sentido de forma simultánea a unha multiplicidade de usuarios. Non obstante, as redes utilizadas como soporte dos servizos de radiodifusión sonora e televisiva e os recursos asociados si son parte integrante das comunicacións electrónicas reguladas na presente lei.

Igualmente se exclúe da súa regulación a prestación de servizos sobre as redes de telecomunicacións que non consistan principalmente no transporte de sinais a través das ditas redes. Estes últimos son obxecto de regulación na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Así mesmo, neste título reordénanse os obxectivos e principios da lei, xa recollidos na regulación anterior, incidindo na importancia de alcanzar un equilibrio entre o fomento da innovación, o despregamento de novas redes, a prestación de novos servizos e a garantía dunha competencia efectiva nos mercados de telecomunicacións.

O título II da lei, relativo ao réxime xeral de explotación de redes e prestación de servizos, reflicte a plena liberalización do sector.

De acordo cos principios de necesidade e proporcionalidade, a habilitación para a prestación e explotación de redes vén concedida con carácter xeral e inmediato pola lei co único requisito de notificación ao Rexistro de Operadores, que agora pasa a encadrarse no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Así mesmo, deberán ser obxecto de notificación os casos de autoprestación por operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas. A lei establece limitacións concretas para a instalación e explotación de redes e a prestación de servizos polas administracións públicas, para evitar distorsións á competencia que poidan derivar da participación de operadores públicos no mercado de comunicacións electrónicas.

De acordo coas directivas da Unión Europea, a lei refírese ás funcións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que, na súa calidade de autoridade nacional de regulación independente, en todo caso exercerá aquelas relacionadas coa imposición de regulación *ex ante* no marco dos procesos de análise de mercados, coa resolución de conflitos entre operadores e coa posible imposición da obriga de separación funcional, regulando as obrigas aplicables aos operadores con poder significativo en mercados de referencia.

Así mesmo, recolléronse determinadas previsións no título II desta lei, co obxecto de garantir que os mercados de comunicacións electrónicas se desenvolvan nun contorno de competencia efectiva. Para estes efectos, cómpre asegurar que os procesos de análise de mercados para a imposición, de ser o caso, de obrigas específicas no marco da regulación *ex ante*, se acometan coa debida periodicidade. Da mesma maneira, e co fin de reprimir prácticas restritivas da competencia, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará o funcionamento dos distintos mercados de comunicacións electrónicas, así como os distintos operadores que desenvolvan a súa actividade neles.

O título III da lei, relativo a obrigas e dereitos de operadores e usuarios, inclúe os preceptos relativos ao servizo universal, as obrigas de integridade e seguranza das redes e a ampliación dos dereitos dos usuarios finais, e recolle importantes novidades en relación cos dereitos dos operadores á ocupación do dominio público e privado, ao despregamento de redes e ao acceso a infraestruturas doutros sectores.

No ámbito da simplificación administrativa, cómpre lembrar que na Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, se substituíron determinadas licenzas para o despregamento de determinadas redes de telecomunicacións en dominio privado por unha declaración responsable.

Na presente lei establécese que para o resto de actuacións de despregamento de redes en dominio privado se poidan substituír igualmente as licenzas por unha declaración responsable naqueles casos en que previamente o operador presentase ante as

administracións competentes un plan de despregamento e este fose aprobado, por canto que, nestes casos, a administración competente xa analizou e ponderou os intereses inherentes ao exercicio das súas propias competencias. As actuacións que impliquen unha mera actualización tecnolóxica sen afectaren elementos de obra civil ou mastros non requirirán autorización.

Co obxectivo de garantir a unidade de mercado, facilitar a instalación e despregamento de redes e a prestación de novos servizos, a lei incorpora os mecanismos necesarios de cooperación e resolución de conflitos. Os instrumentos de planeamento territorial ou urbanístico elaborados polas administracións públicas competentes que poidan afectar o despregamento de redes serán obxecto de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Cando cumpra, preverase un procedemento de negociación entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e os órganos encargados da aprobación, modificación ou revisión de tales instrumentos de planificación.

Por último, recóllese a necesaria previsión de infraestruturas de comunicacións electrónicas en zonas de urbanización e garántese o dereito de acceso dos operadores a infraestruturas de administracións públicas e a infraestruturas lineais como electricidade, gas, auga, saneamento ou transporte. Estas medidas están aliñadas coas propostas realizadas pola Comisión Europea no seu documento do 27 de abril de 2012 relativo ás medidas para reducir os custos do despregamento das redes de moi alta velocidade en Europa.

Co obxectivo de reforzar os dereitos dos usuarios, clarifícanse os dereitos introducidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, polo Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo. É destacable a mellor identificación dos dereitos dos usuarios de telecomunicacións relacionados coa protección de datos de carácter persoal e a privacidade das persoas, e o mantemento do procedemento extraxudicial de resolución de controversias entre operadores e usuarios finais ante o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Así mesmo, prevese que a normativa específica sectorial establecida na presente lei prevalecerá sobre a normativa xeral de defensa dos consumidores e usuarios, tal e como queda recollido na propia normativa comunitaria, en particular no número 2 do artigo 3 da Directiva 2011/83/UE, do 25 de outubro de 2011, sobre os dereitos dos consumidores.

No título IV, relativo á avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos, régulanse, entre outros, aspectos tales como a normalización técnica, a avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos e as condicións que deben cumprir as instalacións.

En relación coa administración do dominio público radioeléctrico, o título V procede a unha clarificación dos principios aplicables, das actuacións que abarca tal administración, dos tipos de uso e dos distintos títulos habilitantes, introduce unha simplificación administrativa para o acceso a determinadas bandas de frecuencia, e consolida as últimas reformas en materia de duración, modificación, extinción e revogación de títulos e en relación co mercado secundario do espectro. Como novidade, introdúcense medidas destinadas a evitar o uso do espectro por aqueles que non dispoñen de título habilitante para iso, garantindo así a dispoñibilidade e o uso eficiente deste recurso escaso, en particular mediante a súa protección activa e a colaboración dos operadores de rede.

O título VI, «A administración das telecomunicacións», determina as competencias que teñen atribuídas as diferentes autoridades nacionais de regulamentación. Concretamente, este título incorpora a repartición competencial que inspira a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, atribuíndo a esa Comisión funcións como a definición e análise dos mercados de referencia relativos a redes e servizos de comunicacións electrónicas, a identificación do operador ou operadores con poder significativo de mercado, o establecemento, se procede, de obrigas específicas a eses operadores, a resolución de conflitos nos mercados de comunicacións electrónicas ou a determinación do custo neto na prestación do servizo universal, entre outras.

No título VII, «Taxas en materia de telecomunicacións», e no anexo I, a lei introduce importantes melloras respecto da regulación contida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, en materia de taxas de telecomunicacións. En particular, redúcese o límite máximo da taxa xeral de operadores dirixida a financiar os custos en que incorren as autoridades nacionais de regulamentación pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, e establécese un esquema de axuste automático aos custos que tiveron que afrontar as autoridades nacionais de regulamentación.

O título VIII, relativo á inspección e ao réxime sancionador, reforza as potestades inspectoras, exixindo a colaboración dos titulares de predios ou inmobles nos cales existan instalacións de telecomunicacións para a identificación dos titulares desas instalacións, mellora a tipificación de infraccións, revisa a clasificación e contía das sancións, proporciona criterios para a determinación da contía da sanción e facilita a adopción de medidas cautelares que se poderán acordar incluso antes de iniciar o expediente sancionador.

As disposicións adicionais regulan, entre outras cuestións, o Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, as obrigas en materia de acceso condicional, acceso a determinados servizos de radiodifusión e televisión, televisión de formato largo e obrigas de transmisión, así como a creación da Comisión interministerial sobre radiofrecuencias e saúde encargada de informar sobre as medidas aprobadas en materia de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas e dos múltiples controis a que son sometidas as instalacións xeradoras desas emisións.

En particular, unha das disposicións adicionais persegue a universalización da banda larga ultrarrápida, en virtude da cal o Goberno establecerá unha estratexia nacional de redes ultrarrápidas que teña como obxectivo impulsar o despregamento de redes de acceso ultrarrápido á banda larga, tanto fixo como móbil, de cara a lograr a súa universalización, así como fomentar a súa adopción por cidadáns, empresas e administracións, para garantir a cohesión social e territorial en colaboración coas administracións territoriais.

Na execución desta estratexia poderanse incluír medidas como a realización anual de convocatorias públicas de axudas para a extensión da cobertura da banda larga ultrarrápida que, baixo o principio de neutralidade tecnolóxica, doten de cobertura zonas en que non existe oferta e onde non estea prevista a curto prazo, en particular, co obxectivo de permitir acurtar prazos de conexión e abaratar custos en núcleos rurais de difícil orografía e baixa densidade de poboación. Estas convocatorias públicas garantirán que as axudas cubrirán só unha porcentaxe do investimento, que as axudas se adjudicarán en réxime de concorrencia competitiva e que a necesidade da axuda se encontra xustificada na existencia dun déficit comercial, a curto ou medio prazo, que impide a execución do proxecto dada a súa baixa rendibilidade, e inclúen mecanismos para evitar unha posible sobrecompensación.

Así mesmo, estableceranse zonas de actuación preferente con base nas maiores necesidades dos usuarios, do seu carácter dinamizador, do grao de presenza de pemes ou de centros de actividade económica, como polígonos industriais ou centros turísticos, e doutros factores como o equilibrio territorial, a súa maior incidencia sobre o desenvolvemento económico, o seu afastamento, ou a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Esta estratexia complementarase con outras medidas previstas na presente lei orientadas a facilitar o despregamento de redes ultrarrápidas de acceso fixo e móbil, e facilitar a modernización e renovación das redes.

Pola súa parte, as disposicións transitorias regulan diferentes aspectos que facilitarán a transición cara á aplicación desta nova lei, como a adaptación dos operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas ao réxime previsto no artigo 9 ou o réxime transitorio para a fixación das taxas recollidas no anexo I.

Por último, nas disposicións derradeiras, a lei modifica diversos textos normativos. En particular, modifícanse diversos preceptos da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, co fin de adaptala ao marco social e

económico actual. En concreto, introdúcese precisións sobre o consentimento do destinatario para aceptar o tratamento dos datos derivado de dispositivos de almacenamento e recuperación de datos nos seus equipamentos terminais e establécense criterios para a modulación das sancións.

ÍNDICE

Título I. Disposicións xerais

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación da lei.
- Artigo 2. As telecomunicacións como servizos de interese xeral.
- Artigo 3. Obxectivos e principios da lei.
- Artigo 4. Servizos de telecomunicacións para a defensa nacional, a seguranza pública, a seguranza viaria e a protección civil.

Título II. Explotación de redes e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de libre competencia.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 5. Principios aplicables.
- Artigo 6. Requisitos exigibles para a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.
- Artigo 7. Rexistro de operadores.
- Artigo 8. Condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.
- Artigo 9. Instalación e explotación de redes públicas e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros polas administracións públicas.
- Artigo 10. Obrigas de subministración de información.
- Artigo 11. Normas técnicas.

Capítulo II. Acceso ás redes e recursos asociados e interconexión.

Artigo 12. Principios xerais aplicables ao acceso ás redes e recursos asociados e á súa interconexión.

Capítulo III. Regulación *ex ante* dos mercados e resolución de conflitos.

- Artigo 13. Mercados de referencia e operadores con poder significativo no mercado.
- Artigo 14. Obrigas específicas aplicables aos operadores con poder significativo en mercados de referencia.
- Artigo 15. Resolución de conflitos.

Capítulo IV. Separación funcional.

- Artigo 16. Separación funcional obrigatoria.
- Artigo 17. Separación funcional voluntaria.
- Artigo 18. Obrigas específicas adicionais á separación funcional.

Capítulo V. Numeración, enderezamento e denominación.

- Artigo 19. Principios xerais.
- Artigo 20. Plans nacionais.
- Artigo 21. Conservación dos números telefónicos polos abonados.
- Artigo 22. Números harmonizados para os servizos harmonizados europeos de valor social.

Título III. Obrigas de servizo público e dereitos e obrigas de carácter público na explotación de redes e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

Capítulo I. Obrigas de servizo público.

Sección 1.^a Delimitación.

Artigo 23. Delimitación das obrigas de servizo público.

Artigo 24. Categorias de obrigas de servizo público.

Sección 2.^a O servizo universal.

Artigo 25. Concepto e ámbito de aplicación.

Artigo 26. Designación dos operadores encargados da prestación do servizo universal.

Artigo 27. Custo e financiamento do servizo universal.

Sección 3.^a Outras obrigas de servizo público.

Artigo 28. Outras obrigas de servizo público.

Capítulo II. Dereitos dos operadores e despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas.

Sección 1.^a Dereitos dos operadores á ocupación do dominio público, a ser beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e ao establecemento ao seu favor de servidumes e de limitacións á propiedade.

Artigo 29. Dereito de ocupación da propiedade privada.

Artigo 30. Dereito de ocupación do dominio público.

Artigo 31. Normativa aplicable á ocupación do dominio público e á propiedade privada.

Artigo 32. Localización compartida e uso compartido da propiedade pública ou privada.

Artigo 33. Outras servidumes e limitacións á propiedade.

Sección 2.^a Normativa das administracións públicas que afecte o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas.

Artigo 34. Colaboración entre administracións públicas no despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas.

Artigo 35. Mecanismos de colaboración entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as administracións públicas para o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas.

Artigo 36. Previsión de infraestruturas de comunicacións electrónicas en proxectos de urbanización e en obras civís financiadas con recursos públicos.

Sección 3.^a Acceso a infraestruturas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas.

Artigo 37. Acceso ás infraestruturas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas.

Artigo 38. Acceso ou uso das redes de comunicacións electrónicas titularidade dos órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal.

Capítulo III. Segredo das comunicacións e protección dos datos persoais e dereitos e obrigas de carácter público vinculados coas redes e servizos de comunicacións electrónicas

Artigo 39. Segredo das comunicacións.

Artigo 40. Interceptación das comunicacións electrónicas polos servizos técnicos.

Artigo 41. Protección dos datos de carácter persoal.

Artigo 42. Conservación e cesión de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

Artigo 43. Cifraxa nas redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Artigo 44. Integridade e seguranza das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas.

Capítulo IV. Infraestruturas comúns e redes de comunicacións electrónicas nos edificios.

Artigo 45. Infraestruturas comúns e redes de comunicacións electrónicas nos edificios.

Capítulo V. Dereitos dos usuarios finais.

Artigo 46. Dereitos dos usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas.

Artigo 47. Dereitos específicos dos usuarios finais de redes e servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

Artigo 48. Dereito á protección de datos persoais e á privacidade en relación coas comunicacións non solicitadas e os datos de tráfico e de localización e coas guías de abonados.

Artigo 49. Guías de abonados.

Artigo 50. Calidade de servizo.

Artigo 51. Acceso a números ou servizos.

Artigo 52. Regulación das condicións básicas de acceso por persoas con discapacidade.

Artigo 53. Contratos.

Artigo 54. Transparencia e publicación de información.

Artigo 55. Resolución de controversias.

título IV. Avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos

Artigo 56. Normalización técnica.

Artigo 57. Avaliación da conformidade.

Artigo 58. Recoñecemento mutuo.

Artigo 59. Condicións que deben cumprir as instalacións e os instaladores.

título V. Dominio público radioeléctrico

Artigo 60. Da administración do dominio público radioeléctrico.

Artigo 61. Facultades do Goberno para a administración do dominio público radioeléctrico.

Artigo 62. Títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.

Artigo 63. Títulos habilitantes outorgados mediante un procedemento de licitación.

Artigo 64. Duración, modificación, extinción e revogación dos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.

Artigo 65. Protección activa do dominio público radioeléctrico.

Artigo 66. Neutralidade tecnolóxica e de servizos no uso do dominio público radioeléctrico.

Artigo 67. Mercado secundario no dominio público radioeléctrico.

Título VI. A administración das telecomunicacións.

Artigo 68. Competencias da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

Artigo 69. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Artigo 70. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Título VII. Taxas en materia de telecomunicacións.

Artigo 71. Taxas en materia de telecomunicacións.

Título VIII. Inspección e réxime sancionador.

Artigo 72. Funcións inspectoras.

Artigo 73. Facultades de inspección.

Artigo 74. Responsabilidade polas infraccións en materia de telecomunicacións.

Artigo 75. Clasificación das infraccións.

Artigo 76. Infraccións moi graves.

Artigo 77. Infraccións graves.

Artigo 78. Infraccións leves.

Artigo 79. Sancións.

Artigo 80. Criterios para a determinación da contía da sanción.

Artigo 81. Medidas previas ao procedemento sancionador.

Artigo 82. Medidas cautelares no procedemento sancionador.

Artigo 83. Prescrición.

Artigo 84. Competencias sancionadoras.

Disposición adicional primeira. Significado dos termos empregados por esta lei.

Disposición adicional segunda. Limitacións e servidumes.

Disposición adicional terceira. Aplicación da lexislación reguladora das infraestruturas comúns nos edificios.

Disposición adicional cuarta. Información confidencial.

Disposición adicional quinta. O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.

Disposición adicional sexta. Multas coercitivas.

Disposición adicional sétima. Obrigas en materia de acceso condicional, acceso a determinados servizos de radiodifusión e televisión, televisión de formato largo e obrigas de transmisión.

Disposición adicional oitava. Mecanismo de notificación.

Disposición adicional novena. Informe sobre as obrigas que se deben impor a operadores de redes públicas ou de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

Disposición adicional décima. Creación da Comisión interministerial sobre radiofrecuencias e saúde.

Disposición adicional décimo primeira. Parámetros e requirimentos técnicos esenciais para garantir o funcionamento das distintas redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Disposición adicional décimo segunda. Aplicación da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional décimo terceira. Publicación de actos.

Disposición adicional décimo cuarta. Coordinación das axudas públicas á banda larga e ao desenvolvemento da economía e emprego dixitais e novos servizos dixitais.

Disposición adicional décimo quinta. Asignación de medios á Administración xeral do Estado e integración de persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional décimo sexta. A entidade pública empresarial *Red.es*.

Disposición adicional décimo sétima. Innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Disposición adicional décimo oitava. Universalización da banda larga ultrarrápida.

Disposición adicional décimo novena. Estacións radioeléctricas de radioaficionado.

Disposición transitoria primeira. Normativa anterior á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. Adaptación dos operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas ao réxime previsto no artigo 9.

Disposición transitoria terceira. Condicións ligadas ás concesións de uso de dominio público radioeléctrico.

Disposición transitoria cuarta. Restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

Disposición transitoria quinta. Prestación de determinados servizos a que se refire o artigo 28.

Disposición transitoria sexta. Réxime transitorio para a fixación das taxas establecidas no anexo I desta lei.

Disposición transitoria sétima. Solicitudes de autorizacións ou licenzas administrativas efectuadas con anterioridade.

Disposición transitoria oitava. Rexistro de operadores.

Disposición transitoria novena. Adaptación da normativa e dos instrumentos de planificación territorial ou urbanística elaborados polas administracións públicas competentes que afecten o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas.

Disposición transitoria décima. Desempeño transitorio de funcións pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición transitoria décimo primeira. Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria décimo segunda. Réxime transitorio das estacións ou infraestruturas radioeléctricas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público para cuxa instalación se presentase solicitude de licenza ou autorización.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

Disposición derradeira quinta. Modificación do Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Disposición derradeira oitava. Regulación das condicións en que os órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal permitirán a ocupación do dominio público que xestionan e da propiedade privada de que son titulares.

Disposición derradeira novena. Fundamento constitucional.

Disposición derradeira décima. Competencias de desenvolvemento.

Disposición derradeira décimo primeira. Entrada en vigor.

Anexo I. Taxas en materia de telecomunicacións.

1. Taxa xeral de operadores.
2. Taxas por numeración, enderezamento e denominación.
3. Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.
4. Taxas de telecomunicacións.
5. Xestión e recadación en período voluntario das taxas.

Anexo II. Definicións.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da lei.*

1. O ámbito de aplicación desta lei é a regulación das telecomunicacións, que comprenden a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e os recursos asociados, de conformidade co artigo 149.1.21.^a da Constitución.

2. Quedan excluídos do ámbito desta lei os servizos de comunicación audiovisual, os contidos audiovisuais transmitidos a través das redes, así como o réxime básico dos medios de comunicación social de natureza audiovisual a que se refire o artigo 149.1.27.^a da Constitución.

Así mesmo, exclúense do ámbito desta lei os servizos que subministren contidos transmitidos mediante redes e servizos de comunicacións electrónicas, as actividades que consistan no exercicio do control editorial sobre eses contidos e os servizos da sociedade da información, regulados na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, que non consistan, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas.

Artigo 2. *As telecomunicacións como servizos de interese xeral.*

1. As telecomunicacións son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de libre competencia.

2. Só teñen a consideración de servizo público ou están sometidos a obrigas de servizo público os servizos regulados no artigo 4 e no título III desta lei.

A imposición de obrigas de servizo público perseguirá a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3 desta lei e poderá recaer sobre os operadores que obteñan dereitos de ocupación do dominio público ou da propiedade privada, de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, de dereitos de uso de recursos públicos de numeración, enderezamento ou de denominación ou que teñan a condición de operador con poder significativo nun determinado mercado de referencia.

Artigo 3. *Obxectivos e principios da lei.*

Os obxectivos e principios desta lei son os seguintes:

a) Fomentar a competencia efectiva nos mercados de telecomunicacións para potenciar ao máximo os beneficios para as empresas e os consumidores, principalmente en termos de baixada dos prezos, calidade dos servizos e innovación, tendo debidamente en conta a variedade de condicións en canto á competencia e aos consumidores que existen nas distintas áreas xeográficas, e velando por que non exista falseamento nin restrición da competencia na explotación de redes ou na prestación de servizos de comunicacións electrónicas, incluída a transmisión de contidos.

b) Desenvolver a economía e o emprego dixital, promover o desenvolvemento do sector das telecomunicacións e de todos os novos servizos dixitais que as novas redes ultrarrápidas permiten, impulsando a cohesión social e territorial, mediante a mellora e extensión das redes, así como a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e a subministración dos recursos asociados a elas.

c) Promover o despregamento de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, fomentando a conectividade e a interoperabilidade extremo a extremo e o seu acceso, en condicións de igualdade e non discriminación.

d) Promover o desenvolvemento da industria de produtos e equipamentos de telecomunicacións.

e) Contribuír ao desenvolvemento do mercado interior de servizos de comunicacións electrónicas na Unión Europea.

f) Promover o investimento eficiente en materia de infraestruturas incluíndo, cando proceda, a competencia baseada en infraestruturas, fomentando a innovación e tendo debidamente en conta os riscos en que incorren as empresas investidoras.

g) Facer posible o uso eficaz dos recursos limitados de telecomunicacións, como a numeración e o espectro radioeléctrico, e a adecuada protección deste último, e o acceso aos dereitos de ocupación da propiedade pública e privada.

h) Fomentar, na medida do posible, a neutralidade tecnolóxica na regulación.

i) Garantir o cumprimento das obrigas de servizo público na explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas a que se refire o título III, en especial as de servizo universal.

j) Defender os intereses dos usuarios, asegurando o seu dereito ao acceso aos servizos de comunicacións electrónicas en condicións adecuadas de elección, prezo e boa calidade, promovendo a capacidade dos usuarios finais para acceder e distribuír a información ou utilizar as aplicacións e os servizos da súa elección, en particular a través dun acceso aberto á internet. Na prestación destes servizos deben salvagardarse os imperativos constitucionais de non discriminación, de respecto aos dereitos, á honra e á intimidade, a protección á mocidade e á infancia, a protección dos datos persoais e o segredo nas comunicacións.

k) Salvagardar e protexer nos mercados de telecomunicacións a satisfacción das necesidades de grupos sociais específicos, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, as persoas en situación de dependencia e usuarios con necesidades sociais especiais, atendendo aos principios de igualdade de oportunidades e non discriminación. No relativo ao acceso aos servizos de comunicacións electrónicas das persoas en situación de dependencia, fomentárase o cumprimento das normas ou as especificacións pertinentes relativas á normalización técnica publicadas de acordo coa normativa comunitaria.

l) Facilitar o acceso dos usuarios con discapacidade aos servizos de comunicacións electrónicas e ao uso de equipamentos terminais.

Artigo 4. *Servizos de telecomunicacións para a defensa nacional, a seguranza pública, a seguranza viaria e a protección civil.*

1. Só teñen a consideración de servizo público os servizos regulados neste artigo.

2. As redes, servizos, instalacións e equipamentos de telecomunicacións que desenvolvan actividades esenciais para a defensa nacional integran os medios destinados a esta resérvanse ao Estado e réxense pola súa normativa específica.

3. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo é o órgano da Administración xeral do Estado con competencia, de conformidade coa lexislación específica sobre a materia e o establecido nesta lei, para executar, na medida en que o afecte, a política de defensa nacional no sector das telecomunicacións, coa debida coordinación co Ministerio de Defensa e seguindo os criterios fixados por este.

No marco das funcións relacionadas coa defensa civil, corresponde ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo estudar, planear, programar, propor e executar cantas medidas se relacionen coa súa achega á defensa nacional no ámbito das telecomunicacións.

Para tales efectos, os ministerios de Defensa e de Industria, Enerxía e Turismo coordinarán a planificación do sistema de telecomunicacións das Forzas Armadas, co fin de asegurar, na medida do posible, a súa compatibilidade cos servizos civís. Así mesmo, elaborarán os programas de coordinación tecnolóxica precisos que faciliten a harmonización, homologación e utilización, conxunta ou indistinta, dos medios, sistemas e redes civís e militares no ámbito das telecomunicacións. Para o estudo e informe destas materias, constituiranse os órganos interministeriais que se consideren adecuados, coa composición e competencia que se determinen mediante real decreto.

4. Nos ámbitos da seguranza pública, seguranza viaria e da protección civil, na súa específica relación co uso das telecomunicacións, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo cooperará co Ministerio do Interior e cos órganos responsables das comunidades autónomas con competencias sobre as citadas materias.

5. Os bens mobles ou inmobles vinculados aos centros, establecementos e dependencias afectos á explotación das redes e á prestación dos servizos de telecomunicacións disporán das medidas e sistemas de seguranza, vixilancia, difusión de información, prevención de riscos e protección que determine o Goberno, por proposta dos ministerios de Defensa, do Interior ou de Industria, Enerxía e Turismo, dentro do ámbito das súas respectivas competencias. Estas medidas e sistemas deberán estar dispoñibles nas situacións de normalidade ou nas de crise, así como nos supostos previstos na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio, e na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil.

6. O Goberno, con carácter excepcional e transitorio, poderá acordar a asunción pola Administración xeral do Estado da xestión directa de determinados servizos ou da explotación de certas redes de comunicacións electrónicas, de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para garantir a seguranza pública e a defensa nacional. Así mesmo, no caso de incumprimento das obrigas de servizo público a que se refire o título III desta lei, o Goberno, logo do informe preceptivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e igualmente con carácter excepcional e transitorio, poderá acordar a asunción pola Administración xeral do Estado da xestión directa dos correspondentes servizos ou da explotación das correspondentes redes. Neste último caso, poderá, coas mesmas condicións, intervir a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

Os acordos de asunción da xestión directa do servizo e de intervención deste ou os de intervir ou explotar as redes a que se refire o parágrafo anterior adoptaraos o Goberno por propia iniciativa ou por instancia dunha Administración pública competente. Neste último caso será preciso que a Administración pública teña competencias en materia de seguranza ou para a prestación dos servizos públicos afectados polo anormal funcionamento do servizo ou da rede de comunicacións electrónicas. No suposto de que o procedemento se inicie por instancia dunha Administración distinta da do Estado, aquela terá a consideración de interesada e poderá emitir informe con carácter previo á resolución final.

7. A regulación contida nesta lei enténdese sen prexuízo do previsto na normativa específica sobre telecomunicacións relacionadas coa seguranza pública e a defensa nacional.

TÍTULO II

Explotación de redes e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de libre competencia

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 5. Principios aplicables.

1. A explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas realizarase en réxime de libre competencia sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. A adquisición dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, de ocupación do dominio público ou da propiedade privada e dos recursos de numeración, enderezamento e denominación necesarios para a explotación de redes e para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas deberase realizar conforme o disposto nesta lei e, no non previsto nela, pola súa normativa específica.

3. As medidas que se adopten con relación ao acceso ou ao uso por parte dos usuarios finais dos servizos e das aplicacións a través de redes de comunicacións electrónicas respectarán os dereitos e as liberdades fundamentais, como queda garantido no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, nos principios xerais do dereito comunitario e na Constitución española.

Calquera desas medidas relativas ao acceso ou ao uso por parte dos usuarios finais dos servizos e das aplicacións a través de redes de comunicacións electrónicas, que sexa susceptible de restrinxir eses dereitos e liberdades fundamentais só se poderá impor se é adecuada, proporcionada e necesaria nunha sociedade democrática, e a súa aplicación estará suxeita ás salvagardas de procedemento apropiadas de conformidade coas normas mencionadas no parágrafo anterior. Por tanto, esas medidas só poderán ser adoptadas respectando debidamente o principio de presunción de inocencia e o dereito á vida privada, a través dun procedemento previo, xusto e imparcial, que incluíra o dereito dos interesados a ser oídos, sen prexuízo de que concorran as condicións e os acordos procesuais adecuados nos casos de urxencia debidamente xustificadas, de conformidade co Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais. Así mesmo, garantírase o dereito á tutela xudicial efectiva e en tempo oportuno.

Artigo 6. Requisitos exigibles para a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

1. Poderán explotar redes e prestar servizos de comunicacións electrónicas a terceiros as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou doutra nacionalidade cando, no segundo caso, así estea previsto nos acordos internacionais que vinculen o Reino de España. Para o resto de persoas físicas ou xurídicas, o Goberno poderá autorizar excepcións de carácter xeral ou particular á regra anterior.

2. Os interesados na explotación dunha determinada rede ou na prestación dun determinado servizo de comunicacións electrónicas deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, comunicalo previamente ao Rexistro de operadores nos termos que se determinen mediante real decreto, e someterse ás condicións previstas para o exercicio da actividade que pretendan realizar.

Sen prexuízo do disposto para os operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas no artigo 7, quedan exentos desta obriga aqueles que exploten redes e presten servizos de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación.

Artigo 7. Rexistro de operadores.

1. Créase, dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Rexistro de operadores. Este rexistro será de carácter público e a súa regulación farase por real decreto. Garantírase que o acceso a ese rexistro se poida efectuar por medios electrónicos. Nel deberán inscribirse os datos relativos ás persoas físicas ou xurídicas que notificasen a súa intención de explotar redes ou prestar servizos de comunicacións electrónicas, as condicións para desenvolver a actividade e as súas modificacións.

2. Cando o Rexistro de operadores constate que a notificación a que se refire o número 2 do artigo anterior non reúne os requisitos establecidos, ditará resolución motivada nun prazo máximo de 15 días hábiles, e non a considerará realizada.

3. As administracións públicas deberán comunicar ao Rexistro de operadores todo proxecto de instalación ou explotación de redes de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación que faga uso do dominio público, tanto se esa instalación ou explotación se vai realizar de maneira directa ou a través de calquera entidade ou sociedade. Mediante real decreto poderanse especificar aqueles supostos en que, en atención ás características, a dimensión da rede proxectada ou a natureza dos servizos que se van prestar, non resulte necesario efectuar esa comunicación.

4. Quen resulte seleccionado para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas harmonizados en procedementos de licitación convocados polas institucións da Unión Europea será inscrito de oficio no Rexistro de operadores.

5. Non será preciso o consentimento do interesado para o tratamento dos datos de carácter persoal que deba conter o rexistro nin para a comunicación de tales datos que derive da súa publicidade.

Artigo 8. Condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.

1. A explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas ateranse ás condicións previstas nesta lei e á súa normativa de desenvolvemento, entre as cales se incluírán as de salvagarda dos dereitos dos usuarios finais.

2. Conforme os principios de obxectividade e de proporcionalidade, o Goberno poderá modificar as condicións impostas logo de audiencia dos interesados, do Consello de Consumidores e Usuarios e, de ser o caso, das asociacións máis representativas dos restantes usuarios, e informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. A modificación realizarase mediante real decreto, en que deberá constar a xustificación en que se sustenta e establecerá un prazo para que os operadores se adapten a aquela.

3. As entidades públicas ou privadas que, de acordo coa lexislación vixente, teñan dereitos especiais ou exclusivos para a prestación de servizos noutro sector económico e que exploten redes públicas ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público deberán levar contas separadas e auditadas para as súas actividades de comunicacións electrónicas, ou establecer unha separación estrutural para as actividades asociadas coa explotación de redes ou coa prestación de servizos de comunicacións electrónicas. Mediante real decreto poderase establecer a exención desta obriga para as entidades cuxos ingresos brutos de explotación anuais por actividades asociadas coas redes ou servizos de comunicacións electrónicas sexa inferior a 50 millóns de euros.

Artigo 9. Instalación e explotación de redes públicas e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros polas administracións públicas.

1. A instalación e explotación de redes públicas ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros por operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas rexeráse de maneira específica polo disposto no presente artigo.

2. A instalación e explotación de redes públicas ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros por operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas realizarase dando cumprimento ao principio de investidor privado, coa debida separación de contas, conforme os principios de neutralidade, transparencia, non distorsión da competencia e non discriminación, e cumprindo coa normativa sobre axudas de Estado a que se refiren os artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Mediante real decreto, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, determinaranse as condicións en que os operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas deberán levar a cabo a instalación e explotación de redes públicas ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros e, en especial, os criterios, as condicións e os requisitos para que eses operadores actúen con suxeición ao principio de investidor privado. En particular, nese real decreto estableceranse os supostos en que, como excepción á exigencia de actuación con suxeición ao principio de investidor privado, os operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas poderán instalar e explotar redes públicas e prestar servizos de comunicacións electrónicas en

réxime de prestación a terceiros que non distorsionen a competencia ou cando se confirme fallo do mercado e non exista interese de concorrencia no despregamento do sector privado por ausencia ou insuficiencia de investimento privado, axustándose o investimento público ao principio de necesidade, coa finalidade de garantir a necesaria cohesión territorial e social.

3. Unha Administración pública só poderá instalar e explotar redes públicas de comunicacións electrónicas ou prestar servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros a través de entidades ou sociedades que teñan entre o seu obxecto social ou finalidade a instalación e explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

A instalación ou explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros polos órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal realizarase nas condicións establecidas no artigo 38 da presente lei.

4. A instalación e explotación de redes públicas ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros por operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas deberanse levar a cabo nas condicións establecidas no artigo 8 e, en particular, nas seguintes condicións:

a) Os operadores teñen recoñecido directamente o dereito a acceder en condicións neutrais, obxectivas, transparentes, equitativas e non discriminatorias ás infraestruturas e aos recursos asociados utilizados polos operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas para a instalación e explotación de redes de comunicacións electrónicas.

b) Os operadores teñen recoñecido directamente o dereito de uso compartido das infraestruturas de rede de comunicacións electrónicas e dos seus recursos asociados instaladas polos operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas en condicións neutrais, obxectivas, transparentes, equitativas e non discriminatorias.

c) Se as administracións públicas reguladoras ou titulares do dominio público teñen a propiedade, total ou parcial, ou exercen o control directo ou indirecto de operadores que explotan redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, deberán manter unha separación estrutural entre tales operadores e os órganos encargados da regulación e xestión dos dereitos de utilización do dominio público correspondente.

Artigo 10. *Obrigas de subministración de información.*

1. As autoridades nacionais de regulamentación de telecomunicacións poderán, no ámbito da súa actuación, requirir ás persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas, así como aqueles outros axentes que interveñan neste mercado, a información necesaria para o cumprimento dalgunha das seguintes finalidades:

a) Satisfacer necesidades estatísticas ou de análise e para a elaboración de informes de seguimento sectoriais.

b) Comprobar o cumprimento das condicións establecidas para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas, en particular, cando a explotación das redes leve consigo emisións radioeléctricas.

c) Comprobar que a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas por parte de operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas cumpren as condicións establecidas por esta lei e polas súas normas de desenvolvemento.

d) Avaliar a procedencia das solicitudes de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico e da numeración.

- e) Comprobar o uso efectivo e eficiente de frecuencias e números e o cumprimento das obrigas que resulten dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, da numeración, do enderezamento e denominación, da ocupación do dominio público ou da propiedade privada.
- f) Elaborar análises que permitan a definición dos mercados de referencia, o establecemento de condicións específicas aos operadores con poder significativo de mercado naqueles e coñecer o modo en que a futura evolución das redes ou os servizos pode repercutir nos servizos grosistas que as empresas poñen á disposición dos seus competidores. Así mesmo, poderáselles exixir ás empresas cun poder significativo nos mercados grosistas que presenten datos contables sobre os mercados retalistas asociados cos ditos mercados grosistas.
- g) Comprobar o cumprimento das obrigas específicas impostas no marco da regulación *ex ante* e o cumprimento das resolucións ditadas para resolver conflitos entre operadores.
- h) Comprobar o cumprimento das obrigas de servizo público e obrigas de carácter público, así como determinar os operadores encargados de prestar o servizo universal.
- i) Comprobar o cumprimento das obrigas que resulten necesarias para garantir un acceso equivalente para os usuarios finais con discapacidade e que estes se beneficien da posibilidade de elección de empresas e servizos dispoñibles para a maioría dos usuarios finais.
- j) A posta á disposición dos cidadáns de información ou aplicacións interactivas que posibiliten realizar comparativas sobre prezos, cobertura e calidade dos servizos, en interese dos usuarios.
- k) A adopción de medidas destinadas a facilitar a colocalización ou o uso compartido de elementos de redes públicas de comunicacións electrónicas e recursos asociados.
- l) Avaliar a integridade e a seguranza das redes e servizos de comunicacións electrónicas.
- m) Cumprir os requirimentos que veñan impostos no ordenamento xurídico.
- n) Comprobar o cumprimento do resto de obrigas nacidas desta lei.
- o) Planificar de maneira eficiente o uso de fondos públicos destinados, de ser o caso, ao despregamento de infraestruturas de telecomunicacións.

Esta información, excepto aquela a que se refiren as alíneas d) e o), non se poderá exixir antes do inicio da actividade e subministrarse no prazo e na forma que se estableza en cada requirimento, atendidas as circunstancias do caso. As autoridades nacionais de regulamentación garantirán a confidencialidade da información subministrada que poida afectar a seguranza e integridade das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas ou o segredo comercial ou industrial.

2. As administracións públicas poderán solicitar a información que sexa necesaria no exercicio das súas competencias.

As administracións públicas, antes de solicitaren información en materia de telecomunicacións ás persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas para o exercicio das súas funcións, deberán requirir esa información ás autoridades nacionais de regulamentación. Unicamente no caso de que as autoridades nacionais de regulamentación non dispoñan da información solicitada ou esta non poida ser proporcionada por ser confidencial por razóns de seguranza ou de segredo comercial ou industrial, os órganos competentes das administracións públicas poderán solicitar esa información en materia de telecomunicacións das persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas.

3. As solicitudes de información que se realicen de conformidade cos números anteriores deberán ser motivadas e proporcionadas ao fin perseguido.

Artigo 11. *Normas técnicas.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo fomentará o uso das normas ou especificacións técnicas identificadas na relación que a Comisión Europea elabore como

base para fomentar a harmonización da subministración de redes de comunicacións electrónicas, servizos de comunicacións electrónicas e recursos e servizos asociados, especialmente nos ámbitos de acceso e interconexión.

En particular, garantirá a utilización das normas ou especificacións técnicas cuxa aplicación declare obrigatoria a Comisión Europea, de conformidade co establecido na normativa da Unión Europea, na medida necesaria para garantir a interoperabilidade dos servizos e para potenciar a liberdade de elección dos usuarios.

En ausencia de tales normas ou especificacións, promoverá a aplicación das normas ou recomendacións internacionais aprobadas pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), pola Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT), pola Comisión Internacional de Normalización (ISO) e pola Comisión Electrotécnica Internacional (CEI).

Mediante real decreto poderanse determinar as formas de elaboración e, de ser o caso, de adopción das especificacións técnicas aplicables a redes e servizos de comunicacións electrónicas, en particular, para efectos de garantir o cumprimento de requisitos en materia de despregamento de redes, obrigas de servizo público, interoperabilidade, integridade e seguranza de redes e servizos.

Mediante real decreto establecerase o procedemento de comunicación das citadas especificacións á Comisión Europea de conformidade coa normativa da Unión Europea.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia tamén fomentará e garantirá o uso das normas ou especificacións técnicas nos termos sinalados no número anterior no exercicio das súas funcións da regulación *ex ante* e de resolución de conflitos entre operadores.

CAPÍTULO II

Acceso ás redes e recursos asociados e interconexión

Artigo 12. *Principios xerais aplicables ao acceso ás redes e recursos asociados e á súa interconexión.*

1. Este capítulo e o seu desenvolvemento regulamentario serán aplicables á interconexión e aos accesos a redes públicas de comunicacións electrónicas e aos seus recursos asociados, salvo que o beneficiario do acceso sexa un usuario final, de acordo coa definición que se dá aos conceptos de acceso e interconexión no anexo II da presente lei.

2. Os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas terán o dereito e, cando o soliciten outros operadores de redes de comunicacións electrónicas, a obriga de negociar a interconexión mutua co fin de prestar servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, co obxecto de garantir así a prestación de servizos e a súa interoperabilidade.

3. Non existirán restricións que impidan que os operadores negocien entre si acordos de acceso e interconexión.

4. A persoa física ou xurídica habilitada para explotar redes ou prestar servizos noutro Estado membro da Unión Europea que solicite acceso ou interconexión en España non necesitará levar a cabo a notificación a que se refire o artigo 6 da lei cando non explote redes nin preste servizos de comunicacións electrónicas no territorio nacional.

5. Sen prexuízo das medidas que se poidan adoptar en relación coas empresas que teñan un poder significativo no mercado de acordo co previsto no artigo 14 desta lei, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá intervir nas relacións entre operadores ou entre operadores e outras entidades que se beneficien das obrigas de acceso e interconexión, por petición de calquera das partes implicadas, ou de oficio cando estea xustificado, con obxecto de fomentar e, de ser o caso, garantir a adecuación do acceso, a interconexión e a interoperabilidade dos servizos, así como a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3. A decisión da Comisión Nacional dos Mercados e da

Competencia será vinculante e adoptarase no prazo indicado na Lei 3/2013, de creación da dita Comisión.

6. As obrigas e condicións que se impoñan de conformidade con este capítulo serán obxectivas, transparentes, proporcionadas e non discriminatorias.

7. Os operadores que obteñan información doutros, con anterioridade, durante ou con posterioridade ao proceso de negociación de acordos de acceso ou interconexión, destinarán esa información exclusivamente aos fins para os cales lles foi facilitada e respectarán en todo momento a confidencialidade da información transmitida ou almacenada, en especial respecto de terceiros, incluídos outros departamentos da propia empresa, filiais ou asociados.

CAPÍTULO III

Regulación ex ante dos mercados e resolución de conflitos

Artigo 13. *Mercados de referencia e operadores con poder significativo no mercado.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, tendo en conta a Recomendación da Comisión Europea sobre mercados relevantes, as directrices da Comisión Europea para a análise de mercados e determinación de operadores con poder significativo no mercado e os ditames e as posicións comúns pertinentes adoptados polo Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas (ORECE), definirá, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade e mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», os mercados de referencia relativos a redes e servizos de comunicacións electrónicas, entre os cales se incluírán os correspondentes mercados de referencia por xunto e polo miúdo e o seu ámbito xeográfico, cuxas características poden xustificar a imposición de obrigas específicas.

En todo caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en aplicación da normativa en materia de competencia, en especial, da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e da Lei 3/2013, de creación da Comisión, deberá supervisar o funcionamento dos distintos mercados de comunicacións electrónicas, así como a actividade dos operadores, teñan ou non poder significativo no mercado, para preservar, garantir e promover condicións de competencia efectiva neles.

2. Así mesmo, tendo en conta as referencias citadas no parágrafo anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo unha análise dos citados mercados:

a) Nun prazo máximo de tres anos contado desde a adopción dunha medida anterior relativa a ese mercado. Non obstante, e de modo excepcional, este prazo poderase ampliar a un máximo de tres anos suplementarios cando as autoridades nacionais de regulamentación notificasen unha proposta de ampliación razoada á Comisión Europea e esta non fixese ningunha obxección no prazo dun mes respecto da ampliación notificada.

b) No prazo máximo de dous anos desde a adopción dunha recomendación sobre mercados relevantes revisada, para os mercados non notificados previamente á Comisión Europea.

Se a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non conclúese a súa análise dun mercado relevante que figura na Recomendación de Mercados Relevantes dentro dos prazos establecidos, o ORECE prestaralle asistencia, por petición da propia Comisión, para a conclusión da análise do mercado concreto e a determinación das obrigas específicas que se deban impor. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, contando con esta colaboración, notificará o proxecto de medida á Comisión Europea nun prazo de seis meses.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en virtude do disposto no artigo 5.2 da Lei 3/2013, poderá solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para que realice a análise dun mercado determinado de comunicacións electrónicas cando concorran razóns de interese xeral, ou se aprecien indicios de falta de competencia efectiva.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos plans anuais ou plurianuais de actuación que aprobe e nos cales deben constar os seus obxectivos e prioridades segundo o disposto no artigo 20.16 da Lei 3/2013, deberá identificar os mercados relevantes que vaia analizar e as actuacións necesarias para a adecuada realización desa análise dentro dos prazos previstos neste punto.

O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no marco do control parlamentario anual a que se refire o artigo 39.1 da Lei 3/2013, deberá dar conta do resultado das análises dos mercados e do cumprimento dos prazos establecidos neste número.

3. A análise a que se refire o número anterior terá como finalidade determinar se os distintos mercados de referencia se desenvolven nun contorno de competencia efectiva. En caso contrario, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade, identificará e fará públicos o operador ou operadores que posúen un poder significativo en cada mercado considerado.

Cando un operador ou operadores teñan, individual ou conxuntamente, poder significativo nun mercado de referencia (mercado primario), a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá declarar que o teñen tamén noutro mercado de referencia estreitamente relacionado co anterior (mercado secundario) cando os vínculos entre ambos sexan tales que resulte posible exercer no mercado secundario o peso que se ten no mercado primario, reforzando desta maneira o poder no mercado do operador. Neste suposto, poderanse impor obrigas específicas adecuadas no mercado secundario, en virtude do número seguinte.

4. Naqueles mercados en que se constate a inexistencia dun contorno de competencia efectiva, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade, imporá as obrigas específicas apropiadas que sexan exixibles aos operadores que fosen identificados como operadores con poder significativo en tales mercados. Para estes efectos, poderá manter ou modificar obrigas específicas que tivesen impostas. Na determinación desas obrigas específicas outorgarase preferencia ás medidas en mercados por xunto fronte ás actuacións nos mercados retallistas correspondentes.

As obrigas específicas a que se refiren os parágrafos anteriores basearanse na natureza do problema identificado, serán proporcionadas e estarán xustificadas no cumprimento dos obxectivos do artigo 3 desta lei. Estas obrigas manteranse en vigor durante o tempo estritamente imprescindible.

5. Nos mercados en que se constate a existencia de competencia efectiva, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia suprimirá as obrigas específicas que, de ser o caso, tivesen impostas os operadores por teren sido declarados con poder significativo en tales mercados.

Artigo 14. *Obrigas específicas aplicables aos operadores con poder significativo en mercados de referencia.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na forma e nas condicións que se determinen en desenvolvemento do número 5 deste artigo, poderá impor aos operadores que, de conformidade con ese artigo, fosen declarados con poder significativo no mercado obrigas específicas en materia de:

a) Transparencia, en relación coa interconexión e co acceso, conforme as cales os operadores deberán facer público determinado tipo de información, como a relativa á

contabilidade, especificacións técnicas, características das redes, condicións de subministración e utilización, incluídas, de ser o caso, as condicións que poidan limitar o acceso ou a utilización de servizos ou aplicacións, así como os prezos. En particular, cando de conformidade coa letra b) se impoñan a un operador obrigas de non discriminación, poderáselle exixir que publique unha oferta de referencia.

Así mesmo, garantirase que os operadores aos cales de conformidade coa letra d) se impoñan obrigas en relación co acceso ao por maior á infraestrutura da rede dispoñan dunha oferta de referencia. Mediante real decreto establecerase o contido mínimo de elementos que debe considerar a dita oferta.

b) Non discriminación, que garantirán, en particular, que o operador aplique condicións equivalentes en circunstancias semellantes a outros operadores que presten servizos equivalentes e proporcione a terceiros servizos e información da mesma calidade que os que proporcione para os seus propios servizos ou os das súas filiais ou asociados e nas mesmas condicións.

c) Separación de contas, no formato e coa metodoloxía que, de ser o caso, se especifiquen.

d) Acceso a elementos ou a recursos específicos das redes e á súa utilización, así como a recursos e a servizos asociados tales como servizos de identidade, localización e presenza.

e) Control de prezos, tales como a fixación de prezos, a orientación dos prezos en función dos custos e o establecemento dunha contabilidade de custos, con obxecto de garantir a formación de prezos competitivos e evitar prezos excesivos e marxes non competitivas en detrimento dos usuarios finais. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia velará para que estes mecanismos de control de prezos que se impoñan sirvan para fomentar a competencia efectiva e os beneficios para os consumidores e usuarios en termos de prezos e calidade dos servizos. Para favorecer o investimento por parte do operador, en particular en redes de próxima xeración, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá en conta o investimento efectuado e permitirá unha taxa razoable de rendemento en relación co capital correspondente investido, tendo en conta todos os riscos específicos dun novo proxecto de investimento concreto.

2. En circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de sometemento ao mecanismo de consulta previsto na disposición adicional oitava, poderá impor obrigas específicas relativas ao acceso ou á interconexión que non se limiten ás materias enumeradas no número anterior.

3. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estude a conveniencia de impor as obrigas específicas de acceso previstas na letra d) do número 1 deste artigo, deberá considerar, en particular, os seguintes elementos:

a) A viabilidade técnica e económica de utilizar ou instalar recursos que compitan entre si, á vista do ritmo de desenvolvemento do mercado, tendo en conta a natureza e o tipo de interconexión ou acceso de que se trate, incluída a viabilidade doutros produtos de acceso previo, como o acceso a condutos,

b) A posibilidade de proporcionar o acceso proposto, en relación coa capacidade dispoñible,

c) O investimento inicial do propietario dos recursos, sen esquecer os investimentos públicos realizados nin os riscos inherentes aos investimentos,

d) A necesidade de salvagardar a competencia a longo prazo, prestando especial atención á competencia economicamente eficiente baseada nas infraestruturas,

e) Cando proceda, os dereitos pertinentes en materia de propiedade intelectual, e

f) A subministración de servizos paneuropeos.

4. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia impoña obrigas específicas a un operador de redes públicas de comunicacións electrónicas para que facilite acceso poderá establecer determinadas condicións técnicas ou operativas ao

citado operador ou aos beneficiarios dese acceso sempre que isto sexa necesario para garantir o funcionamento normal da rede, conforme se estableza mediante real decreto. As obrigas de aterse a normas ou especificacións técnicas concretas estarán de acordo coas normas a que se refire o artigo 11.

5. Mediante real decreto, o Goberno identificará as obrigas específicas que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá impor nos mercados de referencia considerados neste artigo e determinará as condicións para a súa imposición, modificación ou supresión.

Artigo 15. *Resolución de conflitos.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá os conflitos que se susciten en relación coas obrigas existentes en virtude da presente lei e da súa normativa de desenvolvemento entre operadores ou entre operadores e outras entidades que se beneficien das obrigas de acceso e interconexión, de acordo coa definición que se dá aos conceptos de acceso e interconexión no anexo II da presente lei.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de audiencia das partes, ditará resolución vinculante sobre os aspectos obxecto do conflito, no prazo indicado na lei de creación desta Comisión, sen prexuízo de que se poidan adoptar medidas provisionais ata o momento en que se dite a resolución definitiva.

2. En caso de se producir un conflito transfronteirizo en que unha das partes estea radicada noutro Estado membro da Unión Europea, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en caso de que calquera das partes así o solicite, coordinará, nos termos que se establezan mediante real decreto, os seus esforzos para encontrar unha solución ao conflito coa outra ou outras autoridades nacionais de regulamentación afectadas.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar que o ORECE adopte un ditame sobre as medidas que se deben tomar para resolver o litixio.

Cando se transmitise ao ORECE tal solicitude, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá esperar o ditame do ORECE antes de tomar medidas para resolver o litixio. Isto non constituirá un obstáculo para que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia adopte medidas urxentes en caso necesario.

Calquera obriga imposta a unha empresa pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na resolución dun litixio deberá ter en conta na maior medida posible o ditame adoptado polo ORECE.

CAPÍTULO IV

Separación funcional

Artigo 16. *Separación funcional obrigatoria.*

1. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia chegue á conclusión de que as obrigas específicas impostas, en virtude do disposto no artigo 14, non foron abondo para conseguir unha competencia efectiva e que segue habendo problemas de competencia importantes e persistentes ou fallos do mercado en relación con mercados por xunto de produtos de acceso, poderá decidir a imposición, como medida excepcional, aos operadores con poder significativo no mercado integrados verticalmente, da obriga de traspasar as actividades relacionadas coa subministración por xunto de produtos de acceso a unha unidade empresarial que actúe independentemente.

Esa unidade empresarial subministrará produtos e servizos de acceso a todas as empresas, incluídas outras unidades empresariais da sociedade matriz, nos mesmos prazos, termos e condicións, en particular, no que se refire a niveis de prezos e de servizo, e mediante os mesmos sistemas e procesos.

A imposición da obriga de separación funcional prevista no presente artigo entenderase sen prexuízo das medidas estruturais que se poidan adoptar en aplicación da normativa en materia de competencia.

2. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia se propoña impor unha obriga de separación funcional, elaborará unha proposta que inclúa:

- a) Motivos que xustifiquen as conclusións ás cales chegou,
- b) Razóns polas que hai poucas posibilidades, ou ningunha, de competencia baseada na infraestrutura nun prazo razoable,
- c) Unha análise do impacto previsto sobre a autoridade reguladora, sobre a empresa, particularmente no que se refire aos traballadores da empresa separada e ao sector das comunicacións electrónicas no seu conxunto, sobre os incentivos para investir no sector no seu conxunto, en especial, polo que respecta á necesidade de garantir a cohesión social e territorial, así como sobre outras partes interesadas, incluído, en particular, o impacto previsto sobre a competencia en infraestruturas e calquera efecto negativo potencial sobre os consumidores, e
- d) Unha análise das razóns que xustifiquen que esta obriga é o medio máis adecuado para aplicar solucións aos problemas de competencia ou fallos do mercado que se identificasen.

3. O proxecto de medida incluírá os elementos seguintes:

- a) A natureza e o grao precisos da separación, especificando, en particular, o estatuto xurídico da entidade empresarial separada,
- b) Unha indicación dos activos da entidade empresarial separada e dos produtos ou servizos que debe subministrar esta entidade,
- c) Os mecanismos de gobernanza para garantir a independencia do persoal empregado pola entidade empresarial separada e a estrutura de incentivos correspondente,
- d) As normas para garantir o cumprimento das obrigas,
- e) As normas para garantir a transparencia dos procedementos operativos, en particular de cara a outras partes interesadas, e
- f) Un programa de seguimento para garantir o cumprimento, incluída a publicación dun informe anual.

4. A proposta de imposición da obriga de separación funcional, unha vez que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Economía e Competitividade, como autoridades nacionais de regulamentación identificadas no número 1 do artigo 68, emitisen informe sobre ela, presentarase á Comisión Europea.

5. Tras a decisión da Comisión Europea, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 13, unha análise coordinada dos distintos mercados relacionados coa rede de acceso. Sobre a base da súa avaliación, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia imporá, manterá, modificará ou suprimirá as obrigas específicas correspondentes.

Artigo 17. *Separación funcional voluntaria.*

1. No suposto de que unha empresa designada como posuidora de poder significativo nun ou varios mercados pertinentes se propoña transferir os seus activos de rede de acceso local, ou unha parte substancial deles, a unha persoa xurídica separada de distinta propiedade, ou establecer unha entidade empresarial separada para subministrar a todos os provedores retalistas, incluídas as súas propias divisións retalistas, produtos de acceso completamente equivalentes, deberá informar con anterioridade o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Economía e Competitividade e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. As empresas

informarán tamén o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Economía e Competitividade e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de calquera cambio de tal propósito, así como do resultado final do proceso de separación.

2. No caso de que se realice a separación funcional voluntaria, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia avaliará o efecto da transacción prevista sobre as obrigas regulamentarias impostas a esa entidade, e levará a cabo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 14, unha análise coordinada dos distintos mercados relacionados coa rede de acceso. Sobre a base da súa avaliación, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia impondrá, manterá, modificará ou suprimirá as obrigas específicas correspondentes.

Artigo 18. Obrigas específicas adicionais á separación funcional.

As empresas ás cales se impuxese ou que decidisen a separación funcional poderán estar suxeitas a calquera das obrigas específicas enumeradas no artigo 14 en calquera mercado de referencia en que fosen designadas como posuidoras de poder significativo no mercado.

CAPÍTULO V

Numeración, enderezamento e denominación

Artigo 19. Principios xerais.

1. Para os servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público proporcionaranse os números, enderezos e nomes que se necesiten para permitir a súa efectiva prestación, e esta circunstancia tomarase en consideración nos plans nacionais correspondentes e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a regulación dos nomes de dominio da internet baixo o indicativo do país correspondente a España («.es») rexerá pola súa normativa específica.

3. Corresponde ao Goberno a aprobación por real decreto dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación, tendo en conta as decisións aplicables que se adopten no seo das organizacións e dos foros internacionais.

4. Corresponde ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a elaboración das propostas de plans nacionais para a súa elevación ao Goberno, e o desenvolvemento normativo destes plans, que poderán establecer condicións asociadas á utilización dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación, en particular, a designación do servizo para o cal se utilizarán estes recursos, incluíndo calquera requisito relacionado coa subministración de tal servizo.

5. Corresponde ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o outorgamento dos dereitos de uso dos recursos públicos regulados nos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación.

Os procedementos para o outorgamento destes dereitos serán abertos, obxectivos, non discriminatorios, proporcionados e transparentes. Estes procedementos estableceranse mediante real decreto.

As decisións relativas aos outorgamentos de dereitos de uso adoptaranse, comunicaranse e faranse públicas no prazo máximo de tres semanas desde a recepción da solicitude completa, salvo cando se apliquen procedementos de selección comparativa ou competitiva, caso en que o prazo máximo será de seis semanas desde a fin do prazo de recepción de ofertas. Transcorrido o prazo máximo sen se ter notificado a resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude por silencio administrativo. Así mesmo, tamén se farán públicas as decisións que se adopten relativas á cancelación de dereitos de uso.

6. Os operadores que presten servizos telefónicos dispoñibles ao público ou outros servizos que permitan efectuar e recibir chamadas a números do plan nacional de numeración telefónica deberán cursar as chamadas que se efectúen aos rangos de numeración telefónica nacional e, cando permitan chamadas internacionais, ao espazo europeo de numeración telefónica e a outros rangos de numeración internacional, nos termos que se especifiquen nos plans nacionais de numeración ou nas súas disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo do dereito do usuario de desconexión de determinados servizos.

Os operadores que presten servizos telefónicos dispoñibles ao público ou outros servizos que permitan as chamadas internacionais adoptarán as medidas oportunas para que sexan cursadas cantas chamadas se efectúen procedentes de e con destino ao espazo europeo de numeración telefónica, a tarifas similares ás que se aplican ás chamadas con orixe ou destino noutros países comunitarios.

7. O outorgamento de dereitos de uso dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación regulados nos plans nacionais non suporá o outorgamento de máis dereitos que os da súa utilización, conforme o que se establece nesta lei.

8. Os operadores aos cales se lles outorgase o dereito de uso dunha serie de números non poderán discriminar outros operadores no que se refire ás secuencias de números utilizadas para dar acceso aos servizos destes.

9. Todos os operadores e, de ser o caso, os fabricantes e os comerciantes estarán obrigados a tomar as medidas necesarias para o cumprimento das decisións que adopte o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia de numeración, enderezamento e denominación.

10. Os usuarios finais terán, nos termos que determine a normativa de desenvolvemento da lei, acceso aos recursos públicos regulados nos plans nacionais. Esta normativa poderá prever, cando estea xustificado, o outorgamento de dereitos de uso de números, nomes ou enderezos aos usuarios finais para determinados rangos que para tal efecto se definan nos plans nacionais ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

11. Os operadores que exploten redes públicas de comunicacións ou presten servizos telefónicos dispoñibles ao público, sempre que sexa técnica e economicamente posible, adoptarán as medidas que sexan necesarias para que os usuarios finais poidan ter acceso aos servizos utilizando números non xeográficos na Unión Europea, e que poidan ter acceso, con independencia da tecnoloxía e dos dispositivos utilizados polo operador, a todos os números proporcionados na Unión Europea, incluídos os dos plans nacionais de numeración dos Estados membros, os do espazo europeo de numeración telefónica e os números universais internacionais de chamada gratuíta.

12. O Goberno apoiará a harmonización de determinados números ou series de números concretos dentro da Unión Europea cando isto promova ao mesmo tempo o funcionamento do mercado interior e o desenvolvemento de servizos paneuropeos.

Artigo 20. *Plans nacionais.*

1. Os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento designarán os servizos para os cales se poidan utilizar os números e, de ser o caso, enderezos e nomes correspondentes, incluído calquera requisito relacionado coa prestación de tales servizos e as condicións asociadas ao seu uso, que serán proporcionadas e non discriminatorias. Así mesmo, os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento poderán incluír os principios de fixación de prezos e os prezos máximos que se poidan aplicar para os efectos de garantir a protección dos consumidores.

2. O contido dos citados plans e o dos actos derivados do seu desenvolvemento e xestión serán públicos, salvo no relativo a materias que poidan afectar a seguranza nacional.

3. Co fin de cumprir coas obrigas e recomendacións internacionais ou para garantir a dispoñibilidade suficiente de números, enderezos e nomes, o ministro de Industria,

Enerxía e Turismo poderá, mediante orde que se publicará coa debida antelación á súa entrada en vigor, e logo de informe preceptivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, modificar a estrutura e a organización dos plans nacionais ou, en ausencia destes ou de plans específicos para cada servizo, establecer medidas sobre a utilización dos recursos numéricos e alfanuméricos necesarios para a prestación dos servizos. Deberanse ter en conta, para tales efectos, os intereses dos afectados e os gastos de adaptación que de todo isto deriven para os operadores e para os usuarios.

4. Os plans nacionais ou as súas disposicións de desenvolvemento poderán establecer procedementos de selección competitiva ou comparativa para o outorgamento de dereitos de uso de números e nomes con valor económico excepcional ou que sexan particularmente apropiados para a prestación de determinados servizos de interese xeral. Estes procedementos respectarán os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación para todas as partes interesadas.

Artigo 21. *Conservación dos números telefónicos polos abonados.*

1. Os operadores garantirán, de conformidade co establecido no artigo 47, que os abonados con números do plan nacional de numeración telefónica poidan conservar, logo de solicitude, os números que lles fosen asignados, con independencia do operador que preste o servizo. Mediante real decreto fixaranse os supostos a que sexa de aplicación a conservación de números, así como os aspectos técnicos e administrativos necesarios para que esta se leve a cabo. En aplicación deste real decreto e da súa normativa de desenvolvemento, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá fixar, mediante circular, características e condicións para a conservación dos números.

2. Os custos derivados da actualización dos elementos da rede e dos sistemas necesarios para facer posible a conservación dos números deberán ser sufragados por cada operador sen que por iso teñan dereito a percibir ningunha indemnización. Os demais custos que produza a conservación dos números telefónicos repartiranse, a través do oportuno acordo, entre os operadores afectados polo cambio. Na falta de acordo, resolverá a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Os prezos de interconexión para a aplicación das facilidades de conservación dos números deberán estar orientados en función dos custos e, en caso de se imporen cotas directas aos abonados, non deberán ter, en ningún caso, efectos disuasorios para o uso desas facilidades.

Artigo 22. *Números harmonizados para os servizos harmonizados europeos de valor social.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo promoverá o coñecemento pola poboación dos números harmonizados europeos que comezan polas cifras 116 e fomentará a prestación en España dos servizos de valor social para os cales están reservados tales números, poñéndoo á disposición dos interesados na súa prestación.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo adoptará as iniciativas pertinentes para que os usuarios finais con discapacidade poidan ter o mellor acceso posible aos servizos prestados a través dos números harmonizados europeos que comezan polas cifras 116. Na atribución de tales números, o ministerio establecerá as condicións que faciliten o acceso aos servizos que se presten a través deles polos usuarios finais con discapacidade.

Entre as referidas condicións poderanse incluír, en función do servizo en concreto de valor social que se trate, a de posibilitar a comunicación total a través de voz, texto e vídeo para que as persoas con discapacidade sensorial non queden excluídas.

3. As administracións públicas competentes na regulación ou supervisión de cada un dos servizos que se presten a través dos números harmonizados europeos que comezan polas cifras 116 velarán para que os cidadáns reciban unha información adecuada sobre a existencia e utilización destes servizos de valor social.

TÍTULO III

Obrigas de servizo público e dereitos e obrigas de carácter público na explotación de redes e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas

CAPÍTULO I

Obrigas de servizo público*Sección 1.^a Delimitación**Artigo 23. Delimitación das obrigas de servizo público.*

1. Este capítulo ten por obxecto garantir a existencia de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, de adecuada calidade en todo o territorio nacional a través dunha competencia e unha liberdade de elección reais, e facer fronte ás circunstancias en que as necesidades dos usuarios finais non se vexan atendidas de maneira satisfactoria polo mercado.

2. Os operadores suxeitaranse ao réxime de obrigas de servizo público e de carácter público, de acordo co establecido neste título. Cando se impoñan obrigas de servizo público, conforme o disposto neste capítulo, aplicarase con carácter supletorio o réxime establecido para a concesión de servizo público determinado polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

3. O cumprimento das obrigas de servizo público na explotación de redes públicas e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas para os que aquelas sexan exixibles efectuarase con respecto aos principios de igualdade, transparencia, non discriminación, continuidade, adaptabilidade, dispoñibilidade e permanencia e conforme os termos e as condicións que mediante real decreto se determinen.

4. Corresponde ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o control e o exercicio das facultades da Administración relativas ás obrigas de servizo público e de carácter público a que se refire este artigo.

5. Cando o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo constate que calquera dos servizos a que se refire este artigo se está prestando en competencia, en condicións de prezo, cobertura e calidade de servizo similares a aquelas en que os operadores designados as deben prestar, poderá, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e audiencia aos interesados, determinar a cesación da súa prestación como obriga de servizo público e, en consecuencia, do financiamento previsto para tales obrigas.

Artigo 24. Categorías de obrigas de servizo público.

Os operadores están sometidos ás seguintes categorías de obrigas de servizo público:

- a) O servizo universal nos termos contidos na sección 2.^a deste capítulo.
- b) Outras obrigas de servizo público impostas por razóns de interese xeral, na forma e coas condicións establecidas na sección 3.^a deste capítulo.

*Sección 2.^a O servizo universal**Artigo 25. Concepto e ámbito de aplicación.*

1. Enténdese por servizo universal o conxunto definido de servizos cuxa prestación se garante para todos os usuarios finais con independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.

Baixo o mencionado concepto de servizo universal deberase garantir, nos termos e nas condicións que mediante real decreto determine o Goberno, que:

a) Todos os usuarios finais poidan obter unha conexión á rede pública de comunicacións electrónicas desde un lugar fixo sempre que as súas solicitudes se consideren razoables, nos termos que mediante real decreto se determinen e que incluírán, entre outros factores, o custo da súa provisión. A conexión debe permitir realizar comunicacións de voz, fax e datos, a velocidade suficiente para acceder de forma funcional á internet. A conexión á rede pública de comunicacións con capacidade de acceso funcional á internet deberá permitir comunicacións de datos en banda larga a unha velocidade en sentido descendente de 1 Mbit por segundo. O Goberno poderá actualizar esta velocidade de acordo coa evolución social, económica e tecnolóxica e coas condicións de competencia no mercado, tendo en conta os servizos utilizados pola maioría dos usuarios.

b) Se satisfagan todas as solicitudes razoables de prestación dun servizo telefónico dispoñible ao público a través da conexión a que se refire o parágrafo anterior, de modo que se permita efectuar e recibir chamadas nacionais e internacionais.

c) Se poña á disposición dos abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público unha guía xeral de números de abonados, xa sexa impresa ou electrónica ou ambas, que se actualice, como mínimo, unha vez ao ano. Mediante real decreto determinaranse os colectivos de abonados que poden solicitar que se lles entregue a guía impresa. Así mesmo, que se poña á disposición de todos os usuarios finais dese servizo, incluídos os usuarios de teléfonos públicos de pagamento, polo menos un servizo de información xeral sobre números de abonados. Todos os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público terán dereito a figurar na mencionada guía xeral, sen prexuízo, en todo caso, do respecto ás normas que regulen a protección dos datos persoais e o dereito á intimidade.

d) Exista unha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento ou outros puntos de acceso público á telefonía vocal en todo o territorio nacional, que satisfaga razoablemente as necesidades dos usuarios finais no relativo á cobertura xeográfica, ao número de aparellos ou outros puntos de acceso, e á calidade dos servizos, garanta a accesibilidade destes teléfonos polos usuarios con discapacidade e permita efectuar gratuitamente chamadas de emerxencia desde os teléfonos públicos de pagamento sen ter que utilizar ningunha forma de pagamento utilizando o número único de chamadas de emerxencia 112 e outros números de emerxencia españois.

e) Os usuarios finais con discapacidade teñan acceso aos servizos incluídos nas alíneas b), c) e d) deste número, a un nivel equivalente a aquel que desfrutan outros usuarios finais.

f) Se ofrezan aos consumidores que sexan persoas físicas, de acordo con condicións transparentes, públicas e non discriminatorias, opcións ou paquetes de tarifas que difiran das aplicadas en condicións normais de explotación comercial con obxecto de garantir, en particular, que as persoas con necesidades sociais especiais poidan ter acceso á rede e aos servizos que compoñen o concepto de servizo universal. Co mesmo obxecto poderanse aplicar, cando proceda, limitacións de prezos, tarifas comúns, equiparación xeográfica ou outros réximes similares ás prestacións incluídas neste artigo.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo supervisará a evolución e o nivel da tarifación ao público dos conceptos que forman parte do servizo universal, ben sexan prestados polo operador designado, ben se encontren dispoñibles no mercado en caso de que non se designasen operadores en relación con estes servizos, en particular, en relación cos niveis nacionais de prezos ao consumo e de rendas.

2. Mediante real decreto poderanse adoptar medidas co fin de garantir que os usuarios finais con discapacidade tamén se poidan beneficiar da capacidade de elección de operadores de que desfruta a maioría dos usuarios finais. Así mesmo, poderanse establecer sistemas de axuda directa aos consumidores que sexan persoas físicas con rendas baixas ou con necesidades sociais especiais.

3. Todas as obrigas que se inclúen no servizo universal estarán suxeitas aos mecanismos de financiamento que se establecen no artigo 27.

4. O Goberno, de conformidade coa normativa comunitaria, poderá revisar o alcance das obrigas de servizo universal.

Artigo 26. Designación dos operadores encargados da prestación do servizo universal.

1. Cando a prestación de calquera dos elementos integrantes do servizo universal non quede garantida polo libre mercado, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo designará un ou máis operadores para que garantan a prestación eficiente de tales elementos do servizo universal, de maneira que quede cuberta a totalidade do territorio nacional. Para estes efectos poderanse designar operadores diferentes para a prestación de diversos elementos do servizo universal e abranguer distintas zonas do territorio nacional.

2. O sistema de designación de operadores encargados de garantir a prestación dos servizos, prestacións e ofertas do servizo universal establecerase mediante real decreto, con suxeición aos principios de eficiencia, obxectividade, transparencia e non discriminación sen excluír *a priori* a designación de ningunha empresa. En todo caso, incluír un mecanismo de licitación pública para tales servizos, prestacións e ofertas. Estes procedementos de designación garantirán que a prestación do servizo universal se faga de maneira rendible e poderanse utilizar como medio para determinar o custo neto derivado das obrigas asignadas, para os efectos do disposto no artigo 27.1.

3. Cando o operador designado para a prestación do servizo universal se propoña entregar unha parte ou a totalidade dos seus activos de rede de acceso local a unha persoa xurídica separada de distinta propiedade, informará coa debida antelación o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo co fin de avaliar as repercusións da operación prevista na subministración de acceso desde un lugar fixo e a prestación de servizos telefónicos, de conformidade co artigo 25. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, como consecuencia da avaliación realizada, poderá impor, modificar ou suprimir obrigas ao operador designado.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá establecer obxectivos de rendemento aplicables ao operador ou operadores designados para a prestación do servizo universal.

5. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo notificará á Comisión Europea as obrigas de servizo universal impostas ao operador ou operadores designados para o cumprimento de obrigas de servizo universal, así como os cambios relacionados con esas obrigas ou co operador ou operadores designados.

Artigo 27. Custo e financiamento do servizo universal.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará se a obriga da prestación do servizo universal pode implicar unha carga inxustificada para os operadores obrigados á súa prestación.

En caso de que se considere que pode existir esa carga inxustificada, o custo neto de prestación do servizo universal será determinado periodicamente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de acordo cos procedementos de designación previstos no artigo 26.2 ou en función do aforro neto que o operador conseguiría se non tivese a obriga de prestar o servizo universal.

Para a determinación deste aforro neto, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia desenvolverá e publicará unha metodoloxía de acordo cos criterios que se establezan mediante real decreto.

2. O custo neto da obriga de prestación do servizo universal será financiado por un mecanismo de repartición, en condicións de transparencia e non discriminación, por aqueles operadores que obteñan pola explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas uns ingresos brutos de explotación anuais superiores a 100 millóns de euros. Esta cifra poderá ser actualizada ou modificada

mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en función da evolución do mercado e das cotas que os distintos operadores teñen en cada momento no mercado.

3. Unha vez fixado este custo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará as achegas que correspondan a cada un dos operadores con obrigas de contribución ao financiamento do servizo universal.

Estas achegas, así como, de ser o caso, as deducións e exencións aplicables, verificaranse de acordo coas condicións que se establezan por real decreto.

As achegas recibidas depositaranse no Fondo nacional do servizo universal que se crea mediante esta lei.

4. O Fondo nacional do servizo universal ten por finalidade garantir o financiamento do servizo universal. Os activos en metálico procedentes dos operadores con obrigas de contribuír ao financiamento do servizo universal depositaranse neste fondo, nunha conta específica designada para tal efecto. Os gastos de xestión desta conta serán deducidos do seu saldo, e os rendementos que este xere, se os hai, minorarán a contribución dos achegantes.

Na conta poderanse depositar aquelas achegas que sexan realizadas por calquera persoa física ou xurídica que desexe contribuír desinteresadamente ao financiamento de calquera prestación propia do servizo universal.

Os operadores suxeitos a obrigas de prestación do servizo universal recibirán deste fondo a cantidade correspondente ao custo neto que lles supón esa obriga, calculado segundo o procedemento establecido neste artigo.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia encargárase da xestión do Fondo nacional do servizo universal. Mediante real decreto determinaranse a súa estrutura, organización, mecanismos de control e a forma e prazos en que se realizarán as achegas.

5. Mediante real decreto poderase prever a existencia dun mecanismo de compensación directa entre operadores para aqueles casos en que a magnitude do custo non xustifique os custos de xestión do Fondo nacional do servizo universal.

Sección 3.^a Outras obrigas de servizo público

Artigo 28. Outras obrigas de servizo público.

1. O Goberno poderá, por necesidades da defensa nacional, da seguranza pública, da seguranza viaria ou dos servizos que afecten a seguranza das persoas ou a protección civil, impor outras obrigas de servizo público distintas das de servizo universal aos operadores.

2. O Goberno poderá, así mesmo, impor outras obrigas de servizo público, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como da administración territorial competente, motivadas por:

- a) Razóns de cohesión territorial.
- b) Razóns de extensión do uso de novos servizos e tecnoloxías, en especial, á sanidade, á educación, á acción social e á cultura.
- c) Pola necesidade de facilitar a comunicación entre determinados colectivos que se encontren en circunstancias especiais e estean insuficientemente atendidos coa finalidade de garantir a suficiencia da súa oferta.
- d) Pola necesidade de facilitar a dispoñibilidade de servizos que comporten a acreditación de veracidade do contido da mensaxe remitida ou da súa remisión ou recepción.

3. Mediante real decreto regularase o procedemento de imposición das obrigas a que se refire o número anterior e a súa forma de financiamento.

4. En calquera caso, a obriga de encamiñar as chamadas aos servizos de emerxencia sen dereito a contraprestación económica de ningún tipo debe ser asumida

tanto polos operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas ao público para efectuar chamadas nacionais a números dun plan nacional de numeración telefónica, como polos que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas. Esta obriga impónse a eses operadores respecto das chamadas dirixidas ao número telefónico 112 de atención a emerxencias e a outros que se determinen mediante real decreto, incluídas aquelas que se efectúen desde teléfonos públicos de pagamento, sen que sexa necesario utilizar ningunha forma de pagamento nestes casos.

En todo caso, o servizo de chamadas de emerxencia será gratuíto para os usuarios, calquera que sexa a Administración pública responsable da súa prestación e con independencia do tipo de terminal que se utilice.

Así mesmo, os operadores porán gratuitamente á disposición das autoridades receptoras desas chamadas a información que mediante real decreto se determine relativa ao lugar da súa procedencia.

Mediante real decreto estableceranse criterios para a precisión e a fiabilidade da información facilitada sobre a situación das persoas que efectúan chamadas aos servizos de emerxencia.

O acceso aos servizos de emerxencia para os usuarios finais con discapacidade será equivalente ao que disfrutaban outros usuarios finais.

As autoridades responsables da prestación dos servizos 112 velarán para que os cidadáns reciban unha información adecuada sobre a existencia e utilización deste número, en particular, mediante iniciativas especificamente dirixidas ás persoas que viaxen a outros Estados membros da Unión Europea.

CAPÍTULO II

Dereitos dos operadores e despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas

Sección 1.^a Dereitos dos operadores á ocupación do dominio público a ser beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e ao establecemento ao seu favor de servidumes e de limitacións á propiedade

Artigo 29. Dereito de ocupación da propiedade privada.

1. Os operadores terán dereito, nos termos deste capítulo, á ocupación da propiedade privada cando resulte estritamente necesario para a instalación da rede na medida prevista no proxecto técnico presentado e sempre que non existan outras alternativas técnica ou economicamente viables, xa sexa a través da súa expropiación forzosa ou mediante a declaración de servidume forzosa de paso para a instalación de infraestrutura de redes públicas de comunicacións electrónicas. En ambos os casos terán a condición de beneficiarios nos expedientes que se tramiten, conforme o disposto na lexislación sobre expropiación forzosa.

Os operadores asumirán os custos que procedan por esta ocupación.

A ocupación da propiedade privada levarase a cabo tras a instrución e resolución polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo do oportuno procedemento, en que se deberán cumprir todos os trámites e respectarse todas as garantías establecidas a favor dos titulares afectados na lexislación de expropiación forzosa.

2. A aprobación polo órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo do proxecto técnico para a ocupación de propiedade privada levará implícita, en cada caso concreto, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas, para efectos do previsto na lexislación de expropiación forzosa.

3. Con carácter previo á aprobación do proxecto técnico, requirirase informe do órgano da comunidade autónoma competente en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo máximo de 30 días hábiles desde a súa solicitude. Se o proxecto afecta unha área xeográfica relevante ou pode ter afeccións ambientais, este

prazo será ampliado ata tres meses. Así mesmo, requirirase informe dos concellos afectados sobre compatibilidade do proxecto técnico coa ordenación urbanística vixente, que deberá ser emitido no prazo de 30 días desde a recepción da solicitude.

4. Nas expropiacións que se leven a cabo para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas ligadas de maneira específica ao cumprimento de obrigas de servizo público seguirase o procedemento especial de urxencia establecido na Lei de expropiación forzosa, cando así se faga constar na resolución do órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que aprobe o oportuno proxecto técnico.

Artigo 30. *Dereito de ocupación do dominio público.*

Os operadores terán dereito, nos termos deste capítulo, á ocupación do dominio público na medida en que sexa necesario para o establecemento da rede pública de comunicacións electrónicas de que se trate.

Os titulares do dominio público garantirán o acceso de todos os operadores a tal dominio en condicións neutrais, obxectivas, transparentes, equitativas e non discriminatorias, sen que en ningún caso se poida establecer ningún dereito preferente ou exclusivo de acceso ou ocupación dese dominio público en beneficio dun operador determinado ou dunha rede concreta de comunicacións electrónicas. En particular, a ocupación ou o dereito de uso de dominio público para a instalación ou explotación dunha rede non poderá ser outorgado ou asignado mediante procedementos de licitación.

Artigo 31. *Normativa aplicable á ocupación do dominio público e da propiedade privada.*

1. A normativa ditada por calquera Administración pública que afecte o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas deberá, en todo caso, recoñecer o dereito de ocupación do dominio público ou da propiedade privada para o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas de conformidade co disposto neste título.

2. As normas que diten as correspondentes administracións, de conformidade co disposto no número anterior, deberán cumprir, ao menos, os seguintes requisitos:

a) Ser publicadas nun diario oficial do ámbito correspondente á Administración competente así como na páxina web da dita Administración pública e, en todo caso, ser accesibles por medios electrónicos.

b) Prever un procedemento rápido, sinxelo, eficiente e non discriminatorio de resolución das solicitudes de ocupación, que non poderá exceder os seis meses contados a partir da presentación da solicitude, salvo en caso de expropiación.

c) Garantir a transparencia dos procedementos e que as normas aplicables fomenten unha competencia leal e efectiva entre os operadores.

d) Garantir o respecto dos límites impostos á intervención administrativa nesta lei en protección dos dereitos dos operadores. En particular, a exixencia de documentación que os operadores deban achegar deberá ser motivada, ter unha xustificación obxectiva, ser proporcionada ao fin perseguido e limitarse ao estritamente necesario.

3. Se as administracións públicas reguladoras ou titulares do dominio público a que se refire este artigo teñen a propiedade, total ou parcial, ou exercen o control directo ou indirecto de operadores que explotan redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, deberán manter unha separación estrutural entre os ditos operadores e os órganos encargados da regulación e xestión dos dereitos de utilización do dominio público correspondente.

Artigo 32. *Situación compartida e uso compartido da propiedade pública ou privada.*

1. Os operadores de comunicacións electrónicas poderán celebrar de maneira voluntaria acordos entre si para determinar as condicións para a situación ou o uso

compartido das súas infraestruturas, con plena suxeición á normativa de defensa da competencia.

As administracións públicas fomentarán a celebración de acordos voluntarios entre operadores para a situación compartida e o uso compartido de infraestruturas situadas en bens de titularidade pública ou privada, en particular, con vistas ao despregamento de elementos das redes rápidas e ultrarrápidas de comunicacións electrónicas.

2. A situación compartida de infraestruturas e recursos asociados e a utilización compartida do dominio público ou da propiedade privada tamén poderá ser imposta de maneira obrigatoria aos operadores que teñan dereito á ocupación da propiedade pública ou privada. Para tal efecto, nos termos en que mediante real decreto se determine, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo de trámite de audiencia aos operadores afectados e de maneira motivada, poderá impor, con carácter xeral ou para casos concretos, a utilización compartida do dominio público ou da propiedade privada en que se van establecer as redes públicas de comunicacións electrónicas ou o uso compartido das infraestruturas e recursos asociados.

Cando unha Administración pública competente considere que, por razóns de ambiente, saúde pública, seguranza pública ou ordenación urbana e territorial, procede a imposición da utilización compartida do dominio público ou da propiedade privada, poderá instar de maneira motivada ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o inicio do procedemento establecido no parágrafo anterior. Nestes casos, antes de que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo imponha a utilización compartida do dominio público ou da propiedade privada, o citado departamento ministerial deberá realizar un trámite para que a Administración pública competente que instou o procedemento poida efectuar alegacións por un prazo de 15 días hábiles.

3. As medidas adoptadas de conformidade co presente artigo deberán ser obxectivas, transparentes, non discriminatorias e proporcionadas. Cando proceda, estas medidas aplicaranse de forma coordinada coas administracións competentes correspondentes.

Artigo 33. *Outras servidumes e limitacións á propiedade.*

1. A protección do dominio público radioeléctrico ten como finalidades o seu aproveitamento óptimo, evitar a súa degradación e o mantemento dun adecuado nivel de calidade no funcionamento dos distintos servizos de radiocomunicacións.

Poderanse establecer as limitacións á propiedade e á intensidade de campo eléctrico e as servidumes que resulten necesarias para a protección radioeléctrica de determinadas instalacións ou para asegurar o adecuado funcionamento de estacións ou instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos públicos, por motivos de seguranza pública ou cando así sexa necesario en virtude de acordos internacionais, nos termos da disposición adicional segunda e das normas de desenvolvemento desta lei.

2. Así mesmo, poderanse impor límites aos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico para a protección doutros bens xuridicamente protexidos prevalentes ou de servizos públicos que se poidan ver afectados pola utilización dese dominio público, nos termos que mediante real decreto se determinen. Na imposición destes límites débese efectuar un trámite de audiencia previo aos titulares dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico que se poden ver afectados, e deberanse respectar os principios de transparencia e publicidade.

Sección 2.^a Normativa das administracións públicas que afecte o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas

Artigo 34. *Colaboración entre administracións públicas no despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas.*

1. A Administración do Estado e as administracións públicas deberán colaborar a través dos mecanismos previstos na presente lei e no resto do ordenamento xurídico, co

fin de facer efectivo o dereito dos operadores de comunicacións electrónicas de ocupar a propiedade pública e privada para realizar o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas.

2. As redes públicas de comunicacións electrónicas constitúen equipamento de carácter básico e a súa previsión nos instrumentos de planificación urbanística ten o carácter de determinacións estruturantes. A súa instalación e o seu despregamento constitúen obras de interese xeral.

3. A normativa elaborada polas administracións públicas que afecte o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas e os instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberá recoller as disposicións necesarias para impulsar ou facilitar o despregamento de infraestruturas de redes de comunicacións electrónicas no seu ámbito territorial, en particular, para garantir a libre competencia na instalación de redes e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas e a dispoñibilidade dunha oferta suficiente de lugares e espazos físicos en que os operadores decidan instalar as súas infraestruturas.

Desta maneira, esa normativa ou eses instrumentos de planificación non poderán establecer restricións absolutas ou desproporcionadas ao dereito de ocupación do dominio público e privado dos operadores nin impor solucións tecnolóxicas concretas, itinerarios ou situacións concretas en que instalar infraestruturas de rede de comunicacións electrónicas. Neste sentido, cando unha condición poida implicar a imposibilidade de levar a cabo a ocupación do dominio público ou da propiedade privada, o establecemento desa condición deberá estar plenamente xustificado e ir acompañado das alternativas necesarias para garantir o dereito de ocupación dos operadores e o seu exercicio en igualdade de condicións.

As administracións públicas contribuirán a garantir e facer real unha oferta suficiente de lugares e espazos físicos nos cales os operadores decidan instalar as súas infraestruturas, identificando tales lugares e espazos físicos en que poder cumprir o dobre obxectivo de que os operadores poidan instalar as súas infraestruturas de redes de comunicacións electrónicas, así como a obtención dun despregamento das redes ordenado desde o punto de vista territorial.

4. A normativa elaborada polas administracións públicas no exercicio das súas competencias que afecte o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas e os instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberá cumprir co disposto na normativa sectorial de telecomunicacións. En particular, deberá respectar os parámetros e requirimentos técnicos esenciais necesarios para garantir o funcionamento das distintas redes e servizos de comunicacións electrónicas, establecidos na disposición adicional décimo primeira e nas normas regulamentarias aprobadas en materia de telecomunicacións, e os límites nos niveis de emisión radioelétrica tolerable fixados polo Estado.

No exercicio da súa iniciativa normativa, cando esta afecte o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

Os operadores non terán obriga de achegar a documentación ou información de calquera natureza que xa figure en poder da Administración. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá, mediante real decreto, a forma en que se lles facilitará ás administracións públicas a información que precisen para o exercicio das súas propias competencias.

5. Os operadores deberán facer uso das canalizacións subterráneas ou no interior das edificacións que permitan o despregamento e a explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas.

Nos casos en que non existan esas canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas, os operadores poderán efectuar despregamentos aéreos seguindo os previamente existentes.

Igualmente, nos mesmos casos, os operadores poderán efectuar polas fachadas despregamento de cables e equipamentos que constitúan redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados, ben que para iso deberán utilizar, na medida do posible, os despregamentos, canalizacións, instalacións e equipamentos previamente instalados.

Os despregamentos aéreos e por fachadas non se poderán realizar en casos xustificados de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar a seguranza pública.

6. Para a instalación das estacións ou infraestruturas radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público a que se refire a disposición adicional terceira da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, non se poderá exixir a obtención de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar ou análogas, nos termos indicados na citada lei.

Para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas ou de estacións radioeléctricas en dominio privado distintas das sinaladas no parágrafo anterior, non se poderá exixir por parte das administracións públicas competentes a obtención de licenza ou autorización previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, ou de carácter ambiental, nin outras licenzas ou aprobacións de clase similar ou análogas que exixan a autorización previa para a citada instalación, no caso de que o operador presentase á administración pública competente para o outorgamento da licenza ou autorización un plan de despregamento ou instalación de rede de comunicacións electrónicas en que se recollan esas infraestruturas ou estacións, e sempre que o citado plan fose aprobado por tal administración.

No plan de despregamento ou instalación, o operador deberá prever os supostos en que se van efectuar despregamentos aéreos ou por fachadas de cables e equipamentos nos termos indicados no número anterior.

Este plan de despregamento ou instalación que presente o operador suxeitarase ao contido e deberá respectar as condicións técnicas exixidas mediante real decreto acordado en Consello de Ministros.

O plan de despregamento ou instalación de rede pública de comunicacións electrónicas entenderase aprobado se, transcorridos dous meses desde a súa presentación, a Administración pública competente non ditou resolución expresa.

As licenzas ou autorizacións previas que, de acordo cos parágrafos anteriores, non poidan ser exixidas, serán substituídas por declaracións responsables, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativas ao cumprimento das previsións legais establecidas na normativa vixente. En todo caso, o declarante deberá estar en posesión do xustificante de pagamento do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

A declaración responsable deberá conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente, incluído, de ser o caso, estar en posesión da documentación que así o acredite.

Cando se deban realizar diversas actuacións relacionadas coa infraestrutura ou estación radioeléctrica, as declaracións responsables tramitaranse conxuntamente sempre que resulte posible.

A presentación da declaración responsable, co conseguinte efecto de habilitación a partir dese momento para executar a instalación, non prexulgará en ningún modo a situación e o efectivo acomodo das condicións da infraestrutura ou estación radioeléctrica á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control que á administración en calquera orde, estatal, autonómica ou local lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se xunte ou incorpore a unha declaración responsable,

ou a non presentación da declaración responsable determinará a imposibilidade de explotar a instalación e, de ser o caso, a obriga de retirala desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Reglamentariamente estableceranse os elementos da declaración responsable que terán tal carácter esencial.

7. No caso de que sobre unha infraestrutura de rede pública de comunicacións electrónicas, fixa ou móbil, incluídas as estacións radioelétricas de comunicacións electrónicas, xa estea situada en dominio público ou privado, se realicen actuacións de innovación tecnolóxica ou adaptación técnica que supoñan a incorporación de novo equipamento ou a realización de emisións radioelétricas en novas bandas de frecuencias ou con outras tecnoloxías, sen variar os elementos de obra civil e mastro, non se requirirá ningún tipo de concesión, autorización ou licenza nova ou modificación da existente ou declaración responsable ou comunicación previa ás administracións públicas competentes por razóns de ordenación do territorio, urbanismo ou ambientais.

8. Cando as administracións públicas elaboren proxectos que impliquen a variación na situación dunha infraestrutura ou dun elemento da rede de transmisión de comunicacións electrónicas, deberán dar audiencia previa ao operador titular da infraestrutura afectada, co fin de que realice as alegacións pertinentes sobre os aspectos técnicos, económicos e de calquera outra índole respecto á variación proxectada.

Artigo 35. Mecanismos de colaboración entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as administracións públicas para o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas.

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as administracións públicas teñen os deberes de recíproca información e de colaboración e cooperación mutuas no exercicio das súas actuacións de regulación e que poidan afectar as telecomunicacións, segundo o establecido polo ordenamento vixente.

Esta colaboración articularase, entre outros, a través dos mecanismos establecidos nos seguintes números, que poderán ser complementados mediante acordos de coordinación e cooperación entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as administracións públicas competentes, garantindo, en todo caso, un trámite de audiencia para os interesados.

2. Os órganos encargados dos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de planificación territorial ou urbanística que afecten o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas deberán requirir o oportuno informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Este informe tratará sobre a adecuación dos ditos instrumentos de planificación coa presente lei e coa normativa sectorial de telecomunicacións e sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas no ámbito territorial a que se refiran.

O referido informe preceptivo será previo á aprobación do instrumento de planificación de que se trate e terá carácter vinculante no que se refire á súa adecuación á normativa sectorial de telecomunicacións, en particular, ao réxime xurídico das telecomunicacións establecido pola presente lei e á súa normativa de desenvolvemento, e ás necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas, e deberá sinalar expresamente os puntos e aspectos respecto dos cales se emite con ese carácter vinculante.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo emitirá o informe nun prazo máximo de tres meses. Sen prexuízo do disposto no artigo 83.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, transcorrido ese prazo, o informe entenderase emitido con carácter favorable e poderase continuar coa tramitación do instrumento de planificación.

Na falta de solicitude do preceptivo informe, non se poderá aprobar o correspondente instrumento de planificación territorial ou urbanística no que se refire ao exercicio das competencias estatais en materia de telecomunicacións.

No caso de que o informe non sexa favorable, os órganos encargados da tramitación dos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de

planificación territorial ou urbanística disporán dun prazo máximo dun mes, contado desde a recepción do informe, para remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as súas alegacións ao informe, motivadas por razóns de ambiente, saúde pública, seguranza pública ou ordenación urbana e territorial.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á vista das alegacións presentadas, emitirá un novo informe no prazo máximo dun mes contado desde a recepción das alegacións. Sen prexuízo do disposto no artigo 83.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, transcorrido ese prazo, o informe entenderase emitido con carácter favorable e poderase continuar coa tramitación do instrumento de planificación. O informe ten carácter vinculante, de forma que se o informe volve ser non favorable, non se poderá aprobar o correspondente instrumento de planificación territorial ou urbanística no que se refire ao exercicio das competencias estatais en materia de telecomunicacións.

3. Mediante orde, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá establecer a forma en que se deben solicitar os informes a que se refire o número anterior e a información que deberá facilitar o órgano solicitante, en función do tipo de instrumento de planificación territorial ou urbanística, e poderáselles exixir ás administracións públicas competentes a súa tramitación por vía electrónica.

4. Na medida en que a instalación e o despregamento das redes de comunicacións electrónicas constitúen obras de interese xeral, o conxunto de administracións públicas teñen a obriga de facilitar o despregamento de infraestruturas de redes de comunicacións electrónicas no seu ámbito territorial, para o cal deben dar debido cumprimento aos deberes de recíproca información e de colaboración e cooperación mutuas no exercicio das súas actuacións e das súas competencias.

En defecto de acordo entre as administracións públicas, cando quede plenamente xustificada a necesidade de redes públicas de comunicacións electrónicas, e sempre e cando se cumpran os parámetros e requirimentos técnicos esenciais para garantir o funcionamento das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas establecidos no número 4 do artigo anterior, o Consello de Ministros poderá autorizar a instalación ou o itinerario concreto dunha infraestrutura de rede de comunicacións electrónicas, e neste caso a Administración pública competente deberá incorporar necesariamente nos seus respectivos instrumentos de ordenación as rectificacións imprescindibles para acomodar as súas determinacións a aquelas.

5. A tramitación pola Administración pública competente dunha medida cautelara que impida ou paralice ou dunha resolución que denegue a instalación da infraestrutura de rede que cumpra os parámetros e requirimentos técnicos esenciais para garantir o funcionamento das distintas redes e servizos de comunicacións electrónicas establecidos no número 4 do artigo anterior, excepto en edificacións do patrimonio histórico-artístico, será obxecto de informe preceptivo previo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que dispón do prazo máximo dun mes para a súa emisión e que será emitido tras, de ser o caso, os intentos que procedan de encontrar unha solución negociada cos órganos encargados da tramitación da citada medida ou resolución.

Sen prexuízo do disposto no artigo 83.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, transcorrido ese prazo, o informe entenderase emitido con carácter favorable e poderase continuar coa tramitación da medida ou resolución.

Na falta de solicitude do preceptivo informe, así como no suposto de que o informe non sexa favorable, non se poderá aprobar a medida ou resolución.

6. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo promoverá, coa asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación, a elaboración dun modelo tipo de declaración responsable a que se refire o número 6 do artigo anterior.

7. Igualmente, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo aprobará recomendacións para a elaboración por parte das administracións públicas competentes das normas ou instrumentos previstos na presente sección, que poderán conter modelos de ordenanzas municipais elaborados conxuntamente coa asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación. No caso de municipios, poderase substituír a solicitude de informe a que se refire o número 2 deste artigo pola presentación ao Ministerio de

Industria, Enerxía e Turismo do proxecto de instrumento acompañado da declaración do alcalde do municipio que acredite o cumprimento de tales recomendacións.

8. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá crear, mediante real decreto, un punto de información único a través do cal os operadores de comunicacións electrónicas accederán por vía electrónica a toda a información relativa sobre as condicións e os procedementos aplicables para a instalación e o despregamento de redes de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados.

As comunidades autónomas e as corporacións locais poderán, mediante a subscripción do oportuno convenio de colaboración co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, adherirse ao punto de información único, caso en que os operadores de comunicacións electrónicas deberán presentar en formato electrónico a través dese punto as declaracións responsables a que se refire o número 6 do artigo anterior e permisos de toda índole para ocupar dominio público e privado necesario para o despregamento de tales redes que vaian dirixidas á respectiva comunidade autónoma ou corporación local.

O punto de información único será xestionado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e será o encargado de remitir á comunidade autónoma ou corporación local que se adherise a ese punto todas as declaracións responsables e solicitudes que para a instalación e o despregamento de redes de comunicacións electrónicas e dos seus recursos asociados lles presentasen os operadores de comunicacións electrónicas.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, as comunidades autónomas e a asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación fomentarán o uso deste punto de información único polo conxunto das administracións públicas con vistas a reducir cargas e custos administrativos, facilitar a interlocución dos operadores coa Administración e simplificar o cumprimento dos trámites administrativos.

Artigo 36. Previsión de infraestruturas de comunicacións electrónicas en proxectos de urbanización e en obras civís financiadas con recursos públicos.

1. Cando se acometan proxectos de urbanización, o proxecto técnico de urbanización deberá prever a instalación de infraestrutura de obra civil para facilitar o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas, e poderá incluír adicionalmente elementos e equipamentos de rede pasivos nos termos que determine a normativa técnica de telecomunicacións que se dite en desenvolvemento deste artigo.

As infraestruturas que se instalen para facilitar o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas conforme o parágrafo anterior formarán parte do conxunto resultante das obras de urbanización e pasarán a integrarse no dominio público municipal. A Administración pública titular dese dominio público porá tales infraestruturas á disposición dos operadores interesados en condicións de igualdade, transparencia e non discriminación.

Mediante real decreto establecerase o dimensionamento e as características técnicas mínimas que deberán reunir estas infraestruturas.

2. Nas obras civís financiadas total ou parcialmente con recursos públicos preverase, nos supostos e condicións que se determinen mediante real decreto, a instalación de recursos asociados e outras infraestruturas de obra civil para facilitar o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas, que se porán á disposición dos operadores interesados en condicións de igualdade, transparencia e non discriminación.

Sección 3.^a Acceso a infraestruturas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas

Artigo 37. Acceso ás infraestruturas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas.

1. As administracións públicas titulares de infraestruturas susceptibles de ser utilizadas para o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas facilitarán o acceso a esas infraestruturas, sempre que ese acceso non comprometa a

continuidade e seguranza da prestación dos servizos de carácter público que nesas infraestruturas realiza o seu titular, en condicións obxectivas, de transparencia e non discriminación aos operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas, sen que en ningún caso se poida establecer ningún dereito preferente ou exclusivo de acceso ás infraestruturas citadas en beneficio dun operador determinado ou dunha rede concreta de comunicacións electrónicas. En particular, o acceso a esas infraestruturas para a instalación ou explotación dunha rede non poderá ser outorgado ou recoñecido mediante procedementos de licitación.

2. As entidades ou sociedades encargadas da xestión de infraestruturas de transporte de competencia estatal, así como as empresas e operadores doutros sectores distintos ao das comunicacións electrónicas que sexan titulares ou xestoras de infraestruturas no dominio público do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais ou beneficiarias de expropiacións forzosas e que sexan susceptibles de ser utilizadas para o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas facilitarán o acceso a esas infraestruturas aos operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas, sempre que ese acceso non comprometa a continuidade e seguranza da prestación dos servizos que nesas infraestruturas realiza o seu titular. En particular, este acceso recoñécese en relación coas infraestruturas viarias, ferroviarias, portos, aeroportos, abastecemento de auga, saneamento, e do transporte e a distribución de gas e electricidade. O acceso deberase facilitar en condicións de igualdade, transparencia e non discriminación.

3. Por infraestruturas susceptibles de ser utilizadas para o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas entenderanse tubos, postes, condutos, caixas, cámaras, armarios, e calquera recurso asociado que poida ser utilizado para despregar e albergar cables de comunicacións electrónicas, equipamentos, dispositivos ou calquera outro recurso análogo necesario para o despregamento e a instalación das redes.

4. Mediante real decreto determinaranse os procedementos, prazos, requisitos e condicións en que se facilitará o acceso ás infraestruturas susceptibles de ser utilizadas para o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas, así como as causas polas cales se poida denegar o dito acceso.

5. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderalles exixir ás administracións públicas e ás súas entidades e sociedades, así como ás empresas e aos operadores a que se refiren os dous primeiros números deste artigo, que subministren a información necesaria para elaborar de forma coordinada un inventario detallado da natureza, da dispoñibilidade e da situación xeográfica das infraestruturas susceptibles de ser utilizadas para o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas. Este inventario facilitaráselles aos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

6. As partes negociarán libremente os acordos do acceso a que se refire este artigo e as súas condicións, incluídas as contraprestacións económicas. Calquera das partes poderá presentar un conflito sobre o acceso e as súas condicións ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a cal, logo de audiencia das partes, ditará resolución vinculante sobre as cuestións obxecto do conflito, no prazo indicado na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen prexuízo de que se poidan adoptar medidas provisionais ata o momento en que se dite a resolución definitiva.

7. As administracións públicas titulares das infraestruturas a que se fai referencia neste artigo terán dereito a establecer as compensacións económicas que correspondan polo uso que delas fagan os operadores.

Artigo 38. Acceso ou uso das redes de comunicacións electrónicas titularidade dos órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal.

1. Os órganos ou entes pertencentes á Administración xeral do Estado, así como calquera outra entidade ou sociedade encargados da xestión de infraestruturas de transporte de competencia estatal que presten, directamente ou a través de entidades ou sociedades intermedias, servizos de comunicacións electrónicas ou comercialicen a

explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas, negociarán cos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas interesados no acceso ou uso das redes de comunicacións electrónicas de que aqueles sexan titulares.

2. As condicións para o acceso ou uso destas redes deben ser equitativas, non discriminatorias, obxectivas, transparentes, neutrais e a prezos de mercado, sempre que se garanta polo menos a recuperación de custo dos investimentos e a súa operación e mantemento, para todos os operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas, incluídos os pertencentes ou vinculados a eses órganos ou entes, sen que en ningún caso se poida establecer ningún dereito preferente ou exclusivo de acceso ou uso ás ditas redes en beneficio dun operador determinado ou dunha rede concreta de comunicacións electrónicas. En todo caso, deberase preservar a seguranza das infraestruturas de transporte en que están instaladas as redes de comunicacións electrónicas a que se refire este artigo e dos servizos que nesas infraestruturas se prestan.

3. As partes acordarán libremente os acordos do acceso ou uso a que se refire este artigo, a partir das condicións establecidas no número anterior. Calquera das partes poderá presentar un conflito sobre o acceso e as súas condicións ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a cal, logo de audiencia das partes, ditará resolución vinculante sobre as cuestións obxecto do conflito, no prazo indicado na lei de creación da dita Comisión, sen prexuízo de que se poidan adoptar medidas provisionais ata o momento en que se dite a resolución definitiva.

CAPÍTULO III

Segredo das comunicacións e protección dos datos persoais e dereitos e obrigas de carácter público vinculados coas redes e servizos de comunicacións electrónicas

Artigo 39. Segredo das comunicacións.

1. Os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público deberán garantir o segredo das comunicacións de conformidade cos artigos 18.3 e 55.2 da Constitución, para o que deberán adoptar as medidas técnicas necesarias.

2. Os operadores están obrigados a realizar as interceptacións que se autoricen de acordo co establecido no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal, na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia e noutras normas con rango de lei orgánica. Así mesmo, deberán adoptar pola súa conta as medidas que se establecen neste artigo e nos regulamentos correspondentes.

3. A interceptación a que se refire o número anterior deberase facilitar para calquera comunicación que teña como orixe ou destino o punto de terminación de rede ou o terminal específico que se determine a partir da orde de interceptación legal, mesmo aínda que estea destinada a dispositivo de almacenamento ou procesamento da información; así mesmo, a interceptación poderase realizar sobre un terminal cofecido e cuns datos de localización temporal para comunicacións desde locais públicos. Cando non exista unha vinculación fixa entre o suxeito da interceptación e o terminal utilizado, este poderá ser determinado dinamicamente cando o suxeito da interceptación o active para a comunicación mediante un código de identificación persoal.

4. O acceso facilitarase para todo tipo de comunicacións electrónicas, en particular, pola súa penetración e cobertura, para as cales se realicen mediante calquera modalidade dos servizos de telefonía e de transmisión de datos, se trate de comunicacións de vídeo, audio, intercambio de mensaxes, ficheiros ou da transmisión de facsímiles.

O acceso facilitado servirá tanto para a supervisión como para a transmisión aos centros de recepción das interceptacións da comunicación electrónica interceptada e a información relativa á interceptación, e permitirá obter o sinal con que se realiza a comunicación.

5. Os suxeitos obrigados deberán facilitar ao axente facultado, salvo que polas características do servizo non estean á súa disposición, os datos indicados na orde de interceptación legal, de entre os que se relacionan a continuación:

a) Identidade ou identidades do suxeito obxecto da medida da interceptación.

Enténdese por identidade: etiqueta técnica que pode representar a orixe ou o destino de calquera tráfico de comunicacións electrónicas, en xeral identificada mediante un número de identidade de comunicacións electrónicas físico (tal como un número de teléfono) ou un código de identidade de comunicacións electrónicas lóxico ou virtual (tal como un número persoal) que o abonado pode asignar a un acceso físico caso a caso.

b) Identidade ou identidades das outras partes involucradas na comunicación electrónica.

c) Servizos básicos utilizados.

d) Servizos suplementarios utilizados.

e) Enderezo da comunicación.

f) Indicación de resposta.

g) Causa de finalización.

h) Marcas temporais.

i) Información de localización.

j) Información intercambiada a través da canle de control ou sinalización.

6. Ademais da información relativa á interceptación prevista no número anterior, os suxeitos obrigados deberán facilitar ao axente facultado, salvo que polas características do servizo non estean á súa disposición, de calquera das partes que interveñan na comunicación que sexan clientes do suxeito obrigado, os seguintes datos:

a) Identificación da persoa física ou xurídica.

b) Domicilio en que o provedor realiza as notificacións.

E, aínda que non sexa abonado, se o servizo de que se trata permite dispoñer dalgún dos seguintes:

c) Número de titular de servizo (tanto o número de directorio como todas as identificacións de comunicacións electrónicas do abonado).

d) Número de identificación do terminal.

e) Número de conta asignada polo provedor de servizos da internet.

f) Enderezo de correo electrónico.

7. Xunto cos datos previstos nos números anteriores, os suxeitos obrigados deberán facilitar, salvo que polas características do servizo non estea á súa disposición, información da situación xeográfica do terminal ou punto de terminación de rede orixe da chamada, e da do destino da chamada. En caso de servizos móbiles, proporcionarase unha posición o máis exacta posible do punto de comunicación e, en todo caso, a identificación, a localización e o tipo da estación base afectada.

8. Os suxeitos obrigados deberán facilitar ao axente facultado, de entre os datos previstos nos números 5, 6 e 7 deste artigo, só aqueles que estean incluídos na orde de interceptación legal.

9. Con carácter previo á execución da orde de interceptación legal, os suxeitos obrigados deberán facilitar ao axente facultado información sobre os servizos e características do sistema de telecomunicación que utilizan os suxeitos obxecto da medida da interceptación e, se constan no seu poder, os correspondentes nomes dos abonados cos seus números de documento nacional de identidade, tarxeta de identidade de estranxeiro ou pasaporte, no caso de persoas físicas, ou denominación e código de identificación fiscal no caso de persoas xurídicas.

10. Os suxeitos obrigados deberán ter en todo momento preparadas unha ou máis interfaces a través das cales as comunicacións electrónicas interceptadas e a información relativa á interceptación se transmitirán aos centros de recepción das interceptacións. As

características destas interfaces e o formato para a transmisión das comunicacións interceptadas a estes centros estarán suxeitas ás especificacións técnicas que estableza o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

11. No caso de que os suxeitos obrigados apliquen ás comunicacións obxecto de interceptación legal algún procedemento de compresión, cifraxa, dixitalización ou calquera outro tipo de codificación, deberán entregar aquelas desprovistas dos efectos de tales procedementos, sempre que sexan reversibles.

As comunicacións interceptadas deben proveerse ao centro de recepción das interceptacións cunha calidade non inferior á que obtén o destinatario da comunicación.

Artigo 40. Interceptación das comunicacións electrónicas polos servizos técnicos.

1. Con pleno respecto ao dereito ao segredo das comunicacións e á exigencia, conforme o establecido na Lei de axuízamento criminal, de autorización xudicial para a interceptación de contidos, cando para a realización das tarefas de control para a eficaz utilización do dominio público radioeléctrico ou para a localización de interferencias prexudiciais sexa necesaria a utilización de equipamentos, infraestruturas e instalacións técnicas de interceptación de sinais non dirixidos ao público en xeral, será de aplicación o seguinte:

a) A Administración das telecomunicacións deberá deseñar e establecer os seus sistemas técnicos de interceptación de sinais en forma tal que se reduza ao mínimo o risco de afectar os contidos das comunicacións.

b) Cando, como consecuencia das interceptacións técnicas efectuadas, quede constancia dos contidos, os soportes en que estes aparezan deberán ser custodiados ata a finalización, de ser o caso, do expediente sancionador que procedese ou, noutro caso, destruídos inmediatamente. En ningunha circunstancia poderán ser obxecto de divulgación.

2. As mesmas regras aplicaranse para a vixilancia do adecuado emprego das redes e a correcta prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

3. O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo das facultades que á Administración atribúe o artigo 60.

Artigo 41. Protección dos datos de carácter persoal.

1. Os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, incluídas as redes públicas de comunicacións que dean soporte a dispositivos de identificación e recompilación de datos, deberán adoptar as medidas técnicas e de xestión adecuadas para preservar a seguranza na explotación da súa rede ou na prestación dos seus servizos, co fin de garantir a protección dos datos de carácter persoal. Estas medidas incluírán, como mínimo:

a) A garantía de que só o persoal autorizado teña acceso aos datos persoais para fins autorizados pola lei.

b) A protección dos datos persoais almacenados ou transmitidos da destrución accidental ou ilícita, da perda ou alteración accidentais ou do almacenamento, tratamento, acceso ou revelación non autorizados ou ilícitos.

c) A garantía da aplicación efectiva dunha política de seguranza con respecto ao tratamento de datos persoais.

A Axencia Española de Protección de Datos, no exercicio da súa competencia de garantía da seguranza no tratamento de datos de carácter persoal, poderá examinar as medidas adoptadas polos operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao

público e poderá formular recomendacións sobre as mellores prácticas con respecto ao nivel de seguranza que se debería conseguir con estas medidas.

2. En caso de que exista un risco particular de violación da seguranza da rede pública ou do servizo de comunicacións electrónicas, o operador que explote esa rede ou preste o servizo de comunicacións electrónicas informará os abonados sobre tal risco e sobre as medidas que cumpra adoptar.

3. En caso de violación dos datos persoais, o operador de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público notificará sen dilacións indebidas esa violación á Axencia Española de Protección de Datos. Se a violación dos datos puiden afectar negativamente a intimidade ou os datos persoais dun abonado ou particular, o operador notificará tamén a violación ao abonado ou particular sen dilacións indebidas.

A notificación dunha violación dos datos persoais a un abonado ou particular afectado non será necesaria se o provedor probou a satisfacción da Axencia Española de Protección de Datos que aplicou as medidas de protección tecnolóxica convenientes e que estas medidas se aplicaron aos datos afectados pola violación de seguranza. Unhas medidas de protección destas características poderían ser aquelas que converten os datos en incomprendibles para toda persoa que non estea autorizada a acceder a eles.

Sen prexuízo da obriga do provedor de informar os abonados ou particulares afectados, se o provedor non notificou xa ao abonado ou ao particular a violación dos datos persoais, a Axencia Española de Protección de Datos poderalle exixir que o faga, unha vez avaliados os posibles efectos adversos da violación.

Na notificación ao abonado ou ao particular describirase, polo menos, a natureza da violación dos datos persoais e os puntos de contacto onde se pode obter máis información e recomendaranse medidas para atenuar os posibles efectos adversos da dita violación. Na notificación á Axencia Española de Protección de Datos describiranse, ademais, as consecuencias da violación e as medidas propostas ou adoptadas polo provedor respecto á violación dos datos persoais.

Os operadores deberán levar un inventario das violacións dos datos persoais, incluídos os feitos relacionados con tales infraccións, os seus efectos e as medidas adoptadas ao respecto, que resulte suficiente para permitir á Axencia Española de Protección de Datos verificar o cumprimento das obrigas de notificación reguladas neste punto. Mediante real decreto poderanse establecer o formato e o contido do inventario.

Para os efectos establecidos neste artigo, entenderase como violación dos datos persoais a violación da seguranza que provoque a destrución, accidental ou ilícita, a perda, a alteración, a revelación ou o acceso non autorizados, de datos persoais transmitidos, almacenados ou tratados doutro modo en relación coa prestación dun servizo de comunicacións electrónicas de acceso público.

A Axencia Española de Protección de Datos poderá adoptar directrices e, en caso necesario, ditar instrucións sobre as circunstancias en que se require que o provedor notifique a violación dos datos persoais, sobre o formato que debe adoptar esa notificación e sobre a maneira de a levar a cabo, con pleno respecto ás disposicións que, de ser o caso, sexan adoptadas nesta materia pola Comisión Europea.

4. O disposto no presente artigo será sen prexuízo da aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 42. *Conservación e cesión de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.*

A conservación e cesión dos datos xerados ou tratados no marco da prestación de servizos de comunicacións electrónicas ou de redes públicas de comunicación aos axentes facultados a través da correspondente autorización xudicial con fins de detección, investigación e axuízamento de delitos graves recollidos no Código penal ou nas leis penais especiais réxese polo establecido na Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

Artigo 43. *Cifraxa nas redes e servizos de comunicacións electrónicas.*

1. Calquera tipo de información que se transmita por redes de comunicacións electrónicas poderá ser protexida mediante procedementos de cifraxa.

2. A cifraxa é un instrumento de seguranza da información. Entre as súas condicións de uso, cando se utilice para protexer a confidencialidade da información, poderase impor a obriga de facilitar a un órgano da Administración xeral do Estado ou a un organismo público os algoritmos ou calquera procedemento de cifraxa utilizado, así como a obriga de facilitar sen ningún custo os aparellos de cifraxa para os efectos do seu control de acordo coa normativa vixente.

Artigo 44. *Integridade e seguranza das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas.*

1. Os operadores de redes e de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público xestionarán adecuadamente os riscos de seguranza que poidan afectar as súas redes e servizos co fin de garantir un adecuado nivel de seguranza e evitar ou reducir ao mínimo o impacto dos incidentes de seguranza nos usuarios e nas redes interconectadas.

2. Así mesmo, os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas garantirán a integridade destas co fin de asegurar a continuidade na prestación dos servizos que utilizan tales redes.

3. Os operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público notificarán ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as violacións da seguranza ou perdas de integridade que tivesen un impacto significativo na explotación das redes ou os servizos.

Cando proceda, o ministerio informará as autoridades nacionais competentes doutros Estados membros e a Axencia Europea de Seguranza nas Redes e a Información (ENISA). Así mesmo, poderá informar o público ou exixir ás empresas que o fagan, en caso de considerar que a divulgación da violación reviste interese público. Unha vez ao ano, o ministerio presentará á Comisión e á ENISA un informe resumido sobre as notificacións recibidas e as medidas adoptadas de conformidade con este punto.

Do mesmo modo, o ministerio comunicará á Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior aqueles incidentes que, por afectaren os operadores estratéxicos nacionais, sexan de interese para a mellora da protección de infraestruturas críticas, no marco da Lei 8/2011, do 28 de abril, reguladora destas. Tamén o ministerio comunicará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as violacións da seguranza ou perdas de integridade a que se refire este punto que afecten ou poidan afectar as obrigas específicas impostas pola dita Comisión nos mercados de referencia.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá os mecanismos para supervisar o cumprimento das obrigas anteriores e, de ser o caso, ditará as instrucións correspondentes, que serán vinculantes para os operadores, incluídas as relativas ás datas límite de aplicación, para que adopten determinadas medidas relativas á integridade e á seguranza de redes e servizos de comunicacións electrónicas. Entre elas, poderá impor:

a) A obriga de facilitar a información necesaria para avaliar a seguranza e a integridade dos seus servizos e redes, incluídos os documentos sobre as políticas de seguranza.

b) A obriga de someterse a unha auditoría de seguranza realizada por un organismo independente ou por unha autoridade competente, e de pór o resultado á disposición do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O custo da auditoría será sufragado polo operador.

5. En particular, os operadores garantirán a maior dispoñibilidade posible dos servizos telefónicos dispoñibles ao público a través das redes públicas de comunicacións

en caso de fallo catastrófico da rede ou en casos de forza maior, e adoptarán todas as medidas necesarias para garantir o acceso sen interrupcións aos servizos de emerxencia.

6. O presente artigo enténdese sen prexuízo do establecido no número 4 do artigo 4 da presente lei.

CAPÍTULO IV

Infraestruturas comúns e redes de comunicacións electrónicas nos edificios

Artigo 45. *Infraestruturas comúns e redes de comunicacións electrónicas nos edificios.*

1. Mediante real decreto desenvolverase a normativa legal en materia de infraestruturas comúns de comunicacións electrónicas no interior de edificios e conxuntos inmobiliarios. Este real decreto determinará, tanto o punto de interconexión da rede interior coas redes públicas como as condicións aplicables á propia rede interior. Así mesmo, regulará as garantías aplicables ao acceso aos servizos de comunicacións electrónicas a través de sistemas individuais en defecto de infraestruturas comúns de comunicacións electrónicas, e o réxime de instalación destas en todos aqueles aspectos non previstos nas disposicións con rango legal reguladoras da materia.

2. A normativa técnica básica de edificación que regule a infraestrutura de obra civil no interior dos edificios e conxuntos inmobiliarios deberá tomar en consideración as necesidades de soporte dos sistemas e redes de comunicacións electrónicas fixadas de conformidade coa normativa a que se refire o número 1, prevendo que a infraestrutura de obra civil dispoña de capacidade suficiente para permitir o paso das redes dos distintos operadores, de forma que se facilite a posibilidade de uso compartido destas infraestruturas por aqueles.

3. A normativa reguladora das infraestruturas comúns de comunicacións electrónicas promoverá a sustentabilidade das edificacións e conxuntos inmobiliarios, de uso residencial, industrial, terciario e dotacional, e facilitará a introdución daquelas tecnoloxías da información e das comunicacións que favorezan a súa eficiencia enerxética, accesibilidade e seguranza, tendendo cara á implantación progresiva en España do concepto de fogar dixital.

4. Os operadores poderán instalar os tramos finais das redes fixas de comunicacións electrónicas de acceso ultrarrápido, así como os seus recursos asociados nos edificios, predios e conxuntos inmobiliarios que estean acollidos, ou se deban acoller, ao réxime de propiedade horizontal ou aos edificios que, en todo ou en parte, fosen ou sexan obxecto de arrendamento por prazo superior a un ano, salvo os que alberguen unha soa vivenda, co obxecto de que calquera copropietario ou, de ser o caso, arrendatario do inmovible poida facer uso desas redes.

No caso de edificios en que non exista unha infraestrutura común de comunicacións electrónicas no interior do edificio ou conxunto inmobiliario, ou a existente non permita instalar o correspondente acceso ultrarrápido, esa instalación poderase realizar facendo uso dos elementos comúns da edificación. Nos casos en que non sexa posible realizar a instalación no interior da edificación ou predio por razóns técnicas ou económicas, a instalación poderase realizar utilizando as fachadas das edificacións.

O operador que se propoña instalar os tramos finais de rede e os seus recursos asociados a que se refire o presente punto deberallo comunicar por escrito á comunidade de propietarios ou, de ser o caso, ao propietario do edificio, xunto cun proxecto da actuación que pretende realizar, antes de iniciar calquera instalación. O formato, o contido e os prazos formais de presentación, tanto da comunicación escrita coma do proxecto de actuación referidos no presente parágrafo, serán determinados regulamentariamente. En todo caso, corresponderá ao operador acreditar que a comunicación escrita foi entregada.

A instalación non se poderá realizar se, no prazo dun mes desde que a comunicación se produza, a comunidade de propietarios ou o propietario acredita ante o operador que ningún dos copropietarios ou arrendatarios do edificio está interesado en dispoñer das infraestruturas propostas, ou afirma que vai realizar, dentro dos tres meses seguintes á

contestación, a instalación dunha infraestrutura común de comunicacións electrónicas no interior do edificio ou a adaptación da previamente existente que permitan tal acceso ultrarrápido. Transcorrido o prazo dun mes antes sinalado desde que a comunicación se produza sen que o operador obtivese resposta, ou o prazo de tres meses seguintes á contestación sen que se realizase a instalación da infraestrutura común de comunicacións electrónicas, o operador estará habilitado para iniciar a instalación dos tramos finais de rede e os seus recursos asociados, ben que será necesario que o operador indique á comunidade de propietarios ou ao propietario o día de inicio da instalación.

O procedemento do parágrafo anterior non será aplicable ao operador que se propoña instalar os tramos finais de rede fixa de comunicacións electrónicas de acceso ultrarrápido e os seus recursos asociados nun edificio ou conxunto inmobiliario en que outro operador iniciase ou instalase tramos finais das ditas redes; ou naqueles casos en que se trate dun tramo para dar continuidade a unha instalación que sexa necesaria para proporcionar acceso a esas redes en edificios ou predios estremeiros ou próximos e non exista outra alternativa economicamente eficiente e tecnicamente viable, todo iso sen prexuízo de que, en todo caso, deba existir unha comunicación previa mínima dun mes de antelación do operador á comunidade de propietarios ou ao propietario xunto cunha descrición da actuación que pretende realizar, antes de iniciar calquera instalación. En todo caso, será necesario que o operador indique á comunidade de propietarios ou ao propietario o día de inicio da instalación.

5. Os operadores serán responsables de calquera dano que causen nas edificacións ou predios como consecuencia das actividades de instalación das redes e recursos asociados a que se refire o número anterior.

6. Por orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo determinaranse os aspectos técnicos que deben cumprir os operadores na instalación dos recursos asociados ás redes fixas de comunicacións electrónicas de acceso ultrarrápido, así como a obra civil asociada nos supostos previstos no número 4 deste artigo, co obxectivo de reducir molestias e cargas aos cidadáns, optimizar a instalación das redes e facilitar o despregamento das redes polos distintos operadores.

7. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá impor aos operadores e aos propietarios dos correspondentes recursos asociados, logo do trámite de información pública, obrigas obxectivas, transparentes, proporcionadas e non discriminatorias relativas á utilización compartida dos tramos finais das redes de acceso, incluíndo os que discorran polo interior das edificacións e conxuntos inmobiliarios, ou ata o primeiro punto de concentración ou distribución situado no seu exterior, cando a duplicación desta infraestrutura sexa economicamente ineficiente ou fisicamente inviable.

8. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo creará e manterá un inventario centralizado e actualizado de todos aqueles edificios ou conxuntos inmobiliarios que dispoñen de infraestruturas comúns de telecomunicacións instaladas. Este inventario será posto á disposición dos operadores.

CAPÍTULO V

Dereitos dos usuarios finais

Artigo 46. *Dereitos dos usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas.*

1. Son titulares dos dereitos específicos recoñecidos neste capítulo, nas condicións establecidas nel, os usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas. Os operadores estarán obrigados a respectar os dereitos recoñecidos neste capítulo.

O recoñecemento dos dereitos específicos dos usuarios finais de redes e servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público que efectúa este capítulo enténdese sen prexuízo dos dereitos que outorga aos consumidores o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

2. As disposicións que esta lei e o seu desenvolvemento regulamentario conteñen en materia de dereitos específicos dos usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas, naqueles aspectos expresamente previstos nas disposicións do dereito da Unión Europea de que deriven, serán de aplicación preferente en caso de conflito coas disposicións que regulen con carácter xeral os dereitos dos consumidores e usuarios.

Artigo 47. Dereitos específicos dos usuarios finais de redes e servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

1. Os dereitos específicos dos usuarios finais de redes e servizos de comunicacións electrónicas estableceranse mediante real decreto, que regulará:

a) O dereito a celebrar contratos por parte dos usuarios finais cos operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, así como o contido mínimo deses contratos, sen prexuízo do disposto no artigo 53.

b) O dereito a resolver o contrato en calquera momento. Este dereito inclúe o de resolvelo anticipadamente e sen penalización no suposto de modificación das condicións contractuais impostas polo operador por motivos válidos especificados naquel e sen prexuízo doutras causas de resolución unilateral.

c) O dereito ao cambio de operador, con conservación dos números do plan nacional de numeración telefónica nos supostos en que así se prevexa no prazo máximo dun día laborable. Non se poderá transferir aos usuarios finais a outro operador en contra da súa vontade.

Os usuarios finais deberán recibir información adecuada sobre o cambio de operador, cuxo proceso é dirixido polo operador receptor, antes e durante o proceso, así como inmediatamente despois da súa conclusión.

Os contratos dos usuarios finais cos operadores cedentes, no relativo aos servizos afectados pola conservación dos números, quedarán automaticamente resoltos unha vez concluído o proceso de cambio de operador.

O atraso na conservación dos números e os abusos da conservación por parte dos operadores ou no seu nome dará dereito aos abonados a unha compensación nos termos que se establezan mediante real decreto, no cal se fixarán, así mesmo, os supostos en que esa compensación será automática. As condicións e os procedementos para a resolución dos contratos non deberán constituír un factor disuasorio para cambiar de operador.

d) O dereito á información, que deberá ser veraz, eficaz, suficiente, transparente, comparable, sobre os servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, sen prexuízo do disposto no artigo 54.

e) Os supostos, os prazos e as condicións en que o usuario, logo de solicitude, poderá exercer o dereito de desconexión de determinados servizos, prevéndose a necesidade de petición expresa para o acceso a servizos de distinta consideración.

f) O dereito á continuidade do servizo e a obter unha compensación automática pola súa interrupción, nos supostos que se determinen mediante real decreto.

g) Os supostos de aprobación por parte do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo das condicións xerais dos contratos, entre os cales se incluírán os celebrados entre os usuarios finais e os operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas con obrigas de servizo público.

A aprobación administrativa a que se refire o parágrafo anterior non exclúe o control nin administrativo nin xudicial das condicións xerais da contratación contidas nos citados contratos, conforme a normativa vixente.

h) O dereito a recibir información completa, comparable, pertinente, fiable, actualizada e de fácil consulta sobre a calidade dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público e sobre as medidas adoptadas para garantir un acceso equivalente para os usuarios finais con discapacidade.

i) O dereito a elixir un medio de pagamento para o aboamento dos correspondentes servizos entre os comunmente utilizados no tráfico comercial.

j) O dereito a acceder aos servizos de emerxencias de forma gratuíta sen ter que utilizar ningún medio de pagamento.

k) O dereito á facturación detallada, clara e sen erros, sen prexuízo do dereito a recibir facturas non detalladas por petición do usuario.

l) O dereito a deter o desvío automático de chamadas efectuado ao seu terminal por parte dun terceiro.

m) O dereito a impedir, mediante un procedemento sinxelo e gratuíto, a presentación da identificación da súa liña nas chamadas que xere ou a presentación da identificación da súa liña ao usuario que lle realice unha chamada.

Os usuarios finais non poderán exercer este dereito cando se trate de chamadas de emerxencia a través do número 112 ou comunicacións efectuadas a entidades que presten servizos de chamadas de urxencia que se determinen mediante real decreto.

Por un período de tempo limitado, os usuarios finais non poderán exercer este dereito cando o abonado á liña de destino solicítase a identificación das chamadas maliciosas ou molestas realizadas á súa liña.

n) O dereito a impedir, mediante un procedemento sinxelo e gratuíto, a presentación da identificación da liña de orixe nas chamadas entrantes e a rexeitar as chamadas entrantes en que esa liña non apareza identificada.

Neste suposto e no anterior, os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas ao público para efectuar chamadas nacionais a números dun plan nacional de numeración telefónica, así como os que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas, deberán cumprir as condicións que mediante real decreto se determinen sobre a visualización, restrición e supresión da identificación da liña de orixe e conectada.

2. Os operadores deberán dispoñer dun servizo de atención ao cliente, gratuíto para os usuarios, que teña por obxecto facilitar información e atender e resolver as queixas e reclamacións dos seus clientes.

Os servizos de atención ao cliente mediante a canle telefónica deberán garantir unha atención persoal directa, máis alá da posibilidade de utilizar complementariamente outros medios técnicos ao seu alcance para mellorar tal atención. Os operadores porán á disposición dos seus clientes métodos para a acreditación documental das xestións ou reclamacións realizadas, como o outorgamento dun número de referencia ou a posibilidade de enviar ao cliente un documento en soporte duradeiro.

Artigo 48. Dereito á protección de datos persoais e á privacidade en relación coas comunicacións non solicitadas, cos datos de tráfico e de localización e coas guías de abonados.

1. Respecto á protección de datos persoais e á privacidade en relación coas comunicacións non solicitadas os usuarios finais dos servizos de comunicacións electrónicas terán os seguintes dereitos:

a) A non recibir chamadas automáticas sen intervención humana ou mensaxes de fax, con fins de comunicación comercial sen ter prestado o seu consentimento previo e informado para iso.

b) A oporse a recibir chamadas non desexadas con fins de comunicación comercial que se efectúen mediante sistemas distintos dos establecidos na letra anterior e a ser informados deste dereito.

2. Respecto á protección de datos persoais e á privacidade en relación cos datos de tráfico e os datos de localización distintos dos datos de tráfico, os usuarios finais dos servizos de comunicacións electrónicas terán os seguintes dereitos:

a) A que se fagan anónimos ou se cancelen os seus datos de tráfico cando xa non sexan necesarios para os efectos da transmisión dunha comunicación. Os datos de tráfico necesarios para efectos da facturación dos abonados e os pagamentos das interconexións poderán ser tratados unicamente ata que expirase o prazo para a impug nación da factura

do servizo, para a devolución do cargo efectuado polo operador, para o pagamento da factura ou para que o operador poida exixir o seu pagamento.

b) A que os seus datos de tráfico sexan utilizados para promoción comercial de servizos de comunicacións electrónicas ou para a prestación de servizos de valor engadido, na medida e durante o tempo necesarios para tales servizos ou promoción comercial unicamente cando prestasen o seu consentimento informado para iso. Os usuarios finais disporán do dereito de retirar o seu consentimento para o tratamento dos datos de tráfico en calquera momento e con efecto inmediato.

c) A que só se proceda ao tratamento dos seus datos de localización distintos aos datos de tráfico cando se fixesen anónimos ou logo do seu consentimento informado e unicamente na medida e polo tempo necesarios para a prestación, de ser o caso, de servizos de valor engadido, con cofecemento inequívoco dos datos que vaian ser sometidos a tratamento, a súa finalidade e duración e o servizo de valor engadido que vaia ser prestado. Os usuarios finais disporán do dereito de retirar o seu consentimento en calquera momento e con efecto inmediato para o tratamento dos datos de localización distintos de tráfico.

Os usuarios finais non poderán exercer este dereito cando se trate de chamadas de emerxencia a través do número 112 ou comunicacións efectuadas a entidades que presten servizos de chamadas de urxencia que determine o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

3. Respecto á protección de datos persoais e á privacidade en relación coas guías de abonados, os usuarios finais dos servizos de comunicacións electrónicas terán os seguintes dereitos:

- a) A figurar nas guías de abonados.
- b) A ser informados gratuitamente da inclusión dos seus datos nas guías, así como da súa finalidade, con carácter previo a tal inclusión.
- c) A non figurar nas guías ou a solicitar a omisión dalgúns dos seus datos, na medida en que tales datos sexan pertinentes para a finalidade da guía que estipulase o seu provedor.

4. O establecido nas letras a) e c) do número 2 deste artigo enténdese sen prexuízo das obrigas establecidas na Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

Artigo 49. *Guías de abonados.*

1. A elaboración e comercialización das guías de abonados aos servizos de comunicacións electrónicas e a prestación dos servizos de información sobre eles realizarase en réxime de libre competencia.

Para tal efecto, as empresas que asignen números de teléfono aos abonados deberán dar curso a todas as solicitudes razoables de subministración de información pertinente para a prestación dos servizos de información sobre números de abonados e guías accesibles ao público, nun formato aprobado e nunhas condicións equitativas, obxectivas, orientadas en función dos custos e non discriminatorias. A subministración da citada información e a súa posterior utilización estará sometida á normativa en materia de protección de datos vixente en cada momento.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo deberá subministrar gratuitamente ás entidades que vaian elaborar guías telefónicas de abonados, ás que presten o servizo de consulta telefónica sobre números de abonado e ás que presten os servizos de chamadas de emerxencia, os datos que lle faciliten os operadores, de conformidade coas condicións que se establezan mediante real decreto.

2. Garántese o acceso dos usuarios finais aos servizos de información sobre números de abonados, para cuxa consecución o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá impor obrigas e condicións ás empresas que controlan o acceso aos

usuarios finais en materia de prestación de servizos de información sobre números de abonado que deberán ser obxectivas, equitativas, non discriminatorias e transparentes.

3. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo adoptará, sempre que sexa técnica e economicamente posible, medidas para garantir o acceso directo dos usuarios finais ao servizo de información sobre números de abonados doutro país comunitario mediante chamada vocal ou SMS.

Artigo 50. *Calidade de servizo.*

1. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse fixar requisitos mínimos de calidade de servizo que, de ser o caso, se exixan aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas, con obxecto de evitar a degradación do servizo e a obstaculización ou ralentización do tráfico nas redes, de acordo cos procedementos que se establezan mediante real decreto.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo facilitará á Comisión Europea, ao seu debido tempo antes de establecer tales requisitos, un resumo dos motivos para a acción, os requisitos previstos e a liña de acción proposta. Esa información porase tamén á disposición do Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas (ORECE).

2. Así mesmo, poderanse establecer os parámetros de calidade que se deberán cuantificar, así como os posibles mecanismos de certificación da calidade, co obxecto de garantir que os usuarios finais, incluídos os usuarios finais con discapacidade, teñan acceso a unha información completa, comparable, fiable e de fácil consulta.

Artigo 51. *Acceso a números ou servizos.*

1. Na medida que resulte necesario para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3 e, en particular, para salvagardar os dereitos e intereses dos usuarios, mediante real decreto ou nos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación e as súas disposicións de desenvolvemento, poderán establecerse requisitos sobre capacidades ou funcionalidades mínimas que deberán cumprir determinados tipos de servizos.

2. Así mesmo, mediante real decreto, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, estableceranse as condicións en que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público leven a cabo o bloqueo de acceso a números ou servizos, sempre que estea xustificado por motivos de tráfico non permitido e de tráfico irregular con fins fraudulentos, e os casos en que os prestadores de servizos de comunicacións electrónicas reteñan os correspondentes ingresos por interconexión ou outros servizos. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá ordenar o bloqueo de acceso a números ou servizos por motivos de tráfico irregular con fins fraudulentos cando teñan a súa orixe nun conflito entre operadores en materia de acceso ou interconexión que lle sexa formulado polos ditos operadores. En ningún caso se poderá exixir ao abeiro desta epígrafe o bloqueo a servizos non incluídos no ámbito de aplicación desta lei, como os servizos da sociedade da información regulados na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

3. Mediante resolución, o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá establecer que, por razóns de protección dos dereitos dos usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas, en especial, relacionadas coa facturación e as tarifas que se aplican na prestación de determinados servizos, algúns números ou rangos de numeración só sexan accesibles logo de petición expresa do usuario, nas condicións que se fixen na dita resolución.

Artigo 52. *Regulación das condicións básicas de acceso por persoas con discapacidade.*

Mediante real decreto poderanse establecer as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coas comunicacións electrónicas. Na citada norma estableceranse os requisitos que deberán cumprir os operadores para garantir que os usuarios con discapacidade:

- a) Poidan ter un acceso a servizos de comunicacións electrónicas equivalente ao que desfrutan a maioría dos usuarios finais.
- b) Se beneficien da posibilidade de elección de empresa e servizos dispoñible para a maioría de usuarios finais.

Artigo 53. *Contratos.*

1. Antes da celebración dun contrato entre usuarios finais e os operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, os operadores proporcionarán aos usuarios finais ao menos a información que para estes efectos se establece no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Adicionalmente ao establecido no parágrafo anterior, os operadores tamén proporcionarán, antes da celebración do contrato, a información específica sobre o servizo de comunicacións electrónicas que se estableza mediante real decreto, e ao menos:

- a) Descrición dos servizos para prover e posibles limitacións no seu uso.
- b) Os prezos e tarifas aplicables, cos conceptos e detalles que se establezan mediante real decreto.
- c) Duración dos contratos e causas para a súa resolución.
- d) Información sobre restricións impostas en canto ás posibilidades de utilizar o equipamento terminal subministrado.
- e) Condicións aplicables en relación coa conservación de números.

2. O contido dos contratos que se celebren entre os usuarios finais e os operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público regularase mediante real decreto, e incluírá de forma clara, comprensible e facilmente accesible, ao menos, o seguinte contido específico:

- a) Os servizos prestados, incluíndo, en particular:
 - i) Se se facilita ou non o acceso aos servizos de emerxencia e información sobre a situación das persoas que efectúan a chamada, así como calquera outra limitación para a prestación de servizos de emerxencia.
 - ii) Información sobre calquera outra condición que limite o acceso ou a utilización dos servizos e as aplicacións.
 - iii) Os niveis mínimos de calidade de servizo que se ofrecen, en particular, o prazo para a conexión inicial, así como, de ser o caso, outros parámetros de calidade de servizo establecidos regulamentariamente.
 - iv) Información sobre calquera procedemento establecido pola empresa para medir e xestionar o tráfico de forma que se evite esgotar ou saturar o enlace da rede, e información sobre a maneira en que eses procedementos poden afectar a calidade do servizo.
 - v) Os tipos de mantemento ofrecidos e os servizos de apoio facilitados ao cliente, así como os medios para entrar en contacto con tales servizos.
 - vi) Calquera restrición imposta polo provedor en canto ás posibilidades de utilizar o equipamento terminal subministrado.
- b) A decisión do abonado acerca da posibilidade de incluír ou non os seus datos persoais nunha guía determinada e os datos de que se trate.

c) A duración do contrato e as condicións para a súa renovación e para a terminación dos servizos e a resolución do contrato, incluídos:

i) Calquera uso ou duración mínimos ou outros requisitos requiridos para aproveitar as promocións.

ii) Todos os gastos relacionados coa conservación do número e outros identificadores.

iii) Todos os gastos relacionados coa resolución do contrato, incluída a recuperación de custos relacionada cos equipamentos terminais.

iv) As condicións en que nos supostos de cambio de operador con conservación de números, o operador cedente se comprometa, de ser o caso, a reembolsar calquera crédito restante nas tarxetas prepago.

d) O modo de iniciar os procedementos de resolución de litixios, de conformidade co artigo 55.

e) Os tipos de medidas que podería tomar a empresa en caso de incidentes de seguranza ou integridade ou de ameazas e vulnerabilidade.

3. Mediante real decreto poderase establecer a obrigatoriedade de que os contratos inclúan a información que determine a autoridade competente, en relación co uso das redes e servizos de comunicacións electrónicas para desenvolver actividades ilícitas ou para difundir contidos nocivos, así como sobre os medios de protección fronte a riscos para a seguranza persoal, a privacidade e os datos persoais, sempre que sexan pertinentes para o servizo prestado.

4. Os operadores deberán entregar ou remitir aos usuarios por escrito ou en calquera outro soporte duradeiro o contrato celebrado.

Artigo 54. *Transparencia e publicación de información.*

1. Mediante real decreto estableceranse as condicións para que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público publiquen información transparente, comparable, adecuada e actualizada sobre os prezos e tarifas aplicables e, de ser o caso, sobre os gastos e as condicións relacionadas coa terminación dos contratos, así como información sobre o acceso e a utilización dos servizos que prestan aos usuarios finais, que será publicada de forma clara, comprensible e facilmente accesible.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo fomentará a divulgación de información comparable con obxecto de que os usuarios finais poidan facer unha avaliación independente do custo das modalidades de uso alternativas, por exemplo, mediante guías alternativas ou técnicas similares, e regulará as condicións para que a información publicada polos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público poida ser utilizada gratuitamente por terceiros, co fin de vender ou permitir a utilización destas guías interactivas ou técnicas similares.

3. Mediante real decreto regularanse as condicións para garantir que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público:

a) Ofrezan aos abonados información sobre as tarifas aplicables en relación con calquera número ou servizo suxeitos a condicións de prezos específicas, polo que se refire a cada unha das categorías de servizos, podéndose exixir que esa información se facilite inmediatamente antes de efectuar as chamadas.

b) Informen os abonados sobre todo cambio de acceso aos servizos de emerxencia ou á información relativa á situación das persoas que efectúan as chamadas no servizo a que están abonados.

c) Informen os abonados dos cambios nas condicións que limiten o acceso ou a utilización dos servizos e das aplicacións.

d) Proporcionen información sobre calquera procedemento establecido polo provedor para medir e xestionar o tráfico de forma que se evite esgotar ou saturar o enlace da rede e sobre a maneira en que eses procedementos poden afectar a calidade do servizo.

e) Informen os abonados do seu dereito a decidir se inclúen os seus datos persoais nunha guía e os tipos de datos de que se trata.

f) Informen de forma periódica e detallada os abonados con discapacidade dos produtos e servizos dirixidos a eles.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá exixir aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público que difundan de forma gratuíta, e nun determinado formato, información de interese público aos antigos e novos abonados, cando proceda, polas mesmas vías utilizadas normalmente por estes para comunicarse cos abonados, información que cubrirá os seguintes aspectos:

a) Os usos máis comúns dos servizos de comunicacións electrónicas para desenvolver actividades ilícitas ou para difundir contidos nocivos, en particular, cando iso atente contra os dereitos e liberdades de terceiros, incluíndo as infraccións dos dereitos de autor e dereitos afíns, así como as súas consecuencias xurídicas.

b) Os medios de protección contra os riscos para a seguranza persoal, a privacidade e os datos de carácter persoal no uso dos servizos de comunicacións electrónicas.

5. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo publicará periodicamente os datos resultantes da xestión do procedemento de resolución de controversias establecido no número 1 do artigo 55. Os datos incluírán un nivel de desagregación que permita obter información acerca dos servizos, materias e operadores sobre os cales tratan as reclamacións recibidas.

Artigo 55. *Resolución de controversias.*

1. Os usuarios finais que sexan persoas físicas terán dereito a dispoñer dun procedemento extraxudicial, transparente, non discriminatorio, sinxelo e gratuíto para resolver as súas controversias cos operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, cando tales controversias se refiran aos seus dereitos específicos como usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas recoñecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento e de acordo co recollido na normativa comunitaria.

Para tal fin, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá mediante orde un procedemento conforme o cal os usuarios finais que sexan persoas físicas lle poderán someter tales controversias, conforme os principios establecidos no número anterior. Os operadores estarán obrigados a someterse ao procedemento, así como a cumprir a resolución que lle poña fin. En calquera caso, o procedemento que se adopte establecerá o prazo máximo en que se deberá notificar a resolución expresa, transcorrido o cal se poderá entender desestimada a reclamación por silencio administrativo, sen prexuízo de que a Administración de telecomunicacións teña a obriga de resolver a reclamación de forma expresa, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A resolución que se dite poderase impugnar ante a xurisdición contencioso-administrativa.

2. O establecido no número anterior enténdese sen prexuízo do dereito dos usuarios finais a someter as controversias ao coñecemento das xuntas arbitrais de consumo, de acordo coa lexislación vixente na materia. Se as xuntas arbitrais de consumo acordan coñecer sobre a controversia, non será posible acudir ao procedemento do número anterior.

TÍTULO IV

Avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos

Artigo 56. *Normalización técnica.*

1. Mediante real decreto poderanse establecer os supostos e as condicións en que os operadores de redes públicas e servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público deberán publicar as especificacións técnicas precisas e adecuadas das interfaces ofrecidas en España, con anterioridade á posibilidade de acceso público aos servizos prestados a través das ditas interfaces.

2. Mediante real decreto determinaranse as formas de elaboración, de ser o caso, das especificacións técnicas aplicables aos equipamentos e aparellos de telecomunicacións, para efectos de garantir o cumprimento dos requisitos esenciais nos procedementos de avaliación de conformidade, e fixaranse os equipamentos e aparellos exceptuados da aplicación desa avaliación.

Nos supostos en que a normativa o prevea, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá aprobar especificacións técnicas distintas das anteriores para aparellos de telecomunicación.

Artigo 57. *Avaliación da conformidade.*

1. Os aparellos de telecomunicación, entendendo por tales calquera dispositivo non excluído expresamente do real decreto que desenvolve este título que sexa equipamento radioeléctrico ou equipamento terminal de telecomunicación, ou ambas as cousas asemade, deberán avaliar a súa conformidade cos requisitos esenciais recollidos nas disposicións que o determinen, ser conformes con todas as disposicións que se establezan e incorporar a marcación correspondente como consecuencia da avaliación realizada. Poderase exceptuar da aplicación do disposto neste título o uso dos equipamentos que mediante real decreto se determine, como os equipamentos de radioaficionados construídos polo propio usuario e non dispoñibles para venda no mercado, conforme o disposto na súa regulación específica.

2. Para a importación desde terceiros países non pertencentes á Unión Europea, a posta no mercado, a posta en servizo e a utilización dun aparello de telecomunicacións dos indicados no número anterior será requisito imprescindible que o axente económico establecido na Unión Europea ou o usuario deste verifícase previamente a conformidade dos aparellos cos requisitos esenciais que lles sexan aplicables mediante os procedementos que se determinen no real decreto que se estableza para o efecto, así como o cumprimento das disposicións que se diten nel.

3. O cumprimento de todos os requisitos que se establezan no real decreto indicado inclúe a habilitación para a conexión dos aparellos destinados a conectarse aos puntos de terminación dunha rede pública de comunicacións electrónicas. Ese cumprimento non supón autorización de uso para os equipamentos radioeléctricos suxeitos á obtención de autorización ou concesión de dominio público radioeléctrico nos termos establecidos nesta lei.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá promover procedementos complementarios de certificación voluntaria para os aparellos de telecomunicación que incluírán, ao menos, a avaliación da conformidade indicada nos capítulos anteriores.

5. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá realizar os controis adecuados para asegurar que os equipamentos postos no mercado avaliaron a súa conformidade de acordo co disposto neste título. A persoa física ou xurídica responsable dos equipamentos postos no mercado facilitará de maneira gratuíta a posta á disposición dos equipamentos para poder levar a cabo eses controis.

Mediante real decreto establecerase o procedemento aplicable á retirada do mercado de produtos que incumpran o disposto neste título.

Artigo 58. *Recoñecemento mutuo.*

1. Os aparellos de telecomunicación que avaliasen a súa conformidade cos requisitos esenciais noutro Estado membro da Unión Europea ou en virtude dos acordos de recoñecemento mutuo celebrados por ela con terceiros países, e cumpran coas demais disposicións aplicables na materia, terán a mesma consideración, no que se refire ao disposto neste título IV, que os aparellos cuxa conformidade se verificou en España e cumpran, así mesmo, as demais disposicións legais na materia.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá os procedementos para o recoñecemento da conformidade dos aparellos de telecomunicación a que se refiren os acordos de recoñecemento mutuo que estableza a Unión Europea con terceiros países.

3. Os aparellos de telecomunicación que utilicen o espectro radioeléctrico con parámetros de radio non harmonizados na Unión Europea non poderán ser postos no mercado mentres non fosen autorizados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ademais de ter avaliado a conformidade coas normas aplicables a aqueles e ser conformes co resto de disposicións que lles sexan aplicables.

Artigo 59. *Condicións que deben cumprir as instalacións e instaladores.*

1. A instalación dos aparellos de telecomunicación deberá ser realizada seguindo as instrucións proporcionadas polo axente económico mantendo, en calquera caso, inalteradas as condicións baixo as cales se verificou a súa conformidade cos requisitos esenciais, nos termos establecidos nos artigos anteriores deste título.

2. A prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación realizarase en réxime de libre competencia sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Poderán prestar servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou con outra nacionalidade cando, no segundo caso, así estea previsto nos acordos internacionais que vinculen o Reino de España. Para o resto de persoas físicas ou xurídicas, o Goberno poderá autorizar excepcións de carácter xeral ou particular á regra anterior.

Mediante real decreto estableceranse os requisitos exixibles para o exercicio da actividade consistente na prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación relativos á capacidade técnica e á cualificación profesional para o exercicio da actividade, medios técnicos e cobertura mínima do seguro, aval ou de calquera outra garantía financeira. Os requisitos de acceso á actividade e o seu exercicio serán proporcionados, non discriminatorios, transparentes e obxectivos, e estarán clara e directamente vinculados ao interese xeral concreto que os xustifique.

Os interesados na prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ao Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación, por medios electrónicos ou telemáticos, unha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade.

A declaración responsable habilita para a prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación en todo o territorio español e cunha duración indefinida.

Cando se constate o incumprimento dalgún dos requisitos determinados regulamentariamente, dirixiráselle ao interesado unha notificación para que emende tal incumprimento no prazo de quince días. Transcorrido ese prazo sen que a emenda se produza, procederase a ditar resolución en que se prive de eficacia á declaración e cancelarase a inscrición rexistral.

Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado por medios electrónicos ou telemáticos,

no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza, á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, que procederá á inscrición da modificación no Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación.

Se como consecuencia da prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación se pon en perigo a seguranza das persoas ou das redes públicas de telecomunicacións, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá ditar resolución motivada pola que, logo de audiencia do interesado, se adopte de forma cautelar e inmediata e polo tempo imprescindible a suspensión do exercicio da actividade de instalación para o interesado, sen prexuízo de que se poida incoar o oportuno expediente sancionador de conformidade co establecido no título VIII.

Será libre a prestación temporal ou ocasional no territorio español de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación por persoas físicas ou xurídicas legalmente establecidas noutros Estados membros da Unión Europea para o exercicio da mesma actividade, sen prexuízo do cumprimento das obrigas en materia de recoñecemento de cualificacións profesionais que sexan de aplicación aos profesionais que se despracen.

3. O Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación será de carácter público e a súa regulación farase mediante real decreto. Nel inscribíranse de oficio os datos relativos ás persoas físicas ou xurídicas que declarasen a súa intención de prestar servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación e as súas modificacións, a partir da información contida nas declaracións. Os trámites relativos á inscrición nel non poderán supor un atraso da habilitación para exercer a actividade.

TÍTULO V

Dominio público radioeléctrico

Artigo 60. *Da administración do dominio público radioeléctrico.*

1. O espectro radioeléctrico é un ben de dominio público cuxa titularidade e administración corresponden ao Estado. Esta administración exercerase de conformidade co disposto neste título e nos tratados e acordos internacionais nos cales España sexa parte, atendendo á normativa aplicable na Unión Europea e ás resolucións e recomendacións da Unión Internacional de Telecomunicacións e doutros organismos internacionais.

2. A administración do dominio público radioeléctrico levarase a cabo tendo en conta o seu importante valor social, cultural e económico e a necesaria cooperación con outros Estados membros da Unión Europea e coa Comisión Europea na planificación estratéxica, na coordinación e na harmonización do uso do espectro radioeléctrico na Unión Europea.

No marco desta cooperación fomentárase a coordinación dos enfoques políticos en materia de espectro radioeléctrico na Unión Europea e, cando proceda, a harmonización das condicións necesarias para a creación e o funcionamento do mercado interior das comunicacións electrónicas. Para isto teranse en conta, entre outros, os aspectos económicos, de seguranza, de saúde, de interese público, de liberdade de expresión, culturais, científicos, sociais e técnicos das políticas da Unión Europea, así como os diversos intereses das comunidades de usuarios do espectro, atendendo sempre á necesidade de garantir un uso eficiente e efectivo das radiofrecuencias e aos beneficios para os consumidores, como a realización de economías de escala e a interoperabilidade dos servizos.

3. En particular, son principios aplicables á administración do dominio público radioeléctrico, entre outros, os seguintes:

- a) Garantir un uso eficaz e eficiente deste recurso.
- b) Fomentar a neutralidade tecnolóxica e dos servizos, e o mercado secundario do espectro.
- c) Fomentar unha maior competencia no mercado das comunicacións electrónicas.

4. A administración do dominio público radioeléctrico ten por obxectivo o establecemento dun marco xurídico que asegure unhas condicións harmonizadas para o seu uso e que permita a súa dispoñibilidade e uso eficiente, e abarca un conxunto de actuacións entre as cales se inclúen as seguintes:

- a) Planificación: elaboración e aprobación dos plans de utilización.
- b) Xestión: establecemento, de acordo coa planificación previa, das condicións técnicas de explotación e outorgamento dos dereitos de uso.
- c) Control: comprobación técnica das emisións, detección e eliminación de interferencias, inspección técnica de instalacións, equipamentos e aparellos radioeléctricos, así como o control da posta no mercado destes últimos.

Igualmente, inclúe a protección do dominio público radioeléctrico, que consiste, entre outras actuacións, na realización de emisións sen contidos substantivos naquelas frecuencias e canles radioeléctricas cuxos dereitos de uso, no ámbito territorial correspondente, non fosen outorgados, con independencia de que tales frecuencias ou canles radioeléctricas sexan obxecto na práctica de ocupación ou uso efectivo.

- d) Aplicación do réxime sancionador.

5. A utilización de frecuencias radioeléctricas mediante redes de satélites inclúese dentro da administración do dominio público radioeléctrico.

Así mesmo, a utilización do dominio público radioeléctrico necesaria para a utilización dos recursos órbita-espectro no ámbito da soberanía española e mediante satélites de comunicacións queda reservada ao Estado. A súa explotación estará sometida ao dereito internacional e realizarase, na forma que mediante real decreto se determine, mediante a súa xestión directa polo Estado ou mediante concesión. En todo caso, a xestión poderá tamén levarse a cabo mediante concertos con organismos internacionais.

Artigo 61. *Facultades do Goberno para a administración do dominio público radioeléctrico.*

O Goberno desenvolverá mediante real decreto as condicións para a adecuada administración do dominio público radioeléctrico. No dito real decreto regularase, como mínimo, o seguinte:

a) O procedemento para a elaboración dos plans de utilización do espectro radioeléctrico, que inclúen o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, os plans técnicos nacionais de radiodifusión e televisión, cuxa aprobación corresponderá ao Goberno, e as necesidades de espectro radioeléctrico para a defensa nacional. Os datos relativos a esta última materia terán o carácter de reservados.

b) O procedemento de determinación, control e inspección dos niveis únicos de emisión radioeléctrica tolerable e que non supoñan un perigo para a saúde pública, que deberán ser respectados en todo caso e momento polas diferentes instalacións ou infraestruturas que se vaian instalar e xa instaladas que fagan uso do dominio público radioeléctrico. Na determinación destes niveis únicos de emisión radioeléctrica tolerable teranse en conta tanto criterios técnicos no uso do dominio público radioeléctrico, como criterios de preservación da saúde das persoas, e en concordancia co disposto polas recomendacións da Comisión Europea. Tales límites deberán ser respectados, en todo caso, polo resto de administracións públicas, tanto autonómicas como locais.

c) Os procedementos, prazos e condicións para a habilitación do exercicio dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, que revestirá a forma de autorización xeral, autorización individual, afectación ou concesión administrativas.

En particular, regularanse os procedementos abertos de outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, que se basearán en criterios obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionados e terán en conta, entre outras circunstancias, a tecnoloxía utilizada, o interese dos servizos, as bandas e o seu grao de aproveitamento. Tamén terán en consideración a valoración económica para o interesado

do uso do dominio público, dado que este é un recurso escaso e, de ser o caso, as ofertas presentadas polos licitadores.

Non obstante o anterior, cando resulte necesario o outorgamento de dereitos individuais de utilización de radiofrecuencias a provedores de servizos de contidos radiofónicos ou televisivos para lograr un obxectivo de interese xeral establecido de conformidade co dereito da Unión Europea, poderán establecerse excepcións ao requisito de procedemento aberto.

d) O procedemento para a reasignación do uso de bandas de frecuencias co obxectivo de alcanzar un uso máis eficiente do espectro radioeléctrico, en función da súa idoneidade para a prestación de novos servizos ou da avaliación das tecnoloxías, que poderá incluír o calendario de actuacións e a avaliación dos custos asociados, en particular, os ocasionados aos titulares de dereitos de uso afectados por estas actuacións de reasignación, que se poderán ver compensados a través dun fondo económico ou calquera outro mecanismo de compensación que se estableza.

e) As condicións non discriminatorias, proporcionadas e transparentes asociadas aos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico, entre as cales se incluírán as necesarias para garantir o uso efectivo e eficiente das frecuencias e dos compromisos contraídos polos operadores nos procesos de licitación previstos no artigo 63. Estas condicións buscarán promover en todo caso a consecución dos maiores beneficios posibles para os usuarios, así como manter os incentivos suficientes para o investimento e a innovación.

f) As condicións de outorgamento de títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico para fins experimentais ou eventos de curta duración.

g) A adecuada utilización do espectro radioeléctrico mediante o emprego de equipamentos e aparellos.

Artigo 62. *Títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.*

1. O uso do dominio público radioeléctrico poderá ser común, especial ou privativo.

O uso común do dominio público radioeléctrico non precisará de ningún título habilitante e levarase a cabo nas bandas de frecuencias e coas características técnicas que se establezan para o efecto.

O uso especial do dominio público radioeléctrico é o que se leve a cabo das bandas de frecuencias habilitadas para a súa explotación de forma compartida, sen limitación de número de operadores ou usuarios e coas condicións técnicas e para os servizos que se establezan en cada caso.

O uso privativo do dominio público radioeléctrico é o que se realiza mediante a explotación en exclusiva ou por un número limitado de usuarios de determinadas frecuencias nun mesmo ámbito físico de aplicación.

2. Os títulos habilitantes mediante os cales se outorguen dereitos de uso do dominio público radioeléctrico revestirán a forma de autorización xeral, autorización individual, afectación ou concesión administrativas. O prazo para o outorgamento dos títulos habilitantes será de seis semanas desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente, sen prexuízo do establecido para os dereitos de uso con limitación de número. Este prazo non será de aplicación cando sexa necesaria a coordinación internacional de frecuencias ou afecte reservas de posicións orbitais.

3. O outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico revestirá a forma de autorización xeral nos supostos de uso especial das bandas de frecuencia habilitadas para tal efecto a través de redes públicas de comunicacións electrónicas instaladas ou explotadas por operadores de comunicacións electrónicas.

A autorización xeral entenderase concedida sen máis trámite que a notificación á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, mediante o procedemento e cos requisitos que se establezan mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, sen prexuízo da obriga de aboamento das taxas correspondentes. Cando esa Secretaría de Estado constata que a notificación non reúne

os requisitos establecidos anteriormente ditará resolución motivada nun prazo máximo de 15 días, e non considerará aquela realizada.

4. O outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico revestirá a forma de autorización individual nos seguintes supostos:

a) Se se trata dunha reserva de dereito de uso especial por radioaficionados ou outros sen contido económico en cuxa regulación específica así se estableza.

b) Se se outorga o dereito de uso privativo para autoprestación polo solicitante, salvo no caso de administracións públicas, que requirirán de afectación demanial.

5. No resto de supostos non previstos nos números anteriores, o dereito ao uso privativo do dominio público radioeléctrico requirirá unha concesión administrativa. Para o outorgamento desa concesión, será requisito previo que os solicitantes teñan a condición de operador de comunicacións electrónicas e que neles non concorran algunha das prohibicións de contratar reguladas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico reservado para a prestación de servizos audiovisuais será outorgada pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información anexa ao título habilitante audiovisual. A duración destas concesións será a do título habilitante audiovisual. Nestes supostos, o operador en cuxo favor se outorgue a concesión non ten por que ter a condición de operador de comunicacións electrónicas senón a de prestador de servizos audiovisuais.

6. É competencia da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información o outorgamento dos títulos habilitantes salvo nos supostos de outorgamento por procedemento de licitación recollido no artigo 63.

As resolucións mediante as cales se outorguen as concesións de dominio público radioeléctrico ditaranse na forma e nos prazos que se determinen mediante real decreto que establecerá, así mesmo, a información que se fará pública sobre esas concesións.

7. Quen resulte seleccionado para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas harmonizados en procedementos de licitación convocados polas institucións da Unión Europea en que se estableza a reserva ao seu favor de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico inscribírase de oficio no Rexistro de operadores. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información outorgará a concesión demanial aos operadores antes mencionados. Nas citadas concesións incluíranse, entre outras, as condicións que proceda establecidas nos procedementos de licitación, así como os compromisos adquiridos polo operador no dito procedemento.

8. No Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias ou nos pregos reguladores dos procedementos de licitación para o outorgamento de títulos habilitantes poderanse establecer cautelas para evitar comportamentos especulativos ou acaparamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, en particular, mediante a fixación de límites na cantidade de frecuencias que poderá utilizar un mesmo operador ou grupo empresarial ou a fixación de prazos estritos para a explotación dos dereitos de uso por parte do seu titular. Para tal efecto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá adoptar medidas tales como ordenar a venda ou a cesión de dereitos de uso de radiofrecuencias. Estas cautelas estableceranse e aplicaranse de maneira que sexan proporcionadas, non discriminatorias e transparentes.

9. Con carácter previo á utilización do dominio público radioeléctrico, exixírase preceptivamente a aprobación do proxecto técnico e a inspección ou o recoñecemento favorable das instalacións pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, co fin de comprobar que se axustan ás condicións previamente autorizadas.

En función da natureza do servizo, da banda de frecuencias empregada, da importancia técnica das instalacións que se utilicen ou por razóns de eficacia na xestión do espectro, poderase substituír a aprobación do proxecto técnico por unha declaración responsable de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poida exixir en calquera momento a presentación do proxecto técnico. Así mesmo, poderase acordar a substitución da inspección previa por unha certificación expedida por técnico competente.

10. Os operadores que exploten as redes ou servizos de comunicacións electrónicas que fagan uso do dominio público radioeléctrico deberán dispoñer do correspondente título habilitante do dito uso.

Os operadores que vaian efectuar materialmente emisións radioeléctricas mediante o uso do dominio público radioeléctrico por encarga doutras persoas ou entidades deberán verificar, previamente ao inicio desas emisións, que as entidades a cuxa disposición poñen a súa rede posúen o correspondente título habilitante en materia de uso do dominio público radioeléctrico. Estes operadores non poderán pór á disposición das entidades referidas a súa rede e, en consecuencia, non poderán dar o acceso á súa rede a esas entidades nin poderán efectuar as mencionadas emisións en caso de ausencia do citado título habilitante.

Artigo 63. Títulos habilitantes outorgados mediante un procedemento de licitación.

1. Cando sexa preciso para garantir o uso eficaz e eficiente do espectro radioeléctrico, tendo debidamente en conta a necesidade de conseguir os máximos beneficios para os usuarios e facilitar o desenvolvemento da competencia, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá, logo de audiencia ás partes interesadas, incluídas as asociacións de consumidores e usuarios, limitar o número de concesións demaniais que se outorgarán sobre o dito dominio para a explotación de redes públicas e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas. Toda decisión de limitar o outorgamento de dereitos de uso deberá ser publicada, expoñendo os seus motivos. A limitación do número de títulos habilitantes será revisable polo propio ministerio, de oficio ou por instancia de parte, na medida en que desaparezan as causas que a motivaron.

2. Cando, de conformidade co previsto no número anterior, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo limite o número de concesións demaniais que se poderán outorgar nunha determinada banda de frecuencias, tramitarase un procedemento de licitación para o seu outorgamento, que respectará en todo caso os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación para todas as partes interesadas. Para isto aprobarase, mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, a convocatoria e o prego de bases polo cal se rexerá a licitación.

O procedemento de licitación deberase resolver mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo nun prazo máximo de oito meses desde a convocatoria da licitación.

Artigo 64. Duración, modificación, extinción e revogación dos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.

1. Os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico sen limitación de número outorgaranse, con carácter xeral, por un período que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpran o seu quinto ano de vixencia, renovables por períodos de cinco anos en función das dispoñibilidades e previsións da planificación de tal dominio público. Mediante real decreto determinaranse os supostos en que se poderá fixar un período de duración distinto para os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico sen limitación de número.

2. Os dereitos de uso privativo con limitación de número terán a duración prevista nos correspondentes procedementos de licitación que, en todo caso, será dun máximo de vinte anos, incluíndo posibles prórrogas e sen posibilidade de renovación automática. Á hora de determinar no procedemento de licitación a duración concreta dos dereitos de uso, teranse en conta, entre outros criterios, os investimentos que se exixan e os prazos para a súa amortización, as obrigas vinculadas aos dereitos de uso, como a cobertura

mínima que se impoña, e as bandas de frecuencias cuxos dereitos de uso se outorguen, nos termos que se concreten mediante real decreto.

3. Conforme os principios de obxectividade e de proporcionalidade, atendendo principalmente ás necesidades da planificación e do uso eficiente e á dispoñibilidade do espectro radioeléctrico, nos termos establecidos mediante real decreto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá modificar os títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico, logo de audiencia do interesado.

Cando os títulos fosen outorgados polo procedemento de licitación requirirase, ademais, informe previo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e audiencia do Consello de Consumidores e Usuarios e, de ser o caso, das asociacións máis representativas dos restantes usuarios durante un prazo suficiente que, salvo en circunstancias excepcionais, non poderá ser inferior a catro semanas. Nestes casos a modificación realizarase mediante orde ministerial, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que establecerá un prazo para que os titulares se adapten a ela.

A modificación dos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico, nos casos en que xustificadamente haxa que establecer condicións distintas ás que existían cando se outorgou o título, poderá consistir en prolongar a duración de dereitos xa existentes, incluso máis alá das duracións establecidas nos números anteriores.

4. Os títulos habilitantes para o uso do dominio público extinguiranse:

a) Polas causas que resulten aplicables das resinadas no artigo 100 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

b) Por morte do titular do dereito de uso do dominio público radioeléctrico ou extinción da persoa xurídica titular.

c) Por renuncia do titular, con efectos desde a súa aceptación polo órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

d) Por perda da condición de operador do titular do dereito de uso do dominio público radioeléctrico, cando esa condición fose necesaria, ou calquera causa que imposibilite a prestación do servizo polo seu titular.

e) Por falta de pagamento da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

f) Por perda de adecuación das características técnicas da rede ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, sen que exista posibilidade de outorgar ao titular outras bandas.

g) Por mutuo acordo entre o titular e o órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

h) Por transcurso do tempo para o cal se outorgaron. No caso dos dereitos de uso sen limitación de número, polo transcurso do tempo para o cal se outorgaron sen que se efectuase a súa renovación.

i) Por incumprimento grave e reiterado das obrigas do titular establecidas como causa de revogación.

j) Por aquelas outras causas que se establezan no título habilitante, conforme a presente lei.

5. O órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través do procedemento administrativo xeral da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá acordar a revogación dos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico polas seguintes causas:

a) Incumprimento das condicións e requisitos técnicos aplicables ao uso do dominio público radioeléctrico.

b) Non pagar o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

c) Non efectuar un uso eficaz ou eficiente do dominio público radioeléctrico.

d) A revogación sucesiva de dúas autorizacións administrativas de transferencia de título ou de cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico sobre o mesmo título habilitante no prazo dun ano.

e) A utilización das frecuencias con fins distintos aos que motivaron a súa asignación ou para outros diferentes dos da prestación do servizo ou o exercicio da actividade que motivase a súa asignación.

Artigo 65. *Protección activa do dominio público radioeléctrico.*

1. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá efectuar en calquera momento unha protección activa do dominio público radioeléctrico mediante a realización de emisións sen contidos substantivos naquelas frecuencias e canles radioeléctricas cuxos dereitos de uso, no ámbito territorial correspondente, non fosen outorgados.

Esta potestade exercerase sen prexuízo das actuacións inspectoras e sancionadoras que se poidan levar a cabo para depurar as responsabilidades en que se tivese podido incorrer polo uso do dominio público radioeléctrico sen dispoñer de título habilitante, pola produción de interferencias prexudiciais ou pola comisión de calquera outra infracción tipificada no marco do réxime sancionador establecido no título VIII desta lei.

2. Mediante real decreto regularase o procedemento para o exercicio da potestade de protección activa do dominio público radioeléctrico no caso de que a frecuencia ou canle radioeléctrica sexa obxecto dunha ocupación ou uso efectivo sen que se dispoña de título habilitante, con suxeición ás seguintes normas:

a) Constatarse a ocupación ou uso efectivo da frecuencia ou canle radioeléctrica sen que se dispoña de título habilitante.

b) Efectuarase un trámite de audiencia previa á persoa física ou xurídica que estea efectuando a ocupación ou o uso da frecuencia ou canle radioeléctrica sen título habilitante ou, de ser o caso, ao titular das infraestruturas, do predio ou do inmovible desde onde se produce a emisión nesa frecuencia, para que no prazo de 10 días hábiles alegue o que estime oportuno.

c) De ser o caso, unha vez efectuado o trámite de audiencia previa, requirirase a persoa ou titular mencionado anteriormente co que se emitiu o dito trámite, para que no prazo de 8 días hábiles proceda á cesación das emisións non autorizadas.

d) No caso de que non se proceda á cesación das emisións non autorizadas, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá iniciar as súas emisións en tal frecuencia ou canle radioeléctrica.

Artigo 66. *Neutralidade tecnolóxica e de servizos no uso do dominio público radioeléctrico.*

1. Nas bandas de radiofrecuencias declaradas dispoñibles para os servizos de comunicacións electrónicas no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias poderase empregar calquera tipo de tecnoloxía utilizada para os servizos de comunicacións electrónicas de conformidade co dereito da Unión Europea.

Poderán, non obstante, preverse restricións proporcionadas e non discriminatorias aos tipos de tecnoloxía de acceso sen fíos ou rede radioeléctrica utilizados para os servizos de comunicacións electrónicas cando sexa necesario para:

- a) Evitar interferencias prexudiciais.
- b) Protexer a saúde pública fronte aos campos electromagnéticos.
- c) Asegurar a calidade técnica do servizo.
- d) Garantir un uso compartido máximo das radiofrecuencias.
- e) Garantir un uso eficiente do espectro.
- f) Garantir o logro dun obxectivo de interese xeral.

2. Nas bandas de radiofrecuencias declaradas dispoñibles para os servizos de comunicacións electrónicas no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias poderase prestar calquera tipo de servizos de comunicacións electrónicas, de conformidade co dereito da Unión Europea.

Poderán, non obstante, preverse restricións proporcionadas e non discriminatorias aos tipos de servizos de comunicacións electrónicas que se presten incluído, cando proceda, o cumprimento dun requisito do Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

As medidas que exixan que un servizo de comunicacións electrónicas se preste nunha banda específica dispoñible para os servizos de comunicacións electrónicas deberán estar xustificadas para garantir o logro de obxectivos de interese xeral definidos conforme o dereito da Unión Europea, tales como:

- a) A seguranza da vida.
- b) A promoción da cohesión social, rexional ou territorial.
- c) A evitación do uso ineficiente das radiofrecuencias.
- d) A promoción da diversidade cultural e lingüística e do pluralismo dos medios de comunicación mediante, por exemplo, a prestación de servizos de radiodifusión e televisión.

Unicamente se imporá a atribución específica dunha banda de frecuencias para a prestación dun determinado servizo de comunicacións electrónicas cando estea xustificado pola necesidade de protexer servizos relacionados coa seguranza da vida ou, excepcionalmente, cando sexa necesario para alcanzar obxectivos de interese xeral definidos conforme o dereito da Unión Europea.

3. As restricións á utilización de bandas de frecuencias que, de ser o caso, se establezan de conformidade cos números anteriores só se poderán adoptar tras ter dado ás partes interesadas a oportunidade de formular observacións sobre a medida proposta, nun prazo razoable.

4. Periodicamente, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información revisará a pertinencia de manter as restricións á utilización de bandas de frecuencias que, de ser o caso, se establezan de conformidade cos números anteriores, fará públicos os resultados destas revisións e elevará as propostas correspondentes ao órgano competente para a súa aprobación.

Artigo 67. *Mercado secundario no dominio público radioeléctrico.*

1. Os títulos habilitantes de uso do dominio público radioeléctrico poderán ser transferidos e os dereitos de uso do dominio público radioeléctrico poderán ser cedidos, xa sexa de forma total ou parcial, nas condicións de autorización que se establezan mediante real decreto.

En tal real decreto identificaranse igualmente as bandas de frecuencia en que se poden efectuar operacións de transferencia de títulos ou cesión de dereitos de uso de dominio público radioeléctrico, en particular, as bandas de frecuencias que, de ser o caso, se identifiquen no ámbito da Unión Europea.

2. No caso da cesión total ou parcial, esta en ningún caso eximirá o titular do dereito de uso cedente das obrigas asumidas fronte á Administración. Calquera transferencia de título habilitante ou cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico deberá en todo caso respectar as condicións técnicas de uso establecidas no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias ou nos plans técnicos ou as que, de ser o caso, estean fixadas nas medidas técnicas de aplicación da Unión Europea.

3. Mediante real decreto estableceranse as restricións á transferencia ou arrendamento de dereitos individuais de uso de radiofrecuencias cando tales dereitos se obtivesen inicialmente de forma gratuíta.

TÍTULO VI

A administración das telecomunicacións

Artigo 68. *Competencias da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.*

1. Terán a consideración de Autoridade Nacional de Regulamentación de Telecomunicacións:

- a) O Goberno.
- b) Os órganos superiores e directivos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que, de conformidade coa estrutura orgánica do departamento, asuman as competencias asignadas a este ministerio en materias reguladas por esta lei.
- c) Os órganos superiores e directivos do Ministerio de Economía e Competitividade que, de conformidade coa estrutura orgánica do departamento, asuman as competencias asignadas a este ministerio en materias reguladas por esta lei.
- d) A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no exercicio das competencias que se lle asignaron en materias reguladas por esta lei.

2. No desenvolvemento das competencias que teñan encomendadas, as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o número 1 cooperarán mutuamente, cos restantes órganos de control doutros Estados e cos organismos pertinentes da Unión Europea, co fin de fomentar a aplicación coherente da normativa comunitaria en materia de comunicacións electrónicas e contribuír ao desenvolvemento do mercado interior. Con tal fin, apoiarán activamente os obxectivos da Comisión e do Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas (ORECE) de promover unha maior coordinación. Así mesmo, colaborarán con ambas as institucións, co fin de determinar qué tipos de instrumentos e solucións son os máis apropiados para tratar situacións particulares de mercado.

3. No desenvolvemento das competencias que teñan encomendadas as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o número 1, aplicarán principios reguladores obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionados, conforme os seguintes fins e criterios:

- a) Promover un contorno regulador previsible, garantindo un enfoque regulador coherente en períodos de revisión apropiados.
- b) Fomentar o investimento eficiente orientado ao mercado e á innovación en infraestruturas novas e melloradas, incluso asegurando que toda obriga relativa ao acceso teña debidamente en conta os riscos en que incorren as empresas investidoras, e permitir diferentes modalidades de cooperación entre os investidores e as partes que soliciten o acceso, co fin de diversificar o risco dos investimentos e velar por que se respecten a competencia no mercado e o principio de non discriminación.
- c) Impor obrigas específicas unicamente cando non exista unha competencia efectiva e sustentable e suprimir esas obrigas en canto se constate o cumprimento desa condición.
- d) Garantir que, en circunstancias similares, non se dispense un trato discriminatorio ás empresas subministradoras de redes e servizos de comunicacións electrónicas.
- e) Salvagardar a competencia en beneficio dos consumidores e promover, cando sexa posible, a competencia baseada nas infraestruturas.
- f) Ter debidamente en conta a variedade de condicións en canto á competencia e aos consumidores que existen nas distintas rexións xeográficas.
- g) Exercer as súas responsabilidades de tal modo que se promova a eficiencia, a competencia sustentable e o máximo beneficio para os usuarios finais.

Artigo 69. *Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.*

Os órganos superiores e directivos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que, de conformidade coa estrutura orgánica do departamento, asuman as competencias asignadas a este ministerio, exercerán as seguintes funcións:

- a) Executar a política adoptada polo Goberno nos servizos de telecomunicacións para a defensa nacional e a protección civil a que se refire o artigo 4 da presente lei.
- b) Xestionar o Rexistro de Operadores.
- c) Exercer as competencias que en materia de acceso ás redes e recursos asociados, interoperabilidade e interconexión lle atribúe a presente lei e o seu desenvolvemento regulamentario, en particular, nos seguintes supostos:

1. Nos procedementos de licitación para a obtención de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico.

2. Cando se faga necesario para garantir o cumprimento da normativa sobre datos persoais e protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas.

3. Cando resulte preciso para garantir o cumprimento de compromisos internacionais en materia de telecomunicacións.

- d) Propor ao Goberno a aprobación dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación, o outorgamento dos dereitos de uso dos recursos públicos regulados en tales plans e exercer as demais competencias que lle atribúe o capítulo V do título II da presente lei.

- e) Propor ao Goberno a política que se debe seguir para facilitar o desenvolvemento e a evolución das obrigas de servizo público a que se fai referencia no capítulo I do título III e que desenvolverá asumindo a competencia de control e seguimento das obrigas de servizo público que correspondan aos distintos operadores na explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

- f) Propor ao Goberno a política que se debe seguir para recoñecer e garantir os dereitos e as obrigas de carácter público na explotación de redes e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas así como os dereitos dos usuarios finais a que se fai referencia nos capítulos II, III e V do título III.

- g) Xestionar o Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación.

- h) Formular as propostas para a elaboración de normativa relativa ás infraestruturas comúns de comunicacións electrónicas no interior de edificios e conxuntos inmobiliarios, e o seguimento da súa implantación en España.

- i) Exercer as funcións en materia da avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos a que se refire o título IV.

- j) Exercer as funcións en materia de administración do dominio público radioeléctrico a que se refire o título V. En particular, exercerá as seguintes funcións:

1. A proposta de planificación, a xestión e o control do dominio público radioeléctrico, así como a tramitación e o outorgamento dos títulos habilitantes para a súa utilización.

2. O exercicio das funcións atribuídas á Administración xeral do Estado en materia de autorización e inspección de instalacións radioeléctricas en relación cos niveis únicos de emisión radioeléctrica permitidos a que se refire o artigo 61 desta lei.

3. A xestión dun rexistro público de radiofrecuencias, accesible a través da internet, en que constarán os titulares de concesións administrativas para o uso privativo do dominio público radioeléctrico.

4. A elaboración de proxectos e o desenvolvemento dos plans técnicos nacionais de radiodifusión e televisión.

5. A comprobación técnica de emisións radioeléctricas para a identificación, localización e eliminación de interferencias prexudiciais, infraccións, irregularidades e perturbacións dos sistemas de radiocomunicación, e a verificación do uso efectivo e eficiente do dominio público radioeléctrico por parte dos titulares de dereitos de uso.

6. A protección do dominio público radioeléctrico, para o cal poderá, entre outras actuacións, realizar emisións naquelas frecuencias e canles radioeléctricas cuxos dereitos de uso, no ámbito territorial correspondente, non fosen outorgados.

7. A xestión da asignación dos recursos órbita-espectro para comunicacións por satélite.

8. A elaboración de estudos e informes e, en xeral, o asesoramento da Administración xeral do Estado en todo o relativo á administración do dominio público radioeléctrico.

9. A participación nos organismos internacionais relacionados coa planificación do espectro radioeléctrico.

k) Xestionar en período voluntario as taxas en materia de telecomunicacións a que se refire a presente lei.

l) Exercer as funcións de xestión, liquidación, inspección e recadación en período voluntario das achegas que deben realizar os operadores de telecomunicacións e os prestadores privados do servizo de comunicación audiovisual televisiva, de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, reguladas nos artigos 5 e 6 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación Radio e Televisión Española.

m) Realizar as funcións atribuídas de maneira expresa pola normativa comunitaria, a presente lei e a súa normativa de desenvolvemento.

n) Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 70. *A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. A natureza, as funcións, a estrutura, o persoal, o orzamento e as demais materias que configuran a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia están reguladas na Lei de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. En particular, nas materias reguladas pola presente lei, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as seguintes funcións:

a) Definir e analizar os mercados de referencia relativos a redes e servizos de comunicacións electrónicas, entre os cales se incluírán os correspondentes mercados de referencia por xunto e polo miúdo, e o seu ámbito xeográfico, cuxas características poden xustificar a imposición de obrigas específicas, nos termos establecidos no artigo 13 da presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

b) Identificar o operador ou operadores que posúen un poder significativo no mercado cando da análise dos mercados de referencia se constate que non se desenvolven nun contorno de competencia efectiva.

c) Establecer, cando proceda, as obrigas específicas que correspondan aos operadores con poder significativo en mercados de referencia, nos termos establecidos no artigo 14 da presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

d) Resolver os conflitos nos mercados de comunicacións electrónicas a que se refire o artigo 15 da presente lei.

En particular, corresponderalle resolver conflitos entre operadores relativos á determinación das condicións concretas para a posta en práctica da obriga imposta polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo da utilización compartida do dominio público ou da propiedade privada, ou da situación compartida de infraestruturas e recursos asociados, de acordo co procedemento regulado no artigo 32 da presente lei, así como resolver conflitos sobre o acceso a infraestruturas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas e o acceso ás redes de comunicacións electrónicas titularidade dos órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal, nos termos establecidos polos artigos 37 e 38 da presente lei.

e) Decidir a imposición, como medida excepcional, aos operadores con poder significativo no mercado integrados verticalmente, da obriga de separación funcional de acordo cos requisitos e procedementos indicados no artigo 16 da presente lei.

f) Fixar as características e condicións para a conservación dos números en aplicación dos aspectos técnicos e administrativos que mediante real decreto se establezan para que esta se leve a cabo.

g) Intervir nas relacións entre operadores ou entre operadores e outras entidades que se beneficien das obrigas de acceso e interconexión, con obxecto de fomentar e, de ser o caso, garantir a adecuación do acceso, a interconexión e a interoperabilidade dos servizos, nos termos establecidos no artigo 12 da presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

h) Determinar a contía que supón o custo neto na prestación do servizo universal a que se refire ao artigo 27 da presente lei.

i) Definir e revisar a metodoloxía para determinar o custo neto do servizo universal, tanto no que respecta á imputación de custos como á atribución de ingresos, que se deberá basear en procedementos e criterios obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionais e ter carácter público.

j) Establecer o procedemento para cuantificar os beneficios non monetarios obtidos polo operador ou operadores encargados da prestación do servizo universal.

k) Decidir a imposición de obrigas aos operadores que dispoñan de interfaces de programa de aplicacións (API) e guías electrónicas de programación (EPG) para que faciliten o acceso a estes recursos, na medida que sexa necesario para garantir o acceso dos usuarios finais a determinados servizos dixitais de radiodifusión e televisión.

l) Ser consultada polo Goberno e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia de comunicacións electrónicas, particularmente naquelas materias que poidan afectar o desenvolvemento libre e competitivo do mercado. Igualmente poderá ser consultada en materia de comunicacións electrónicas polas comunidades autónomas e polas corporacións locais.

No exercicio desta función, participará, mediante informe, no proceso de elaboración de normas que afecten o seu ámbito de competencias en materia de comunicacións electrónicas.

m) Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito como de equidade, que lle sexan sometidas polos operadores de comunicacións electrónicas en aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

n) Realizar as funcións atribuídas de maneira expresa pola normativa comunitaria, pola presente lei e pola súa normativa de desenvolvemento.

ñ) Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

TÍTULO VII

Taxas en materia de telecomunicacións

Artigo 71. *Taxas en materia de telecomunicacións.*

1. As taxas en materia de telecomunicacións xestionadas pola Administración xeral do Estado serán as recollidas no anexo I desta lei.

2. Estas taxas terán como finalidade:

a) Cubrir os gastos administrativos que ocasione o traballo de regulación relativo á preparación e posta en práctica do dereito comunitario derivado e actos administrativos, como as relativas á interconexión e ao acceso.

b) Os que ocasionen a xestión, o control e a execución do réxime establecido nesta lei.

c) Os que ocasionen a xestión, o control e a execución dos dereitos de ocupación do dominio público, os dereitos de uso do dominio público radioeléctrico e a numeración.

d) A xestión das notificacións reguladas no artigo 6 desta lei.

e) Os gastos de cooperación internacional, harmonización e normalización e a análise de mercado.

3. Sen prexuízo do disposto no número 2, as taxas establecidas polo uso do dominio público radioeléctrico, a numeración e o dominio público necesario para a instalación de redes de comunicacións electrónicas terán como finalidade a necesidade de garantir o uso óptimo destes recursos, tendo en conta o valor do ben cuxo uso se outorga e a súa escaseza. Estas taxas deberán ser non discriminatorias, transparentes, xustificadas obxectivamente e ser proporcionadas ao seu fin. Así mesmo, deberán fomentar o cumprimento dos obxectivos e principios establecidos no artigo 3, nos termos que se establezan mediante real decreto.

4. As taxas a que se refiren os números anteriores serán impostas de maneira obxectiva, transparente e proporcional, de maneira que se minimicen os custos administrativos adicionais e as cargas que derivan deles.

5. A revisión en vía administrativa dos actos de aplicación, xestión e recadación das taxas en materia de telecomunicacións deberase ater ao previsto no artigo 22.3 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

6. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, respecto das taxas a que se refire o número 1, e as administracións competentes que xestionen e liquiden taxas subsumibles no número 2 deste artigo, publicarán un resumo anual dos gastos administrativos que xustifican a súa imposición e do importe total da recadación. Así mesmo, as administracións competentes que xestionen e liquiden taxas subsumibles no número 3 deste artigo publicarán anualmente o importe total da recadación obtida dos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

TÍTULO VIII

Inspección e réxime sancionador

Artigo 72. *Funcións inspectoras.*

1. A función inspectora en materia de telecomunicacións corresponde:
 - a) Ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
 - b) Á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
2. Será competencia do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a inspección:
 - a) Dos servizos e das redes de comunicacións electrónicas e das súas condicións de prestación e explotación.
 - b) Dos equipamentos e aparellos, das instalacións e dos sistemas civís.
 - c) Do dominio público radioeléctrico.
 - d) Dos servizos de tarificación adicional que se soporten sobre redes e servizos de comunicacións electrónicas.
3. Corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos termos establecidos na Lei de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a inspección das actividades dos operadores de telecomunicacións respecto das cales teña competencia sancionadora de conformidade con esta lei.
4. Para a realización de determinadas actividades de inspección técnica, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en materias da súa competencia no ámbito de aplicación desta lei, poderá solicitar a actuación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Artigo 73. *Facultades de inspección.*

1. Os funcionarios destinados na Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo teñen, no exercicio das súas funcións inspectoras en materia de telecomunicacións, a consideración

de autoridade pública e poderán solicitar, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio necesario dos Corpos e Forzas de Seguridade.

2. Os operadores ou quen realice as actividades a que se refire esta lei estarán obrigados a facilitar ao persoal de inspección, no exercicio das súas funcións, o acceso ás súas instalacións. Tamén deberán permitir que ese persoal leve a cabo o control dos elementos afectos aos servizos ou actividades que realicen, das redes que instalen ou exploten e de cantos documentos están obrigados a posuír ou conservar.

Os titulares de predios ou bens inmobles en que se instalen equipamentos, estacións ou calquera clase de instalacións de telecomunicacións terán a obriga de permitir o acceso a eses bens por parte do persoal de inspección a que se refire este artigo. Para estes efectos, o acceso polo persoal de inspección aos mencionados predios ou inmobles requirirá o consentimento deses titulares ou autorización xudicial só cando sexa necesario entrar nun domicilio constitucionalmente protexido ou efectuar rexistros neste. Os órganos xurisdiccionais do contencioso-administrativo resolverán sobre o outorgamento da autorización xudicial no prazo máximo de 72 horas.

3. Os operadores ou quen realice as actividades a que se refire esta lei quedan obrigados a pór á disposición do persoal de inspección cantos libros, rexistros e documentos, sexa cal for o seu soporte, e medios técnicos este considere precisos, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

Así mesmo, deberánlles facilitar, á súa petición, calquera tipo de documentación que o persoal da Inspección lles exixa para a determinación da titularidade dos equipamentos ou a autoría de emisións ou actividades.

4. As obrigas establecidas nos dous números anteriores serán exixibles aos operadores ou a quen realice as actividades a que se refire esta lei e que sexan directamente responsables da explotación da rede, a prestación do servizo ou a realización da actividade regulada por esta lei, e tamén serán exixibles a aqueles que dean soporte ás actuacións anteriores, aos titulares dos predios ou inmobles onde se sitúen equipamentos ou instalacións de telecomunicacións, ás asociacións de empresas e aos administradores e outros membros do persoal de todas elas.

5. Os operadores, ou quen realice as actividades a que se refire esta lei, están obrigados a someterse ás inspeccións dos funcionarios do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. A negativa ou obstrución ao acceso ás instalacións, predios ou bens inmobles, ou a facilitar a información ou documentación requirida, será sancionada, conforme os artigos seguintes deste título, como obstrución ao labor inspector.

6. En particular, o persoal de inspección terá as seguintes facultades:

a) Precintar todos os locais, instalacións, equipamentos, libros ou documentos e demais bens da empresa durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección.

b) Realizar comprobacións, medicións, obter fotografías, vídeos e gravacións de imaxe ou son.

7. As actuacións de inspección, comprobación ou investigación levadas a cabo polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderán desenvolverse, por elección dos seus servizos:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da persoa ou entidade inspeccionada ou de quen as represente.

b) Nos propios locais do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

c) En calquera despacho, oficina, dependencia ou lugar en que existan probas dos feitos obxecto de inspección.

8. O persoal da Inspección do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para os efectos do cumprimento das funcións previstas neste artigo, terá acceso gratuíto a todo rexistro público. En particular, nos rexistros da propiedade e mercantís o acceso á

información rexistral realizarase por medios electrónicos, na forma determinada na súa normativa reguladora.

Artigo 74. *Responsabilidade polas infraccións en materia de telecomunicacións.*

A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras das telecomunicacións será exigible:

a) No caso de incumprimento das condicións establecidas para a explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, á persoa física ou xurídica que desenvolve a actividade.

b) Nas cometidas con motivo da explotación de redes ou a prestación de servizos sen ter efectuado a notificación a que se refire o artigo 6 desta lei ou sen dispoñer de título habilitante para o uso do dominio público radioeléctrico cando ese título sexa necesario, á persoa física ou xurídica que realice a actividade.

Para identificar a persoa física ou xurídica que realiza a actividade, pódese solicitar colaboración á persoa física ou xurídica que teña a dispoñibilidade dos equipamentos e instalacións por calquera título xurídico válido en dereito ou carecendo deste ou á persoa física ou xurídica titular do predio ou inmovible onde están os equipamentos e as instalacións. Se non se presta a citada colaboración de maneira que esa persoa física ou xurídica participa de maneira esencial na conduta infractora, considerarase que é responsable das infraccións cometidas por quen realiza a actividade. Esta responsabilidade é solidaria da exigible á persoa física ou xurídica que realiza a actividade.

c) Nas cometidas polos usuarios, polas empresas instaladoras de telecomunicación, polos axentes económicos relacionados con equipamentos e aparellos de telecomunicación ou por outras persoas que, sen estaren comprendidas nos parágrafos anteriores, realicen actividades reguladas na normativa sobre telecomunicacións, á persoa física ou xurídica cuxa actuación estea tipificada polo precepto infrinxido ou á que as normas correspondentes atribúen especificamente a responsabilidade.

Artigo 75. *Clasificación das infraccións.*

As infraccións das normas reguladoras das telecomunicacións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 76. *Infraccións moi graves.*

Considéranse infraccións moi graves:

1. A realización de actividades sen dispoñer da habilitación oportuna nas materias reguladas por esta lei, cando legalmente sexa necesaria.

2. O incumprimento dos requisitos exigibles para a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas establecidos nos artigos 6.1 e 6.2.

3. A utilización do dominio público radioeléctrico, frecuencias ou canles radioeléctricas sen dispoñer da concesión de uso privativo do dominio público radioeléctrico a que se refire o artigo 62, cando legalmente sexa necesario.

4. A utilización do dominio público radioeléctrico, frecuencias ou canles radioeléctricas non adecuada ao correspondente plan de utilización do espectro radioeléctrico ou ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.

5. A realización de emisións radioeléctricas non autorizadas que vulneren ou prexudiquen o desenvolvemento ou a implantación do establecido nos plans de utilización do dominio público radioeléctrico ou no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.

6. A produción deliberada, en España ou nos países veciños, de interferencias definidas como prexudiciais nesta lei, incluídas as causadas por estacións radioeléctricas que estean instaladas ou en funcionamento a bordo dun buque, dunha aeronave ou de

calquera outro obxecto flotante ou aerotransportado que transmita emisións desde fóra do territorio español para a súa posible recepción total ou parcial neste.

7. Non atender o requirimento de cesación feito pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, nos supostos de produción de interferencias.

8. A instalación, posta en servizo ou utilización de terminais ou de equipamentos de telecomunicación, tanto os que fan uso do dominio público radioeléctrico coma os conectados, directa ou indirectamente, ás redes públicas de comunicacións electrónicas que non avaliasen a súa conformidade, conforme o título IV desta lei, se se producen danos moi graves ás comunicacións ou ás redes.

9. A importación ou a venda por xunto de equipamentos ou aparellos cuxa conformidade non fose avaliada de acordo co disposto no título IV desta lei, ou cos acordos ou convenios internacionais celebrados polo Estado español.

10. A interceptación, sen autorización, de telecomunicacións non destinadas ao público en xeral, así como a divulgación do contido.

11. O incumprimento das resolucións firmes en vía administrativa ou das medidas previas e medidas cautelares a que se refiren os artigos 81 e 82 desta lei ditadas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no exercicio das súas funcións en materia de comunicacións electrónicas.

12. O incumprimento das resolucións firmes en vía administrativa ou das medidas cautelares a que se refire o artigo 82 desta lei ditadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no exercicio das súas funcións en materia de comunicacións electrónicas, con excepción das que se leven a cabo no procedemento arbitral logo de sometemento voluntario das partes.

13. O incumprimento das resolucións firmes en vía administrativa relativas ás reclamacións por controversias entre os usuarios finais e os operadores.

14. A instalación negligente de infraestruturas comúns de telecomunicación no interior de edificios e conxuntos inmobiliarios que sexan causa de danos moi graves nas redes públicas de comunicacións electrónicas.

15. O incumprimento grave por parte dos operadores das obrigas en materia de acceso, interconexión e interoperabilidade dos servizos a que estean sometidas pola vixente lexislación.

16. O incumprimento grave das características e condicións establecidas para a conservación dos números.

17. O incumprimento reiterado mediante infraccións tipificadas como graves nos termos expresados no artigo 79.4 desta lei.

Artigo 77. *Infraccións graves.*

Considéranse infraccións graves:

1. A instalación de estacións radioeléctricas sen autorización cando, de acordo co disposto na normativa reguladora das telecomunicacións, sexa necesaria, ou a instalación de estacións radioeléctricas con características distintas ás autorizadas ou, de ser o caso, ás contidas no proxecto técnico aprobado, ou de estacións radioeléctricas a bordo dun buque, dunha aeronave ou de calquera outro obxecto flotante ou aerotransportado, que, no mar ou fóra del, posibilite a transmisión de emisións desde o exterior para a súa posible recepción total ou parcial en territorio nacional.

2. O uso do dominio público radioeléctrico en condicións distintas ás previstas no título habilitante oportuno a que se refire o artigo 62 ou, de ser o caso, distintas das aprobadas no proxecto técnico das instalacións, entre elas utilizando parámetros técnicos distintos dos propios do título, ou lugares diferentes dos aprobados ou potencias de emisión superiores ás autorizadas, cando provoque alteracións que dificulten a correcta prestación doutros servizos por outros operadores, en España ou nos países veciños.

3. O incumprimento polos titulares de concesións de uso privativo do dominio público radioelétrico das condicións esenciais que lles impoña o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

4. A mera produción, en España ou nos países veciños, de interferencias definidas como prexudiciais nesta lei que non se encontren comprendidas no artigo anterior.

5. A emisión de sinais de identificación falsos ou enganosos.

6. Efectuar emisións radioelétricas que incumpran os límites de exposición establecidos na normativa de desenvolvemento do artigo 61 desta lei e incumprir as demais medidas de seguranza establecidas nela, incluídas as obrigas de sinalización ou valado das instalacións radioelétricas. Así mesmo, contribuír, mediante emisións non autorizadas, a que se incumpran gravemente os ditos límites.

7. A transferencia de títulos habilitantes ou cesión de dereitos de uso do dominio público radioelétrico sen cumprir cos requisitos establecidos para tal efecto pola normativa de desenvolvemento desta lei.

8. O incumprimento das obrigas que deriven das designacións ou acreditacións que realice a Administración de telecomunicacións en materia de avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos de telecomunicación, de conformidade coa normativa europea e nacional que lles sexan de aplicación.

9. A instalación, posta en servizo ou utilización de terminais ou de equipamentos conectados ás redes públicas de comunicacións electrónicas que non avaliasen a súa conformidade, conforme o título IV desta lei.

10. A venda ou oferta de venda, xa sexa en establecementos ou por medios telemáticos ou telefónicos, de equipamentos ou aparellos cuxa conformidade cos requisitos esenciais aplicables non fose avaliada de acordo co disposto no título IV desta lei ou coas disposicións, cos acordos ou convenios internacionais que obriguen o Estado español.

11. A negativa ou a obstrución a ser inspeccionado, a non colaboración coa inspección cando esta sexa requirida e a non identificación pola persoa física ou xurídica que teña a dispoñibilidade dos equipamentos e instalacións ou sexa titular do predio ou inmovible onde están os equipamentos e as instalacións da persoa física ou xurídica que explote redes ou preste servizos sen ter efectuado a notificación a que se refire o artigo 6 desta lei ou sen dispoñer de título habilitante para o uso do dominio público radioelétrico cando o título sexa necesario.

12. O exercicio da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación sen ter efectuado a declaración responsable ou sen cumprir os requisitos a que se refire o artigo 59.

13. A instalación negligente de infraestruturas comúns de telecomunicación no interior de edificios e conxuntos inmobiliarios que sexan causa de danos nas redes públicas de comunicacións electrónicas, salvo que deba ser considerada como infracción moi grave.

14. A alteración, a manipulación ou a omisión da marcación dos equipamentos de telecomunicación en calquera das partes onde regulamentariamente deban ser colocados; a alteración da documentación dos equipamentos ou dos manuais de instalación; así como a subministración de información para a alteración das características técnicas ou das frecuencias de funcionamento do aparello.

15. O incumprimento polas entidades colaboradoras da Administración para a normalización e a homologación das prescricións técnicas e do contido das autorizacións ou dos concertos que as afecten, conforme o que regulamentariamente se determine.

16. A negativa a cumprir as obrigas de servizo público segundo o establecido no título III da lei e na súa normativa de desenvolvemento.

17. A negativa a cumprir as condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.

18. O cumprimento tardío ou defectuoso polos operadores das resolucións firmes en vía administrativa relativas ás reclamacións por controversias entre os usuarios finais e os operadores.

19. O incumprimento das condicións determinantes das atribucións e o outorgamento dos dereitos de uso dos recursos de numeración incluídos nos plans de numeración.

20. O incumprimento polos operadores das obrigas relativas á integridade e á seguranza na prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.

21. O incumprimento polos operadores das obrigas establecidas para a utilización compartida do dominio público ou da propiedade privada en que se van establecer as redes públicas de comunicacións electrónicas ou o uso compartido das infraestruturas e recursos asociados.

22. O incumprimento polos operadores, ou polos propietarios dos correspondentes recursos asociados, das obrigas establecidas para a utilización compartida dos tramos finais das redes de acceso.

23. O incumprimento das obrigas relacionadas coa utilización de normas ou especificacións técnicas declaradas obrigatorias pola Comisión Europea.

24. A alteración, a manipulación ou a omisión das características técnicas na documentación das instalacións comúns de telecomunicación no interior de edificios e conxuntos inmobiliarios que se presente á Administración ou aos propietarios.

25. O incumprimento polos operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas das obrigas establecidas no artigo 9.

26. O cumprimento tardío ou defectuoso das resolucións firmes en vía administrativa ou das medidas previas e medidas cautelares a que se refiren os artigos 81 e 82 desta lei ditadas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no exercicio das súas funcións en materia de comunicacións electrónicas.

27. O cumprimento tardío ou defectuoso das resolucións firmes en vía administrativa ou das medidas cautelares a que se refire o artigo 82 desta lei ditadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no exercicio das súas funcións en materia de comunicacións electrónicas, con excepción das que se leven a cabo no procedemento arbitral logo de sometemento voluntario das partes.

28. O incumprimento por parte dos operadores das obrigas en materia de acceso, interconexión e interoperabilidade dos servizos a que estean sometidas pola vixente lexislación.

29. A falta de notificación á Administración polo titular dunha rede de comunicacións electrónicas dos servizos que se estean prestando a través dela cando esta información sexa exixible de acordo coa normativa aplicable.

30. A posta á disposición de redes públicas de comunicacións electrónicas a favor de entidades para que se realicen emisións radioeléctricas cando non se posúa o correspondente título habilitante para o uso do dominio público radioeléctrico.

31. A expedición de certificacións de instalacións de telecomunicación que non concorden coa realidade.

32. O incumprimento deliberado, por parte dos operadores, das obrigas en materia de interceptación legal de comunicacións impostas en desenvolvemento do artigo 39 da presente lei.

33. Cursar tráfico contrario a plans nacionais e internacionais de numeración.

34. Cursar tráfico irregular con fins fraudulentos nas redes públicas e servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

35. Non facilitar, cando resulte exixible conforme o previsto pola normativa reguladora das comunicacións electrónicas, os datos requiridos pola Administración unha vez transcorridos tres meses contados desde a finalización do prazo outorgado no requirimento de información ou unha vez finalizado o prazo outorgado no segundo requirimento da mesma información.

36. O incumprimento das características e condicións establecidas para a conservación dos números.

37. A vulneración grave dos dereitos dos consumidores e usuarios finais, segundo o establecido no título III da lei e na súa normativa de desenvolvemento.

38. O incumprimento reiterado mediante infraccións tipificadas como leves nos termos expresados no artigo 79.4 desta lei.

Artigo 78. Infraccións leves.

Considéranse infraccións leves:

1. A produción de calquera tipo de emisión radioelétrica non autorizada ou non adecuada co correspondente plan de utilización do espectro radioelétrico, salvo que deba ser considerada como infracción grave ou moi grave.
2. O establecemento de comunicacións utilizando estacións non autorizadas.
3. A mera produción de interferencias, en España ou nos países veciños, cando non deba ser considerada como infracción grave ou moi grave.
4. Non facilitar os datos requiridos pola Administración ou atrasar inxustificadamente a súa achega cando resulte exixible conforme o previsto pola normativa reguladora das comunicacións electrónicas.
5. A utilización do dominio público radioelétrico, frecuencias ou canles radioelétricas sen dispoñer da autorización xeral, autorización individual ou afectación demanial para o uso do dominio público radioelétrico a que se refire o artigo 62, cando legalmente sexa necesario.
6. A instalación de estacións radioelétricas de radioaficionado carecendo de autorización.
7. O incumprimento polos titulares de autorizacións xerais, autorizacións individuais ou afectacións demaniais para o uso do dominio público radioelétrico das condicións esenciais que lles impoña o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
8. A explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas sen cumprir os requisitos exixibles para realizar tales actividades establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento distintos dos previstos nos artigos 6.1 e 6.2.
9. A instalación de infraestruturas de telecomunicacións sen cumprir os requisitos establecidos na presente lei, salvo que deba ser considerada como infracción grave ou moi grave.
10. O incumprimento, por parte dos operadores, das obrigas en materia de interceptación legal de comunicacións impostas en desenvolvemento do artigo 39 da presente lei, cando non se cualifique como infracción moi grave ou grave.
11. O incumprimento das obrigas de servizo público, das obrigas de carácter público e a vulneración dos dereitos dos consumidores e usuarios finais, segundo o establecido no título III da lei e na súa normativa de desenvolvemento.
12. O incumprimento das obrigas en materia de calidade de servizo.
13. A non presentación da documentación das instalacións comúns de telecomunicacións á administración ou á propiedade, cando normativamente sexa obrigatoria esa presentación.

Artigo 79. Sancións.

1. Pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos anteriores imporanse as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves imporase ao infractor multa por importe de ata vinte millóns de euros.

Pola comisión de infraccións moi graves tipificadas en que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia teña competencias sancionadoras imporase ao infractor multa por importe non inferior ao tanto, nin superior ao quántuplo, do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. En caso de que non resulte posible aplicar este criterio, o límite máximo da sanción será de 20 millóns de euros.

b) As infraccións moi graves, en función das súas circunstancias, poderán dar lugar á inhabilitación ata de cinco anos do operador para a explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas. Tamén poderá dar lugar á inhabilitación ata cinco anos para o exercicio da actividade de instalador.

c) Pola comisión de infraccións graves imporase ao infractor multa por importe de ata dous millóns de euros.

Pola comisión de infraccións graves tipificadas en que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia teña competencias sancionadoras imporase ao infractor multa por importe de ata o duplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións que constitúan aquelas ou, en caso de que non resulte aplicable este criterio, o límite máximo da sanción será de dous millóns de euros.

d) Pola comisión de infraccións leves imporase ao infractor unha multa por importe de ata 50.000 euros.

2. As sancións impostas por calquera das infraccións comprendidas nos artigos 76 e 77, cando se requira título habilitante para o exercicio da actividade realizada polo infractor, poderán levar aparellada, como sanción accesoria, a precintaxe ou a incautación dos equipamentos ou aparellos ou a clausura das instalacións mentres non se dispoña do referido título.

3. Ademais da sanción que corresponda impor aos infractores, cando se trate dunha persoa xurídica poderase impor unha multa de ata 5.000 euros no caso das infraccións leves, ata 30.000 euros no caso das infraccións graves e ata 60.000 euros no caso das infraccións moi graves, aos seus representantes legais ou ás persoas que integran os órganos directivos que interviñesen no acordo ou na decisión.

Quedan excluídas da sanción aquelas persoas que, formando parte de órganos colexiados de administración, non asistisen ás reunións ou votasen en contra ou salvando o seu voto.

4. Para os efectos do establecido nesta lei, terá a consideración de incumprimento reiterado a sanción definitiva de dúas ou máis infraccións do mesmo tipo infractor no período de tres anos.

Artigo 80. *Criterios para a determinación da contía da sanción.*

1. A contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o seguinte:

a) A gravidade das infraccións cometidas anteriormente polo suxeito que se sanciona.

b) A repercusión social das infraccións.

c) O beneficio que lle reportase ao infractor o feito obxecto da infracción.

d) O dano causado e a súa reparación.

e) O cumprimento voluntario das medidas cautelares que, de ser o caso, se impoñan no procedemento sancionador.

f) A negativa ou obstrución ao acceso ás instalacións ou a facilitar a información ou documentación requirida.

g) A cesación da actividade infractora, previamente ou durante a tramitación do expediente sancionador.

2. Para a fixación da sanción tamén se terá en conta a situación económica do infractor, derivada do seu patrimonio, dos seus ingresos, das súas posibles cargas familiares e das demais circunstancias persoais que acredite que o afectan.

O infractor estará obrigado, de ser o caso, ao pagamento das taxas que debese satisfacer no suposto de ter realizado a notificación a que se refire o artigo 6 ou de ter o título para a utilización do dominio público radioeléctrico.

Artigo 81. *Medidas previas ao procedemento sancionador.*

1. Previamente ao inicio do procedemento sancionador, o órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, mediante resolución sen audiencia previa,

poderá ordenar a cesación da presunta actividade infractora cando existan razóns de imperiosa urxencia baseada nalgún dos seguintes supostos:

- a) Cando da suposta actividade infractora se poidan producir prexuízos graves ao funcionamento dos servizos de seguranza pública, protección civil e de emerxencias.
- b) Cando a realización da presunta actividade infractora poida pór en perigo a vida humana.
- c) Cando se interfira gravemente a outros servizos ou redes de comunicacións electrónicas.

2. Esta orde de cesación irá dirixida a calquera suxeito que se encontre en disposición de a executar, sen prexuízo da posterior delimitación de responsabilidades no correspondente procedemento sancionador. Para a súa execución forzosa, a resolución poderá dispoñer que, a través da autoridade gobernativa, se facilite apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade.

Na resolución determinarase o ámbito obxectivo e temporal da medida, sen que poida exceder o prazo dun mes.

Artigo 82. *Medidas cautelares no procedemento sancionador.*

1. As infraccións a que se refiren os artigos 76 e 77 poderán dar lugar, unha vez incoado o expediente sancionador, á adopción de medidas cautelares que, de conformidade co artigo 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán consistir nas seguintes:

- a) Ordenar a cesación inmediata de emisións radioelétricas non autorizadas.
- b) Ordenar a cesación inmediata de calquera outra actividade presuntamente infractora.

Entre elas,

i) Emitir ordes de pór fin á prestación dun servizo ou dunha serie de servizos, ou aprazala cando esa prestación poida ter como resultado prexudicar seriamente a competencia, ata que se cumpran as obrigas específicas impostas a raíz dunha análise de mercado conforme o artigo 14. Esta medida, xunto coas razóns en que se basea, comunicarase ao operador afectado sen demora, fixando un prazo razoable para que a empresa cumpra con ela.

ii) Impedir que un operador siga subministrando redes ou servizos de comunicacións electrónicas ou suspender ou retirarlle os seus dereitos de uso, en caso de incumprimento grave e reiterado das condicións establecidas para a prestación de servizos ou a explotación de redes ou para o outorgamento de dereitos de uso ou das obrigas específicas que se impuxesen, cando fracasasen as medidas destinadas a exixir a cesación da infracción.

iii) Adoptar medidas provisionais de urxencia destinadas a remediar incumprimentos das condicións establecidas para a prestación de servizos ou a explotación de redes ou para o outorgamento de dereitos de uso ou das obrigas específicas que se impuxesen, cando representen unha ameaza inmediata e grave para a seguranza pública ou a saúde pública ou creen graves problemas económicos ou operativos a outros subministradores ou usuarios do espectro radioelétrico. Posteriormente deberáselle ofrecer ao operador interesado a posibilidade de propor posibles solucións. De ser o caso, a autoridade competente poderá confirmar as medidas provisionais, que se poderán manter ata a resolución que poña fin ao procedemento sancionador.

c) A precintaxe dos equipamentos ou instalacións que empregase o infractor, sendo, de ser o caso, aplicable o réxime de execución subsidiaria previsto no artigo 98 da dita lei.

d) A retirada do mercado dos equipamentos e aparellos que presuntamente non avaliasen a súa conformidade de acordo coa normativa aplicable.

e) A suspensión provisional da eficacia do título e a clausura provisional das instalacións, por un prazo máximo de seis meses.

2. Cando o infractor careza de título habilitante para a ocupación ou o uso do dominio público radioeléctrico, ou se coa infracción se superan os niveis de emisións radioeléctricas establecidos na normativa de desenvolvemento do artigo 61, a medida cautelar prevista na alínea a) do número anterior será obrigatoriamente incluída no acordo de iniciación de expediente sancionador, con obxecto de salvagardar o correcto uso de tal dominio público.

3. Sen prexuízo dos supostos en que este precepto fixa un prazo máximo de duración, as medidas cautelares poderanse manter ata a resolución do procedemento sancionador, sempre que se considere necesario para asegurar a eficacia da resolución final que poida recaer. Como excepción, a medida cautelar de retirada do mercado dos equipamentos e aparellos cuxa conformidade non fose avaliada presuntamente de acordo coa normativa aplicable deberase levantar cando se acredite a realización da avaliación da conformidade dos equipamentos e aparellos afectados.

Artigo 83. *Prescripción.*

1. As infraccións reguladas nesta lei prescribirán, as moi graves, aos tres anos; as graves, aos dous anos, e as leves, ao ano.

O prazo de prescripción das infraccións comezará a computarse desde o día en que se cometeron. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador. O prazo de prescripción volverá correr se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

No suposto de infracción continuada, a data inicial do cómputo será aquela en que se deixe de realizar a actividade infractora ou a do último acto con que a infracción se consume. Non obstante, entenderase que persiste a infracción mentres os equipamentos, os aparellos ou as instalacións obxecto do expediente non se encontren á disposición da Administración ou quede constancia fidedigna da súa imposibilidade de uso.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por faltas graves, aos dous anos, e as impostas por faltas leves, ao ano. O prazo de prescripción das sancións comezará a computarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá correr o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 84. *Competencias sancionadoras.*

A competencia sancionadora corresponderá:

1. Ao secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, para a imposición de sancións non recollidas nos seguintes números.

2. Á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito material da súa actuación, cando se trate de infraccións moi graves tipificadas nos números 12, 15 e 16 do artigo 76; infraccións graves tipificadas nos números 11, 27, 28, 35 e 36 do artigo 77, e infraccións leves tipificadas no número 4 do artigo 78.

3. Á Axencia Española de Protección de Datos, no caso de que se trate das infraccións graves do artigo 77 tipificadas no número 37 e das infraccións leves do artigo 78 tipificadas no número 11, cando se vulneren os dereitos dos usuarios finais sobre protección de datos e privacidade recoñecidos no artigo 48.

4. O exercicio da potestade sancionadora aterase ao procedemento aplicable, con carácter xeral, á actuación das administracións públicas. Non obstante, o prazo máximo

de duración do procedemento será dun ano e o prazo de alegacións non terá unha duración inferior a un mes.

Disposición adicional primeira. *Significado dos termos empregados por esta lei.*

Para os efectos desta lei, os termos definidos no anexo II terán o significado que alí se lles asigna.

Disposición adicional segunda. *Limitacións e servidumes.*

1. As limitacións á propiedade e ás servidumes a que fai referencia o número 1 do artigo 33 desta lei poderán afectar:

- a) A altura máxima dos edificios.
- b) A distancia mínima a que se poderán situar industrias e instalacións eléctricas de alta tensión e liñas férreas electrificadas.
- c) A distancia mínima a que se poderán instalar transmisores radioeléctricos.

2. Coa excepción da normativa legal vixente aplicable á defensa nacional e á navegación aérea, non se poderán establecer, por vía regulamentaria, limitacións á propiedade nin servidumes que conteñan condicións máis gravosas que as seguintes:

- a) Para distancias inferiores a 1.000 metros, o ángulo sobre a horizontal con que se observe, desde a parte superior das antenas receptoras de menor altura da estación, o punto máis elevado dun edificio será como máximo de tres graos.
- b) A máxima limitación exigible de separación entre unha industria ou unha liña de tendido eléctrico de alta tensión ou de ferrocarril e calquera das antenas receptoras da estación será de 1.000 metros.

A instalación de transmisores radioeléctricos nas proximidades da estación realizarase coas seguintes limitacións:

Gama de frecuencias	Potencia radiada aparente do transmisor en dirección á instalación que se pretende protexer – Quilowatts	Máxima limitación exigible de separación entre instalacións que se pretende protexer e antena do transmisor – Quilómetros
f ≤ 30 MHz	0,01 < P < 1	2
	1 < P ≤ 10	10
	P > 10	20
f > 30 MHz	0,01 < P ≤ 1	1
	1 < P ≤ 10	2
	P > 10	5

3. As limitacións de intensidade de campo eléctrico exixíranse para aquelas instalacións cuxos equipamentos teñan unha alta sensibilidade. Enténdese que utilizan equipamentos de alta sensibilidade as instalacións dedicadas á investigación:

a) As estacións dedicadas á observación radioastronómica, estas limitacións serán as seguintes:

Niveis máximos admisibles de densidade espectral de fluxo de potencia nas estacións de observación de radioastronomía ^{(1) (2)}

Frecuencia central (MHz)	Largura de banda de canle (kHz)	Densidade espectral de fluxo de potencia (dB(W/(m ² · Hz)))	Observacións radioastronómicas
13,385	50	-248	Continuo.
25,61	120	-249	Continuo.
151,525	2950	-259	Continuo.
325,3	6600	-258	Continuo.
327	10	-244	Raias espectrais.
408,05	3900	-255	Continuo.
1413,5	27000	-255	Continuo.
1420	20	-239	Raias espectrais.
1612	20	-238	Raias espectrais.
1665	20	-237	Raias espectrais.
1665	10000	-251	Continuo.
2695	10000	-247	Continuo.
4995	10000	-241	Continuo.
10650	100000	-240	Continuo.
15375	50000	-233	Continuo.
22200	250	-216	Raias espectrais.
22355	290000	-231	Continuo.
23700	250	-215	Raias espectrais.
23800	400000	-233	Continuo.
31550	500000	-228	Continuo.
43000	500	-210	Raias espectrais.
43000	1000000	-227	Continuo.
76750	8000000	-229	Continuo.
82500	8000000	-228	Continuo.
88600	1000	-208	Raias espectrais.
89000	8000000	-228	Continuo.
105050	8000000	-223	Continuo.
132000	8000000	-223	Continuo.
147250	8000000	-223	Continuo.
150000	1000	-204	Raias espectrais.
165500	8000000	-222	Continuo.
183500	8000000	-220	Continuo.
215750	8000000	-218	Continuo.
220000	1000	-199	Raias espectrais.
244500	8000000	-217	Continuo.
265000	1000	-197	Raias espectrais.
270000	8000000	-216	Continuo.

⁽¹⁾ Os valores anteriores corresponden a unha ganancia suposta da antena receptora de radioastronomía de 0 dBi.

⁽²⁾ Para sistemas interferentes con condicións de propagación variables no tempo os niveis dados non poderán ser excedidos na medida en que a perda de datos supere o 2%.

b) Para a protección das instalacións de observatorios de astrofísica, a limitación da intensidade de campo eléctrico, en calquera frecuencia, será de 88,8 dB ($\mu\text{V}/\text{m}$) na localización do observatorio.

4. Para un mellor aproveitamento do espectro radioeléctrico, a Administración poderá impor a utilización nas instalacións daqueles elementos técnicos que melloren a compatibilidade radioeléctrica entre estacións.

Disposición adicional terceira. *Aplicación da lexislación reguladora das infraestruturas comúns nos edificios.*

As infraestruturas comúns de telecomunicacións no interior dos edificios regúlanse polo establecido na presente lei, polo Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación e os seus desenvolvementos regulamentarios.

Disposición adicional cuarta. *Información confidencial.*

As persoas físicas ou xurídicas que acheguen a algunha autoridade nacional de regulamentación datos ou informacións de calquera tipo, con ocasión do desempeño das súas funcións e respectando a lexislación vixente en materia de protección de datos e privacidade, poderán indicar, de forma xustificada, qué parte do achegado consideran confidencial, cuxa difusión podería prexudicalas, para os efectos de que sexa declarada a súa confidencialidade. Cada autoridade nacional de regulamentación decidirá, de forma motivada e a través das resolucións oportunas, sobre a información que, segundo a lexislación vixente, resulte ou non amparada pola confidencialidade.

Disposición adicional quinta. *O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.*

1. O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, presidido polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo ou pola persoa en quen delegue, é un órgano asesor do Goberno en materia de telecomunicacións e sociedade da información.

2. As funcións do Consello serán de estudo, deliberación e proposta en materias relativas ás telecomunicacións e á sociedade da información, sen prexuízo das competencias que correspondan aos órganos colexiados interministeriais con competencias de informe ao Goberno en materia de política informática. Corresponderalle, igualmente, informar sobre os asuntos que o Goberno determine ou sobre os que, por propia iniciativa, xulgue conveniente. A deliberación de proxectos ou propostas normativas no seo do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información equivalerá á audiencia a que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

O Goberno, mediante real decreto, establecerá a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, cuxos membros representarán a Administración xeral do Estado, ás administracións autonómicas, á Administración local a través das súas asociacións ou federacións máis representativas, aos usuarios, incluíndo en todo caso as persoas con discapacidade a través da súa organización máis representativa, os operadores que presten servizos ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas, os prestadores de servizos de comunicación audiovisual, os prestadores de servizos da sociedade da información, as industrias fabricantes de equipamentos de telecomunicacións e da sociedade da información, os sindicatos e os colexios oficiais de enxeñaría máis representativos do sector.

Disposición adicional sexta. *Multas coercitivas.*

Para asegurar o cumprimento das resolucións ou requirimentos de información que diten, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán impor multas coercitivas por importe diario de 125 ata 30.000 euros, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As multas coercitivas serán independentes das sancións que se poidan impor e compatibles con elas.

O importe das multas coercitivas previstas nesta disposición ingresarase no Tesouro Público.

Disposición adicional sétima. *Obrigas en materia de acceso condicional, acceso a determinados servizos de radiodifusión e televisión, televisión de formato largo e obrigas de transmisión.*

1. Mediante real decreto poderanse establecer as condicións aplicables aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas en materia de acceso condicional aos servizos de televisión e radio dixitais difundidos aos telespectadores e oíntes, con independencia do medio de transmisión utilizado. Así mesmo, regularase mediante real decreto o procedemento de revisión das ditas condicións pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no suposto de que o operador obrigado xa non teña poder significativo no mercado en cuestión.

2. Na medida que sexa necesario para garantir o acceso dos usuarios finais a determinados servizos dixitais de radiodifusión e televisión, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá impor, na forma e para os servizos que determine o Goberno mediante real decreto, obrigas aos operadores que dispoñan de interfaces de programa de aplicacións (API) e guías electrónicas de programación (EPG) para que faciliten o acceso a estes recursos en condicións razoables, xustas e non discriminatorias.

3. As redes públicas de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de servizos de televisión dixital deberán dispoñer de capacidade para distribuír programas e servizos de televisión de formato largo. Os operadores destas redes que reciban programas ou servizos de televisión de formato largo para a súa posterior distribución estarán obrigados a manter ese formato.

4. Mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros poderán imporse, como obrigas de servizo público, exixencias razoables de transmisión de determinadas canles de programas de radio e televisión, así como exixencias de transmisión de servizos complementarios para posibilitar o acceso adecuado dos usuarios con discapacidade, aos operadores que exploten redes de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de programas de radio ou televisión ao público, se un número significativo de usuarios finais desas redes as utiliza como medio principal de recepción de programas de radio e televisión, cando resulte necesario para alcanzar obxectivos de interese xeral claramente definidos e de forma proporcionada, transparente e periodicamente revisable.

Así mesmo, poderanse establecer mediante real decreto condicións aos provedores de servizos e equipamentos de televisión dixital para que cooperen na prestación de servizos de comunicación audiovisual televisiva interoperables para os usuarios finais con discapacidade.

5. Mediante orde ministerial regularase o establecemento das obrigas e requisitos para os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre e a creación e regulación do Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre. A xestión, a asignación e o control dos parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre e a xestión do dito rexistro corresponden ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición adicional oitava. *Mecanismo de notificación.*

As medidas adoptadas por unha autoridade nacional de regulamentación de acordo cos artigos 13, 14 e 16 e da disposición adicional sétima desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, así como todas aquelas medidas que poidan ter repercusións nos intercambios entre Estados membros, someteranse aos mecanismos de notificación a que se refiren artigos 7, 7 bis e 7 ter da Directiva 2002/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas (Directiva Marco) e as normas ditadas para o efecto en desenvolvemento destes pola Unión Europea.

Disposición adicional novena. *Informe sobre as obrigas que se imporán a operadores de redes públicas ou de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.*

Calquera medida normativa que se vaia aprobar con posterioridade á entrada en vigor da presente lei ou acto administrativo en execución da dita medida normativa que tramite calquera Administración pública e que persiga impor, con carácter xeneralizado, aos operadores de redes públicas ou de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou a un grupo específico deles obrigas de servizo público distintas das previstas no artigo 28 desta lei, obrigas de supervisión da información tratada ou xestionada nas ditas redes ou servizos ou de colaboración cos axentes facultados respecto ao tráfico xestionado, requirirá o informe preceptivo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Esta medida normativa ou acto administrativo deberá recoller, de maneira expresa, os mecanismos de financiamento dos custos derivados das obrigas de servizo público distintas das previstas no artigo 28 desta lei, obrigas de carácter público ou calquera outra carga administrativa que se impoña, que non poderá ser a cargo dos operadores de redes públicas ou de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público cando se traten de obrigas ou cargas que non deriven directamente do marco normativo das comunicacións electrónicas senón que respondan a outras razóns de políticas públicas, salvo que concorran motivos de interese público que leven á conclusión de que eses operadores deban asumir tales custos, mesmo cando sexa parcialmente.

A solicitude do preceptivo informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo considérase un requisito esencial na tramitación da norma ou acto administrativo.

Disposición adicional décima. *Creación da Comisión Interministerial sobre radiofrecuencias e saúde.*

Mediante real decreto regularanse a composición, a organización e as funcións da Comisión interministerial sobre radiofrecuencias e saúde, cuxa misión é a de asesorar e informar a cidadanía, o conxunto das administracións públicas e os diversos axentes da industria sobre as restricións establecidas ás emisións radioelétricas, as medidas de protección sanitaria aprobadas fronte a emisións radioelétricas e os múltiples e periódicos controis a que son sometidas as instalacións xeradoras de emisións radioelétricas, en particular, as relativas ás radiocomunicacións. Así mesmo, esta Comisión realizará e divulgará estudos e investigacións sobre as emisións radioelétricas e os seus efectos e como as restricións ás emisións, as medidas de protección sanitaria e os controis establecidos preservan a saúde das persoas e, á vista de tales estudos e investigacións, realizará propostas e suxerirá liñas de mellora nas medidas e controis que se vaian realizar.

Da Comisión interministerial formarán parte, en todo caso, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo; o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o Instituto de Saúde Carlos III por parte do Ministerio de Economía e Competitividade.

Esta Comisión contará cun grupo asesor ou colaborador en materia de radiofrecuencias e saúde, con participación de comunidades autónomas, da asociación

de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación e dun grupo de expertos independentes, sociedades científicas e representantes dos cidadáns, para facer avaliación e seguimento periódico da prevención e protección da saúde da poboación en relación coas emisións radioeléctricas, propondo estudos de investigación, medidas consensuadas de identificación, elaboración de rexistros e protocolos de atención ao cidadán.

A creación e o funcionamento tanto da Comisión como do grupo asesor atenderanse cos medios persoais, técnicos e orzamentarios actuais asignados aos ministerios e ás demais administracións participantes, sen incremento no gasto público.

Disposición adicional décimo primeira. *Parámetros e requirimentos técnicos esenciais para garantir o funcionamento das distintas redes e servizos de comunicacións electrónicas.*

Os parámetros e requirimentos técnicos esenciais que son indispensables para garantir o funcionamento das redes e servizos de comunicacións electrónicas estableceranse mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros.

Disposición adicional décimo segunda. *Aplicación da Lei xeral tributaria.*

O previsto na presente lei entenderase sen prexuízo das competencias e facultades que a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, atribúe á Administración tributaria, en particular, en relación co acceso aos datos con transcendencia tributaria.

Disposición adicional décimo terceira. *Publicación de actos.*

Os actos que formen parte das distintas fases dos procedementos que tramite o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no exercicio das competencias e funcións asignadas nas materias a que se refire a presente lei poderanse publicar no «Boletín Oficial del Estado», de conformidade co previsto no artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, todas aquelas resolucións, actos administrativos ou actos de trámite ditados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no exercicio das competencias e funcións asignadas nas materias a que se refire a presente lei e que poidan ter un número indeterminado de potenciais interesados que requiran ser notificados, deberán ser publicados no «Boletín Oficial del Estado», de conformidade co previsto na letra a) do artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional décimo cuarta. *Coordinación das axudas públicas á banda larga e ao desenvolvemento da economía e emprego dixitais e novos servizos dixitais.*

Mediante real decreto identificaranse os órganos competentes e estableceranse os procedementos de coordinación entre administracións e organismos públicos, en relación coas axudas públicas á banda larga, cuxa convocatoria e outorgamento deberá respectar, en todo caso, o marco comunitario e os obxectivos estipulados no artigo 3 da presente lei e en relación co fomento da I + D + I e ás actuacións para o desenvolvemento da economía, o emprego dixital e todos os novos servizos dixitais que as novas redes ultrarrápidas permiten, garantindo a cohesión social e territorial.

Disposición adicional décimo quinta. *Asignación de medios á Administración xeral do Estado e integración de persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. O Goberno aprobará as modificacións necesarias no real decreto de desenvolvemento da estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para garantir o exercicio das funcións que, sendo competencia da Comisión

Nacional dos Mercados e da Competencia ata o momento da entrada en vigor da presente lei, esta atribúe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A entrada en vigor da modificación do real decreto de estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo non se producirá ata que o orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo non se adecue á nova distribución competencial e se levase a cabo a asunción de medios materiais incluíndo, en particular, sistemas e aplicacións informáticas e a integración de persoal procedente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que resulte necesario para que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poida exercer as novas funcións atribuídas.

2. O persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que exerce as funcións que, sendo competencia da citada Comisión ata o momento da entrada en vigor da presente lei, esta atribúe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, integrárase na Administración xeral do Estado nos termos indicados na disposición adicional sexta da Lei de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. A data para o exercicio efectivo das novas funcións que esta lei atribúe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo determinarase mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, do ministro de Economía e Competitividade e do ministro de Facenda e Administracións Públicas. En todo caso, todas as actuacións a que se refire a presente disposición deberán terse realizado no prazo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional décimo sexta. *A entidade pública empresarial Red.es.*

1. A entidade *Red.es*, creada pola disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, configúrase como entidade pública empresarial, conforme o previsto no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Esta entidade queda adscrita ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

2. A entidade pública empresarial *Red.es* ten personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e rexerase polo establecido nesta disposición adicional, no seu propio estatuto, na citada Lei 6/1997 e nas demais normas que lle sexan de aplicación.

3. Constitúe o obxecto da entidade pública empresarial a xestión, administración e disposición dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio, e correspóndelle a tenza, a administración, a adquisición e o alleamento dos títulos representativos do capital das sociedades en que participe ou poida participar no futuro. A entidade pública empresarial actuará, en cumprimento do seu obxecto, conforme criterios empresariais.

Para o cumprimento do seu obxecto, a entidade pública empresarial poderá realizar toda clase de actos de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil. Así mesmo, poderá realizar cantas actividades comerciais ou industriais estean relacionadas con ese obxecto, conforme o acordado polos seus órganos de goberno. Poderá actuar, incluso, mediante sociedades por ela participadas.

A entidade pública empresarial *Red.es* contará ademais coas seguintes funcións:

a) A xestión do rexistro dos nomes e enderezos de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España (.es), de acordo coa política de rexistros que determine o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e na normativa correspondente.

b) A participación nos órganos que coordinen a xestión de rexistros de nome e dominios da Corporación da Internet para a Assignación de Nomes e Números (ICANN), ou a organización que, de ser o caso, a substitúa, así como o asesoramento ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no Comité Asesor Governamental de ICANN (GAC) e, en xeral, cando lle sexa solicitado, o asesoramento á Administración xeral do Estado no resto dos organismos internacionais e, en particular, na Unión Europea, en todos os temas da súa competencia.

c) A de observatorio do sector das telecomunicacións e da sociedade da información.

d) A elaboración de estudos e informes e, en xeral, o asesoramento da Administración xeral do Estado en todo o relativo á sociedade da información, de conformidade coas instrucións que dite o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

e) O fomento e desenvolvemento da sociedade da información.

4. O réxime de contratación, de adquisición e de alleamento da entidade acomodarase ás normas establecidas en dereito privado, sen prexuízo do determinado no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5. O réxime patrimonial da entidade pública empresarial axustarase ás previsións do artigo 56 da Lei 6/1997. Non obstante, os actos de disposición e alleamento dos bens que integran o seu patrimonio rexeranse polo dereito privado. En especial, a entidade pública empresarial *Red.es* poderá afectar os seus activos ás funcións asignadas a esta na letra e) do punto terceiro desta disposición e a financiar transitoriamente o déficit de explotación resultante entre os ingresos e gastos correspondentes ás funcións asignadas nas letras a), b), c) e d) do mesmo número.

6. A contratación do persoal pola entidade pública empresarial axustarase ao dereito laboral, de acordo coas previsións contidas no artigo 55 da Lei 6/1997, e deberanse respectar, en calquera caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade.

7. O réxime orzamentario, o económico-financeiro, o de contabilidade, o de intervención e o de control financeiro da entidade pública empresarial será o establecido na Lei xeral orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 58 e na disposición transitoria terceira da Lei 6/1997.

8. Os recursos económicos da entidade poderán provir de calquera dos enumerados no número 1 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Entre os recursos económicos da entidade pública empresarial *Red.es* inclúense os ingresos provenientes do recadado en concepto do prezo público polas operacións de rexistro relativas aos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España «.es» regulado no número seguinte.

9. Prezos públicos por asignación, renovación e outras operacións rexistradas dos nomes de dominio baixo o «.es».

A contraprestación pecuniaria que se satisfaga mediante asignación, renovación e outras operacións rexistradas realizadas pola entidade pública empresarial *Red.es* en exercicio da súa función de autoridade de asignación dos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España terán a consideración de prezo público.

Red.es, logo de autorización do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, establecerá mediante a correspondente instrución as tarifas dos prezos públicos pola asignación, renovación e outras operacións de rexistro dos nomes de dominio baixo o «.es». A proposta de establecemento ou modificación da contía de prezos públicos irá acompañada, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 8/1989, do 13 de abril, que regula o réxime xurídico das taxas e prezos públicos, dunha memoria económico-financeira que xustificará o importe deles que se propoña e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.

A xestión recadatoria dos prezos públicos referidos neste punto corresponde á entidade pública empresarial *Red.es*, que determinará o procedemento para a súa liquidación e pagamento mediante a instrución mencionada no parágrafo anterior, en que se establecerán os modelos de declaración, prazos e formas de pagamento.

A entidade pública empresarial *Red.es* poderá exixir a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos polas operacións de rexistro relativas aos nomes de dominio «.es».

Disposición adicional decimo sétima. *Innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.*

O Goberno desenvolverá un plan con medidas para potenciar a innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións, que permitan, así mesmo, aproveitar

o esforzo investidor que nos próximos anos se levará a cabo no despregamento das redes ultrarrápidas. O citado plan incluírá, entre outras, as seguintes actuacións:

- a) Promover a posta en marcha dun foro de colaboración entre os operadores e a industria para identificar e potenciar as oportunidades que, para a industria electrónica e o resto da industria, xere o despregamento de redes ultrarrápidas.
- b) Estimular as políticas de innovación no sector e a innovación tecnolóxica no tecido industrial en colaboración con todos os axentes que interveñen no desenvolvemento ou crecemento.
- c) O establecemento de medidas para potenciar as compras innovadoras e o mercado de demanda temperá para a posta en marcha de proxectos de I + D + I relacionados coas tecnoloxías da información e as comunicacións.

Disposición adicional décimo oitava. *Universalización da banda larga ultrarrápida.*

O Goberno establecerá unha Estratexia Nacional de Redes Ultrarrápidas que teña como obxectivo impulsar o despregamento de redes de acceso ultrarrápido á banda larga, tanto fixo como móbil, de cara a lograr a súa universalización, así como fomentar a súa adopción por cidadáns, empresas e administracións, para garantir a cohesión social e territorial.

A Estratexia adoptará as medidas precisas para alcanzar os obxectivos concretos de cobertura e adopción establecidos pola Axenda Dixital para Europa e incorporados á Axenda Dixital para España e, en particular, para lograr a universalización dunha conexión que permita comunicacións de datos de banda larga que se estenderá progresivamente, de forma que no ano 2017 alcanzará unha velocidade mínima de internet de 10 Mbps e antes de finalizar o ano 2020 alcanzará a todos os usuarios a unha velocidade mínima de internet de 30 Mbps, e que ao menos o 50% dos fogares poidan dispoñer de acceso a servizos de velocidades superiores a 100 Mbps. No desenvolvemento desta iniciativa de universalización da banda larga avalíase a actualización do ámbito do servizo universal en relación con este servizo, atendendo, en todo caso, á normativa e orientacións da Unión Europea a este respecto.

A Estratexia establecerá a elaboración dun informe de cobertura de banda larga ultrarrápida que permita coñecer de forma precisa a situación de provisión dos servizos de comunicacións electrónicas de banda larga e que permita identificar aquelas zonas onde existan brechas de mercado.

A Estratexia incluírá políticas para incrementar a adopción e o uso da banda larga ultrarrápida entre cidadáns, empresas e administracións. En particular consideraranse as actuacións necesarias para promover, de forma prioritaria, que os centros de saúde comarcais, as universidades públicas, os centros de secundaria públicos e todas as bibliotecas públicas na cidade e comarcais, teñan no ano 2016 unha conexión á rede pública de comunicacións con capacidade de acceso funcional á internet a unha velocidade mínima de 30 Mbps e de 100 Mbps no ano 2020. Estas medidas articularanse coa debida colaboración e coordinación coas comunidades autónomas.

Ao menos unha vez ao ano, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo informará o Parlamento sobre a adopción e o cumprimento da Estratexia Nacional de Redes Ultrarrápidas e, en especial, sobre a evolución do despregamento das redes ultrarrápidas e o cumprimento dos obxectivos de universalización deste servizo.

Disposición adicional décimo novena. *Estacións radioeléctricas de radioaficionado.*

Na instalación de estacións radioeléctricas de radioaficionado aplicarase o establecido na disposición adicional terceira da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, sen prexuízo da aplicación da Lei 19/1983, do 16 de novembro, sobre regulación do dereito a instalar no exterior dos inmobles as antenas das estacións radioeléctricas de aficionados, e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Normativa anterior á entrada en vigor desta lei.*

As normas regulamentarias en materia de telecomunicacións vixentes con anterioridade á entrada en vigor da presente lei ou ditadas en desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións continuarán vixentes no que non se opoñan a esta lei, ata que se aprobe a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas ao réxime previsto no artigo 9.*

Os operadores controlados directa ou indirectamente por administracións públicas deberanse axustar ao disposto no artigo 9, nun prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei.

Disposición transitoria terceira. *Condicións ligadas ás concesións de uso de dominio público radioeléctrico.*

As condicións ligadas aos títulos habilitantes para a explotación de redes ou prestación de servizos de telecomunicacións que implicasen o uso do dominio público radioeléctrico e que se outorgasen con anterioridade á entrada en vigor da presente lei a través de procedementos de licitación pública, xa estivesen previstas nos pregos reguladores das licitacións ou na oferta do operador, pasan a estar ligadas ás concesións de uso privativo de dominio público radioeléctrico.

Disposición transitoria cuarta. *Restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.*

1. As condicións establecidas nos títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas outorgados con anterioridade ao 25 de maio de 2011 e que impliquen restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos termos establecidos no artigo 66 desta lei, seguirán sendo válidas ata o 25 de maio de 2016.

2. Non obstante o anterior, os titulares de títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas cuxo período de vixencia se estenda máis alá do 25 de maio de 2016, poderán solicitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, antes do 25 de maio de 2016, unha avaliación das restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos termos establecidos no artigo 66 desta lei, que teñan impostas nos seus títulos habilitantes.

Antes de ditar resolución, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información notificará ao titular do título habilitante a súa nova avaliación das restricións, indicando o alcance do seu título a raíz dela e concederlle un prazo de 15 días hábiles para retirar a súa solicitude.

Se o titular do título desiste da súa solicitude, as restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos establecidas no título habilitante permanecerían sen modificar ata o 25 de maio de 2016, salvo que o título se extinga con anterioridade.

3. A partir do 25 de maio de 2016, os principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos aplicaranse a todos os títulos habilitantes para o uso do espectro para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas outorgados con anterioridade ao 25 de maio de 2011, sen prexuízo das restricións que se poidan establecer nos termos establecidos no artigo 66 desta lei.

4. Na aplicación desta disposición tomaranse as medidas apropiadas para fomentar a competencia leal.

5. As medidas que se adopten en execución desta disposición non terán, en ningún caso, a consideración de outorgamento dun novo título habilitante.

Disposición transitoria quinta. *Prestación de determinados servizos a que se refire o artigo 28.*

A Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. prestará directamente os servizos de télex, telegráficos e outros servizos de comunicacións electrónicas de características similares, a que se refire o artigo 28.2 desta lei, axustándose, de ser o caso, ao que prevexa o real decreto previsto no número 3 do dito artigo.

Así mesmo, encoméndase á Dirección Xeral da Mariña Mercante a prestación dos servizos de seguranza da vida humana no mar subsumibles baixo o artigo 28.1.

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio para a fixación das taxas establecidas no anexo I desta lei.*

Ata que a Lei de orzamentos xerais do Estado fixe as contías da taxa prevista no número 4 do anexo I desta lei, aplicaranse as seguintes:

- a) Pola expedición de certificacións rexistras, 42,51 euros.
- b) Pola expedición de certificacións de presentación á administración das telecomunicacións do proxecto técnico de infraestruturas comúns de telecomunicacións, a acta de implantación, o boletín de instalación e o protocolo de probas e, de ser o caso, o certificado de fin de obra e os seus anexos, 42,51 euros.
- c) Pola expedición de certificacións de cumprimento de especificacións técnicas, 335,49 euros.
- d) Por cada acto de inspección previa ou comprobación técnica efectuado, 352,72 euros.
- e) Pola presentación de cada certificación expedida por técnico competente substitutiva do acto de inspección previa, 88 euros.
- f) Pola tramitación da autorización ou concesión demanial para o uso privativo do dominio público radioeléctrico, 68,46 euros.
- g) Pola tramitación da autorización de uso especial do dominio público radioeléctrico polos radioaficionados, 111 euros.
- h) Pola presentación aos exames de capacitación para operar estacións de radioaficionado, 22,98 euros.
- i) Por inscrición no rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación, 104,54 euros.
- j) Pola solicitude e emisión do ditame técnico de avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos de telecomunicación, 345,82 euros.

Disposición transitoria sétima. *Solicitudes de autorizacións ou licenzas administrativas efectuadas con anterioridade.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e que teñan por finalidade a obtención das licenzas ou autorizacións de obra, instalacións, de funcionamento ou de actividade, ou de carácter ambiental ou outras de clase similar ou análogas que fosen precisas consonte a normativa anterior, tramitaranse e resolveranse segundo a normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e, deste modo, optar pola aplicación da nova normativa no que esta, pola súa vez, resulte de aplicación.

Disposición transitoria oitava. *Rexistro de operadores.*

No momento da entrada en vigor da presente lei mantense a inscrición dos datos que figuren no Rexistro de operadores regulado no artigo 7 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Disposición transitoria novena. *Adaptación da normativa e dos instrumentos de planificación territorial ou urbanística elaborados polas administracións públicas competentes que afecten o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas.*

A normativa e os instrumentos de planificación territorial ou urbanística elaborados polas administracións públicas competentes que afecten o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas deberán adaptarse ao establecido nos artigos 34 e 35 no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei.

Disposición transitoria décima. *Desempeño transitorio de funcións pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

En relación coas funcións que eran competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e que, conforme o establecido nesta lei, se atribúen ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia desempeñaraas ata a data que se determine para o exercicio efectivo das novas funcións que esta lei atribúe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo conforme o establecido na disposición adicional décimo quinta.

Disposición transitoria décimo primeira. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

Os procedementos que versen sobre as funcións que eran competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e que esta lei atribúe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e que se iniciasen con anterioridade á data para o exercicio efectivo das novas funcións a que se refire a disposición adicional décimo quinta, continuará tramitándoas o dito ministerio unha vez que se cumpra esa data.

Disposición transitoria décimo segunda. *Réxime transitorio das estacións ou infraestruturas radioeléctricas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público para cuxa instalación se presentase solicitude de licenza ou autorización.*

As estacións ou infraestruturas radioeléctricas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público para cuxa instalación se solicitase a licenza ou autorización previa de instalacións, de funcionamento, de actividade, de carácter ambiental ou outras de clase similar ou análogas a que se refire o artigo 34.6, poderán continuar instaladas e en funcionamento, sen prexuízo de que as administracións públicas competentes poidan exercer as potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control, que teñan atribuídas e que están referidas no citado artigo 34.6 así como no artigo 5 da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos.

Non obstante, e de conformidade co establecido na disposición transitoria da mencionada Lei 12/2012, do 26 de decembro, os prestadores de servizos de comunicacións electrónicas para o público que solicitasen as licenzas ou autorizacións anteriormente mencionadas, sen prexuízo da continuidade e do funcionamento das respectivas instalacións, poderán desistir de tales solicitudes en curso e optar por presentar declaracións responsables ou, de ser o caso, comunicacións previas de cambio de titularidade nos termos previstos na citada lei.

O exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control deberá respectar os parámetros e requirimentos técnicos esenciais necesarios para garantir o funcionamento das distintas redes e servizos de comunicacións electrónicas mencionados no artigo 34.4 e na disposición adicional décimo primeira.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias desta lei, quedan derogadas as seguintes disposicións:

- a) A Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.
- b) A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.
- c) Igualmente, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

A Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Calquera entidade, rede publicitaria, axencia de publicidade, prestador de servizos de comunicación audiovisual ou electrónica, medio de comunicación ou servizo da sociedade da información que difunda a publicidade e promoción directa ou indirecta de xogos ou dos seus operadores, deberá constatar que quen solicite a inserción dos anuncios ou reclamos publicitarios dispón do correspondente título habilitante expedido pola autoridade encargada da regulación do xogo e que este o autoriza para a realización da publicidade solicitada, e deberase abster da súa práctica se carece daquel. A autoridade encargada da regulación do xogo, a través da súa páxina web, manterá actualizada e accesible a información sobre os operadores habilitados.

Considérase rede publicitaria á entidade que, en nome e representación dos editores, ofrece aos anunciantes a utilización de espazos publicitarios en servizos da sociedade da información e a optimización dos resultados publicitarios ao orientar os anuncios ao público interesado polo produto ou servizo publicitado.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. A autoridade encargada da regulación do xogo no exercicio da potestade administrativa de requirir a cesación da publicidade das actividades de xogo, dirixirse á entidade, rede publicitaria, axencia de publicidade, prestador de servizos de comunicación audiovisual ou electrónica, medio de comunicación, servizo da sociedade da información ou rede publicitaria correspondente, indicándolle motivadamente a infracción da normativa aplicable.

A entidade, rede publicitaria, axencia de publicidade, prestador de servizos de comunicación audiovisual ou electrónica, medio de comunicación, servizo da sociedade da información ou rede publicitaria deberá, nos tres días naturais seguintes ao da súa recepción, comunicar o cumprimento do requirimento. En caso de que a mensaxe publicitaria conte cun informe de consulta previa positivo emitido por un sistema de autorregulación publicitaria con que a autoridade encargada da regulación do xogo teña un convenio de colaboración dos previstos no número 5 do artigo 24 desta lei, entenderase que se actuou de boa fe se se suxeitase a ese informe de consulta previa positivo, para o suposto de actuación administrativa realizada no marco dun expediente sancionador.»

Tres. Modifícase o número 8 do artigo 21, que queda redactado nos seguintes termos:

«8. Perseguir o xogo non autorizado, xa se realice no ámbito do Estado español, xa desde fóra de España e que se dirixa ao territorio do Estado, podendo requirir a calquera provedor de servizos de pagamento, entidades de prestación de

servizos de comunicación audiovisual, medios de comunicación, servizos da sociedade da información ou de comunicacións electrónicas, axencias de publicidade e redes publicitarias, información relativa ás operacións realizadas polos distintos operadores ou por organizadores que carezan de título habilitante ou a cesación dos servizos que estivesen prestando.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 36, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. En particular, os prestadores de servizos de comunicación audiovisual, de comunicación electrónica e da sociedade da información, os medios de comunicación, así como as axencias de publicidade e as redes publicitarias serán responsables administrativos da promoción, patrocinio e publicidade dos xogos a que se refire a presente lei cando quen os realice careza de título habilitante ou cando se difundan sen dispoñer da autorización para publicitalos ou á marxe dos límites fixados nesta ou infrinxindo as normas vixentes nesta materia. Non obstante, serán responsables da infracción prevista no artigo 40 d) as redes publicitarias que sirvan publicidade a prestadores de servizos da sociedade da información. A responsabilidade dos servizos da sociedade da información será subsidiaria da das axencias e redes publicitarias, sempre e cando estas últimas sexan adecuadamente identificadas polo servizo da sociedade da información, logo de requirimento da autoridade encargada da regulación do xogo, e dispoñan dun establecemento permanente en España.

A competencia para instruír os procedementos e sancionar os prestadores de servizos de comunicación audiovisual corresponde á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e nestes casos aplicarase o réxime sancionador previsto na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, salvo a excepción prevista no punto anterior, respecto das infraccións do artigo 40, letra e).»

Cinco. Modifícase a letra e) do artigo 40, que queda redactada nos seguintes termos:

«e) O incumprimento dos requirimentos de información ou de cesación de prestación de servizos ditados pola autoridade encargada da regulación do xogo que se dirixan aos provedores de servizos de pagamento, prestadores de servizos de comunicación audiovisual, prestadores de servizos da sociedade da información ou de comunicacións electrónicas, medios de comunicación social, axencias de publicidade e redes publicitarias.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.*

A Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto 1 f) do artigo 10, que queda redactado nos seguintes termos:

«f) Cando o servizo da sociedade da información faga referencia a prezos, facilitarase información clara e exacta sobre o prezo do produto ou servizo, e indicarse se inclúe ou non os impostos aplicables e, de ser o caso, sobre os gastos de envío.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 18, que queda redactado como segue:

«1. As administracións públicas impulsarán, a través da coordinación e do asesoramento, a elaboración e aplicación de códigos de conduta voluntarios, por parte das corporacións, asociacións ou organizacións comerciais, profesionais e de

consumidores, nas materias reguladas nesta lei. A Administración xeral do Estado fomentará, en especial, a elaboración de códigos de conduta de ámbito comunitario ou internacional.

Os códigos de conduta que afecten os consumidores e usuarios estarán suxeitos, ademais, ao capítulo V da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

Os códigos de conduta poderán tratar, en particular, sobre os procedementos para a detección e retirada de contidos ilícitos e a protección dos destinatarios fronte ao envío por vía electrónica de comunicacións comerciais non solicitadas, así como sobre os procedementos extraxudiciais para a resolución dos conflitos que xurdan pola prestación dos servizos da sociedade da información.»

Tres. Os números 1 e 3 do artigo 20 quedan redactados do seguinte modo:

«1. As comunicacións comerciais realizadas por vía electrónica deberán ser claramente identificables como tales, e a persoa física ou xurídica en nome da cal se realizan tamén deberá ser claramente identificable.»

«3. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo do que dispoñan as normativas ditadas polas comunidades autónomas con competencias exclusivas sobre consumo.»

Catro. O número 2 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«2. O disposto no número anterior non será de aplicación cando exista unha relación contractual previa, sempre que o prestador obtivese de forma lícita os datos de contacto do destinatario e os empregase para o envío de comunicacións comerciais referentes a produtos ou servizos da súa propia empresa que sexan similares aos que inicialmente foron obxecto de contratación co cliente.

En todo caso, o prestador deberá ofrecer ao destinatario a posibilidade de oporse ao tratamento dos seus datos con fins promocionais mediante un procedemento sinxelo e gratuíto, tanto no momento de recolla dos datos como en cada unha das comunicacións comerciais que lle dirixa.

Cando as comunicacións fosen remitidas por correo electrónico, o dito medio deberá consistir necesariamente na inclusión dun enderezo de correo electrónico ou outro enderezo electrónico válido onde se poida exercer este dereito, quedando prohibido o envío de comunicacións que non inclúan tal enderezo.»

Cinco. O artigo 22 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Dereitos dos destinatarios de servizos.*

1. O destinatario poderá revogar en calquera momento o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais coa simple notificación da súa vontade ao remitente.

Para tal efecto, os prestadores de servizos deberán habilitar procedementos sinxelos e gratuítos para que os destinatarios de servizos poidan revogar o consentimento prestado. Cando as comunicacións fosen remitidas por correo electrónico, o dito medio deberá consistir necesariamente na inclusión dun enderezo de correo electrónico ou outro enderezo electrónico válido onde se poida exercer este dereito quedando prohibido o envío de comunicacións que non inclúan ese enderezo.

Así mesmo, deberán facilitar información accesible por medios electrónicos sobre tales procedementos.

2. Os prestadores de servizos poderán utilizar dispositivos de almacenamento e recuperación de datos en equipamentos terminais dos destinatarios, a condición de que estes deseen o seu consentimento despois de que se lles facilite información clara e completa sobre a súa utilización, en particular, sobre os fins do

tratamento dos datos, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Cando sexa tecnicamente posible e eficaz, o consentimento do destinatario para aceptar o tratamento dos datos poderase facilitar mediante o uso dos parámetros adecuados do navegador ou doutras aplicacións.

O anterior non impedirá o posible almacenamento ou acceso de índole técnica para o único fin de efectuar a transmisión dunha comunicación por unha rede de comunicacións electrónicas ou, na medida que resulte estritamente necesario, para a prestación dun servizo da sociedade da información expresamente solicitado polo destinatario.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 35, que queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo controlará o cumprimento polos prestadores de servizos da sociedade da información das obrigas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, no que se refire aos servizos propios da sociedade da información.

Non obstante, as referencias aos órganos competentes contidas nos artigos 8, 10, 11, 15, 16, 17 e 38 entenderanse feitas aos órganos xurisdiccionais ou administrativos que en cada caso o sexan en función da materia.»

Sete. O artigo 37 queda redactado como segue:

«Artigo 37. *Responsables.*

Os prestadores de servizos da sociedade da información están suxeitos ao réxime sancionador establecido neste título cando a presente lei lles sexa de aplicación.

Cando as infraccións previstas no artigo 38.3 i) e 38.4 g) se deban á instalación de dispositivos de almacenamento e recuperación da información como consecuencia da cesión por parte do prestador do servizo da sociedade da información de espazos propios para mostrar publicidade, será responsable da infracción, ademais do prestador do servizo da sociedade da información, a rede publicitaria ou axente que xestione directamente con aquel a colocación de anuncios en tales espazos en caso de non ter adoptado medidas para lle exixir o cumprimento dos deberes de información e a obtención do consentimento do usuario.»

Oito. O punto 3 c) do artigo 38 queda redactado como segue:

«c) O envío masivo de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente, ou o seu envío insistente ou sistemático a un mesmo destinatario do servizo cando neses envíos non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 21.»

Nove. O punto 3 i) do artigo 38 queda redactado como segue:

«i) A reincidencia na comisión da infracción leve prevista no número 4 g) cando así se declarase por resolución firme ditada nos tres anos inmediatamente anteriores á apertura do procedemento sancionador.»

Dez. Modifícase a alínea g) do artigo 38.4, que queda redactada como segue:

«g) Utilizar dispositivos de almacenamento e recuperación de datos cando non se facilitase a información ou obtivese o consentimento do destinatario do servizo nos termos exixidos polo artigo 22.2.»

Once. Introdúcese un novo artigo 39 bis co seguinte contido:

«Artigo 39 bis. *Moderación de sancións.*

1. O órgano sancionador establecerá a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións que preceda inmediatamente en gravidade a aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate, nos seguintes supostos:

a) Cando se aprecie unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado ou da antixuridicidade do feito como consecuencia da concorrencia significativa de varios dos criterios enunciados no artigo 40.

b) Cando a entidade infractora regularizase a situación irregular de forma diligente.

c) Cando se poida apreciar que a conduta do afectado puido inducir á comisión da infracción.

d) Cando o infractor recoñecese espontaneamente a súa culpabilidade.

e) Cando se producise un proceso de fusión por absorción e a infracción fose anterior a ese proceso, e non sexa imputable á entidade absorbente.

2. Os órganos con competencia sancionadora, atendida a natureza dos feitos e a concorrencia significativa dos criterios establecidos no número anterior, poderán acordar non iniciar a apertura do procedemento sancionador e, no seu lugar, apercibir o suxeito responsable, co fin de que no prazo que o órgano sancionador determine, acredite a adopción das medidas correctoras que en cada caso resulten pertinentes, sempre que concorran os seguintes presupostos:

a) Que os feitos fosen constitutivos de infracción leve ou grave conforme o disposto nesta lei.

b) Que o órgano competente non sancionase ou apercibise con anterioridade o infractor como consecuencia da comisión de infraccións previstas nesta lei.

Se o apercibimento non fose atendido no prazo que o órgano sancionador determinase, procederá a apertura do correspondente procedemento sancionador por tal incumprimento.»

Doce. Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Graduación da contía das sancións.*

A contía das multas que se impoñan graduarase atendendo aos seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade.

b) Prazo de tempo durante o cal se viñese cometendo a infracción.

c) A reincidencia por comisión de infraccións da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

d) A natureza e contía dos prexuízos causados.

e) Os beneficios obtidos pola infracción.

f) Volume de facturación a que afecte a infracción cometida.

g) A adhesión a un código de conduta ou a un sistema de autorregulación publicitaria aplicable respecto á infracción cometida, que cumpra co disposto no artigo 18 ou na disposición derradeira oitava e que recibise o informe favorable do órgano ou órganos competentes.»

Trece. Modifícase o artigo 43, que queda redactado como segue:

«1. A imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderá, no caso de infraccións moi graves, ao ministro de Industria, Enerxía

e Turismo, e no de infraccións graves e leves, ao secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Non obstante o anterior, a imposición de sancións por incumprimento das resolucións ditadas polos órganos competentes en función da materia ou entidade de que se trate a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 38.2 desta lei corresponderá ao órgano que ditou a resolución incumplida. Igualmente, corresponderá á Axencia de Protección de Datos a imposición de sancións pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos 38.3 c), d) e i) e 38.4 d), g) e h) desta lei.

2. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co establecido ao respecto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento. Non obstante, o prazo máximo de duración do procedemento simplificado será de tres meses.»

Catorce. Introdúcese un punto cinco bis na disposición adicional sexta, que queda redactado da seguinte forma:

«Cinco bis. A autoridade de asignación suspenderá cautelarmente ou cancelará, de acordo co correspondente requirimento xudicial previo, os nomes de dominio mediante os cales se estea cometendo un delito ou falta tipificado no Código penal. Do mesmo modo procederá a autoridade de asignación cando as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado lle dirixan requirimento de suspensión cautelar ditado como dilixencia de prevención dentro das 24 horas seguintes ao coñecemento dos feitos.

Así mesmo, de acordo co disposto nos artigos 8, 11 e concordantes desta lei, a autoridade administrativa ou xudicial competente como medida para obter a interrupción da prestación dun servizo da sociedade da información ou a retirada dun contido, poderá requirir a autoridade de asignación para que suspenda cautelarmente ou cancele un nome de dominio.

Da mesma forma se procederá nos demais supostos previstos legalmente.

Nos supostos previstos nos dous parágrafos anteriores, só se poderá ordenar a suspensión cautelar ou a cancelación dun nome de dominio cando o prestador de servizos ou persoa responsable non atendese o requirimento ditado para a cesación da actividade ilícita.

En todos os casos en que a Constitución, as normas reguladoras dos respectivos dereitos e liberdades ou as que resulten aplicables ás diferentes materias atribúan competencia aos órganos xurisdiccionais de forma excluínte para intervir no exercicio de actividades ou dereitos, só a autoridade xudicial competente poderá requirir a suspensión cautelar ou a cancelación. En particular, cando esas medidas afecten os dereitos e as liberdades de expresión e información e demais amparados nos termos establecidos no artigo 20 da Constitución só poderán ser decididas polos órganos xurisdiccionais competentes.

A suspensión consistirá na imposibilidade de utilizar o nome de dominio para os efectos do enderezamento na internet e a prohibición de modificar a súa titularidade e os seus datos rexistrados, ben que poderá engadir novos datos de contacto. O titular do nome de dominio unicamente o poderá renovar ou modificar a modalidade de renovación. A suspensión cautelar manterase ata que sexa levantada ou ben confirmada nunha resolución definitiva que ordene a cancelación do nome de dominio.

A cancelación terá os mesmos efectos que a suspensión ata a expiración do período de rexistro e se o tempo restante é inferior a un ano, por un ano adicional, transcorrido o cal o nome de dominio poderá volver asignarse.»

Quince. Introdúcese unha nova disposición adicional oitava co seguinte contido:

«Disposición adicional oitava. *Colaboración dos rexistros de nomes de dominio establecidos en España na loita contra actividades ilícitas.*

1. Os rexistros de nomes de dominio establecidos en España estarán suxeitos ao establecido no punto cinco bis da disposición adicional sexta, respecto dos nomes de dominio que asignen.

2. As entidades de rexistro de nomes de dominio establecidas en España estarán obrigadas a facilitar os datos relativos aos titulares dos nomes de dominio que soliciten as autoridades públicas para o exercicio das súas competencias de inspección, control e sanción cando as infraccións administrativas que se persigan teñan relación directa coa actividade dunha páxina da internet identificada cos nomes de dominio que asignen.

Así mesmo, facilitaranse tales datos cando sexan necesarios para a investigación e mitigación de incidentes de cibersegurança en que estean involucrados equipos relacionados cun nome de dominio dos encomendados á súa xestión. Esta información será proporcionada ao órgano, organismo ou entidade que se determine legal ou regulamentariamente.

En ambos os supostos, a solicitude deberase formular mediante escrito motivado en que se especificarán os datos requiridos e a necesidade e proporcionalidade dos datos solicitados para o fin que se persegue. Se os datos demandados son datos persoais, a súa cesión non precisará o consentimento do seu titular.»

Dezaseis. Introdúcese unha disposición adicional novena co seguinte contido:

«Disposición adicional novena. *Xestión de incidentes de cibersegurança que afecten a rede da internet.*

1. Os prestadores de servizos da sociedade da información, os rexistros de nomes de dominio e os axentes rexistradores que estean establecidos en España están obrigados a prestar a súa colaboración co CERT competente, na resolución de incidentes de cibersegurança que afecten a rede da internet e actuar baixo as recomendacións de seguranza indicadas ou que sexan establecidas nos códigos de conduta que desta lei deriven.

Os órganos, organismos públicos ou calquera outra entidade do sector público que xestionen equipamentos de resposta a incidentes de seguranza colaborarán coas autoridades competentes para a achega das evidencias técnicas necesarias para a persecución dos delitos derivados dos ditos incidentes de cibersegurança.

2. Para o exercicio das funcións e obrigas anteriores, os prestadores de servizos da sociedade da información, respectando o segredo das comunicacións, subministrarán a información necesaria ao CERT competente, e ás autoridades competentes, para a adecuada xestión dos incidentes de cibersegurança, incluíndo os enderezos IP que poidan estar comprometidos ou implicados neles.

Da mesma forma, os órganos, organismos públicos ou calquera outra entidade do sector público que xestionen equipos de resposta a incidentes de seguranza poderán intercambiar información asociada a incidentes de cibersegurança con outros CERT ou autoridades competentes a nivel nacional e internacional, sempre que esa información sexa necesaria para a prevención de incidentes no seu ámbito de actuación.

3. O Goberno porá en marcha, no prazo de seis meses, un programa para impulsar un esquema de cooperación público-privada co fin de identificar e mitigar os ataques e incidentes de cibersegurança que afecten a rede da internet en España. Para isto elaboraranse códigos de conduta en materia de cibersegurança aplicables aos diferentes prestadores de servizos da sociedade da información, e

aos rexistros de nomes de dominio e axentes rexistradores establecidos en España.

Os códigos de conduta determinarán o conxunto de normas, medidas e recomendacións a implementar que permitan garantir unha xestión eficiente e eficaz dos citados incidentes de ciberseguraza, o réxime de colaboración e condicións de adhesión e implementación, así como os procedementos de análise e revisión das iniciativas resultantes.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información coordinará as actuacións que se poñan en marcha derivadas destes códigos de conduta.

4. Conforme os códigos de conduta que se definan en particular, os prestadores de servizos da sociedade da información deberán identificar os usuarios afectados polos incidentes de ciberseguraza que lles sexan notificados polo CERT competente, e indicarlles as accións que deben levar a cabo e que están baixo a súa responsabilidade, así como os tempos de actuación. En todo caso, proporcionaráselles información sobre os prexuízos que poderían sufrir ou ocasionar a terceiros se non colaboran na resolución dos incidentes de ciberseguraza a que se refire esta disposición.

No caso de que os usuarios non exerzan no prazo recomendado a súa responsabilidade en canto á desinfección ou eliminación dos elementos causantes do incidente de ciberseguraza, os prestadores de servizos deberán, baixo requirimento do CERT competente, illar ese equipamento ou servizo da rede, evitando así efectos negativos a terceiros ata a cesación da actividade maliciosa.

O parágrafo anterior será de aplicación a calquera equipamento ou servizo xeolocalizado en España ou que estea operativo baixo un nome de dominio «.es» ou outros cuxo rexistro estea establecido en España.

5. Regulamentariamente determinaranse os órganos, organismos públicos ou calquera outra entidade do sector público que exercerán as funcións de equipo de resposta a incidentes de seguraza ou CERT competente para os efectos do previsto na presente disposición.

6. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información garantirá un intercambio fluído de información coa Secretaría de Estado de Seguraza do Ministerio do Interior sobre incidentes, ameazas e vulnerabilidades segundo o establecido na Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas. Neste sentido estableceranse mecanismos de coordinación entre ambos os órganos para garantir a provisión dunha resposta coordinada fronte a incidentes no marco da presente lei.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.*

Introdúcese a disposición adicional oitava na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, co seguinte texto:

«Disposición adicional oitava. *Instalación de infraestruturas de rede ou estacións radioeléctricas en edificacións de dominio privado.*

As obras de instalación de infraestruturas de rede ou estacións radioeléctricas en edificacións de dominio privado non requirirán a obtención de licenza de obras ou edificación nin outras autorizacións, ben que, en todo caso o seu promotor deberá presentar ante a autoridade competente en materia de obras de edificación unha declaración responsable onde conste que as obras se levarán a cabo segundo un proxecto ou unha memoria técnica subscritos por técnico competente, segundo corresponda, xustificativa do cumprimento dos requisitos aplicables do Código técnico da edificación. Unha vez executadas e finalizadas as obras de

instalación das infraestruturas das redes de comunicacións electrónicas, o promotor deberá presentar ante a autoridade competente unha comunicación da finalización das obras e de que estas se levaron a cabo segundo o proxecto técnico ou memoria técnica.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.*

A Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 6, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A cesión da información efectuarase mediante formato electrónico unicamente aos axentes facultados e deberase limitar á información que resulte imprescindible para a consecución dos fins sinalados no artigo 1.

Para estes efectos, terán a consideración de axentes facultados:

a) Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade, cando desempeñen funcións de policía xudicial, de acordo co previsto no artigo 547 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

b) Os funcionarios da Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira, no desenvolvemento das súas competencias como policía xudicial, de acordo co número 1 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal.

c) O persoal do Centro Nacional de Intelixencia no curso das investigacións de seguranza sobre persoas ou entidades, de acordo co previsto na Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, e na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. O prazo de execución da orde de cesión será o fixado pola resolución xudicial, atendendo á urxencia da cesión e para os efectos da investigación de que se trate, así como á natureza e complexidade técnica da operación.

Se non se establece outro prazo distinto, a cesión deberase efectuar dentro do prazo de 7 días naturais contados a partir das 8:00 horas do día natural seguinte a aquel en que o suxeito obrigado reciba a orde.»

Tres. Modifícase o artigo 10, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Infraccións e sancións.*

1. Constitúen infraccións ao previsto na presente lei as seguintes:

a) É infracción moi grave a non conservación en ningún momento dos datos a que se refire o artigo 3.

b) Son infraccións graves:

i) A non conservación reiterada ou sistemática dos datos a que se refire o artigo 3.

ii) A conservación dos datos por un período inferior ao establecido no artigo 5.

iii) O incumprimento deliberado das obrigas de protección e seguranza dos datos establecidas no artigo 8.

c) Son infraccións leves:

i) A non conservación dos datos a que se refire o artigo 3 cando non se cualifique como infracción moi grave ou grave.

ii) O incumprimento das obrigas de protección e seguranza dos datos establecidas no artigo 8, cando non se cualifique como infracción grave.

2. Ás infraccións previstas no número anterior, a excepción das indicadas nos puntos 1.b).iii e 1.c).ii deste artigo, seralles de aplicación o réxime sancionador establecido na Lei xeral de telecomunicacións, e a competencia sancionadora corresponderá ao secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, sen prexuízo das responsabilidades penais que poidan derivar do incumprimento da obriga de cesión de datos aos axentes facultados.

O procedemento para sancionar as citadas infraccións iniciárase por acordo do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, e o Ministerio do Interior poderá instar o dito inicio.

En todo caso, deberase requirir do Ministerio do Interior informe preceptivo e determinante para a resolución do procedemento sancionador.

3. Ás infraccións previstas nos puntos 1.b).iii e 1.c).ii deste artigo seralles de aplicación o réxime sancionador establecido na Lei xeral de telecomunicacións, correspondendo a competencia sancionadora á Axencia Española de Protección de Datos.»

Catro. Modifícase o número 5 da disposición adicional única, que queda redactado nos seguintes termos:

«Constitúen infraccións ao previsto na presente disposición, ademais da previstas no artigo 10, as seguintes:

a) É infracción moi grave o incumprimento da xestión do libro de rexistro referido.

b) Son infraccións graves a xestión reiterada ou sistematicamente incompleta do dito libro de rexistro, así como o incumprimento deliberado da cesión e entrega dos datos ás persoas e nos casos previstos nesta disposición.

c) Son infraccións leves a xestión incompleta do libro de rexistro ou o incumprimento da cesión e entrega dos datos ás persoas e nos casos previstos nesta disposición cando non se cualifiquen como infraccións moi graves ou graves.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación.*

Modifícase o número 1 do artigo 3 do Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A partir da data de entrada en vigor do presente real decreto lei, non se concederá autorización para a construción ou rehabilitación integral de ningún edificio dos referidos no artigo 2, se ao correspondente proxecto arquitectónico non se une o que prevexa a instalación dunha infraestrutura común propia. Esta infraestrutura deberá reunir as condicións técnicas adecuadas para cumprir, ao menos, as funcións indicadas no artigo 1.2 deste real decreto lei, sen prexuízo do que se determine nas normas que, en cada momento, se diten no seu desenvolvemento.

A instalación da infraestrutura regulada neste real decreto lei debe contar co correspondente proxecto técnico, asinado por quen estea en posesión dun título

universitario oficial de enxeñeiro, enxeñeiro técnico, máster ou grao que teña competencias sobre a materia en razón do plan de estudos da respectiva titulación.

Mediante real decreto determinarase o contido mínimo que debe ter o dito proxecto técnico.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.*

O artigo 8.2 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, queda redactado como segue:

«2. O período de validez dos certificados electrónicos será adecuado ás características e á tecnoloxía empregada para xerar os datos de creación de sinatura. No caso dos certificados recoñecidos, este período non poderá ser superior a cinco anos.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, modifícase como segue:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 5, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Para a efectividade deste dereito, os prestadores do servizo de comunicación televisiva de cobertura estatal ou autonómica deben reservar a obras europeas o 51 por cento do tempo de emisión anual da súa programación. Pola súa vez, o 50 por cento desa cota queda reservado para obras europeas en calquera das linguas españolas. En todo caso, o 10 por cento do tempo de emisión estará reservado a obras europeas de produtores independentes do prestador de servizo e a metade dese 10 por cento debe ter sido producida nos últimos cinco anos. O tempo de emisión a que se refire este número computarase con exclusión do dedicado a informacións, manifestacións deportivas, xogos, publicidade, servizos de teletexto e televenda.»

Dous. Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a realizar a cambio de contraprestación colocación de produtos en longametraxes, curtametraxes, documentais, películas e series de televisión, programas deportivos e programas de entretemento.

Nos casos en que non se produza ningún pagamento, senón unicamente a subministración gratuíta de determinados bens ou servizos, tales como axudas materiais á produción ou premios, con miras á súa inclusión nun programa, unicamente constituirá colocación de produto e por tanto estará permitido, sempre que estes bens ou servizos teñan un valor significativo.

2. Cando o programa fose producido ou encargado polo prestador do servizo ou por unha das súas filiais, o público debe ser claramente informado da colocación do produto ao principio e ao final do programa, e cando continúe tras unha pausa publicitaria.

3. A colocación non pode condicionar a responsabilidade nin a independencia editorial do prestador do servizo de comunicación audiovisual. Tampouco pode incitar directamente a compra ou o arrendamento de bens ou servizos, realizar promocións concretas destes ou dar prominencia indebida ao produto.

4. Queda prohibido a colocación de produto na programación infantil.»

Tres. Modifícase o artigo 38, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 38. *Liberdade de recepción dos servizos prestados dentro da Unión Europea.*

1. Garántese a liberdade de recepción en todo o territorio español dos servizos audiovisuais cuxos titulares se encontren establecidos nun Estado membro da Unión Europea, sempre que non interfiran tecnicamente nas emisións dos prestadores establecidos baixo xurisdición española. No ámbito do Convenio europeo sobre televisión transfronteiriza e, para canalizar o dereito á diversidade cultural e lingüística no ámbito europeo, en todas as zonas limítrofes cun país da Unión Europea se posibilitará a emisión e a recepción de programas difundidos mediante ondas hertzianas, garantindo para iso unha adecuada planificación do espectro radioeléctrico nas zonas transfronteirizas.

2. A autoridade audiovisual competente estatal, con carácter excepcional e de conformidade co disposto no artigo 3 da Directiva 2010/13, poderá limitar esa liberdade de recepción cando os servizos audiovisuais televisivos procedentes dun Estado membro da Unión Europea infrinxan, de maneira grave e reiterada, o disposto na lexislación española en materia de protección de menores ou conteñan incitacións ao odio por razón de raza, sexo, relixión ou nacionalidade, sempre que eses servizos incorresen nas condutas anteriores ao menos dúas veces nos doce meses inmediatamente anteriores.

A autoridade audiovisual, nestes casos, e antes de adoptar as medidas de limitación, deberá notificar ao titular dos servizos audiovisuais e á Comisión Europea as infraccións alegadas e as medidas que ten intención de adoptar en caso de que se produza de novo esa infracción, e iniciará consultas con esta última e co Estado membro en que o titular dos servizos audiovisuais estea establecido co fin de chegar a un acordo amigable.

Se as consultas cos suxeitos mencionados no número anterior non desen lugar a un acordo e persistisen as infraccións, nun prazo de quince días a partir da súa notificación poderán adoptarse as medidas previstas no primeiro parágrafo deste número.

En caso de decisión negativa por parte da Comisión, deberase pór fin urxentemente ás medidas de que se trate.

3. Ademais, se o servizo de comunicación audiovisual é a petición, a liberdade de recepción poderase limitar de forma proporcionada por razóns de orde pública, seguranza pública, protección da saúde pública, ou para protexer os consumidores e investidores. Neste caso, antes de adoptar as medidas, a autoridade audiovisual deberá solicitar ao Estado membro da Unión Europea a cuxa xurisdición estea suxeito o prestador de servizos a petición, que tome medidas e notificar, caso de que este último non as tomase, ou non fosen suficientes, á Comisión Europea e ao Estado membro sinalado a súa intención de adoptalas.

En casos de urxencia, a autoridade audiovisual poderá adoptar estas medidas notificándoas coa maior brevidade á Comisión Europea e ao Estado membro a cuxa xurisdición estea suxeito o prestador de servizos, indicando as razóns da urxencia.

En caso de decisión negativa por parte da Comisión, a autoridade audiovisual deberase abster de adoptar as medidas propostas ou, de ser o caso, deberá pór fin urxentemente ás medidas de que se trate.

4. A acreditación das medidas referidas nos dous números anteriores deberase efectuar mediante a instrución do correspondente expediente pola autoridade audiovisual competente estatal.»

Catro. Modifícase o artigo 39, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A autoridade competente estatal, de conformidade co disposto no artigo 4 da Directiva 2010/13, poderá adoptar medidas de salvagarda da lexislación

española, de acordo co procedemento previsto neste artigo cando o prestador dun servizo de comunicación audiovisual televisivo establecido noutro Estado membro da Unión Europea dirixa o seu servizo total ou principalmente ao territorio español e se establecese nese Estado membro para eludir as normas españolas máis estritas.

Neste caso, a autoridade competente estatal poderá, mediante petición debidamente motivada, pórse en contacto co outro Estado membro mencionado para lograr unha solución dos problemas propostos que resulte mutuamente satisfactoria.

2. Se no prazo de dous meses desde a petición non se alcanza unha solución satisfactoria, a autoridade competente estatal poderá adoptar as medidas previstas no número un deste artigo sempre que sexan obxectivamente necesarias e se apliquen de maneira non discriminatoria e proporcionadas aos obxectivos que se perseguen.

3. Con carácter previo á adopción das citadas medidas, a autoridade audiovisual deberá notificar á Comisión Europea e ao Estado membro en que se encontre establecido o prestador do servizo de comunicación audiovisual televisivo, o proxecto de medidas que se vai aplicar, ao que se xuntará a xustificación correspondente. O proxecto de medidas deberá ser aprobado pola Comisión Europea e, en caso de decisión negativa por parte desta, a autoridade audiovisual absterase de adoptar as medidas propostas.»

Disposición derradeira oitava. *Regulación das condicións en que os órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal permitirán a ocupación do dominio público que xestionan e da propiedade privada de que son titulares.*

Para os efectos do previsto nos artigos 29 e 30 da presente lei, mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta conxunta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Fomento, determinaranse as condicións en que os órganos ou entes xestores de infraestruturas de transporte de competencia estatal deben permitir o exercicio do dereito de ocupación do dominio público que xestionan e da propiedade privada de que son titulares, polos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas baixo os principios do acceso efectivo aos ditos bens, a redución de cargas, e a simplificación administrativa, en condicións equitativas, non discriminatorias, obxectivas e neutrais.

Disposición derradeira novena. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións, prevista no artigo 149.1.21.^a da Constitución. Así mesmo, as disposicións da lei dirixidas a garantir a unidade de mercado no sector das telecomunicacións dítanse ao abeiro do artigo 149.1.1.^a da Constitución, sobre regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e do artigo 149.1.13.^a da Constitución, sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira décima. *Competencias de desenvolvemento.*

O Goberno e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co previsto nesta lei e no ámbito das súas respectivas competencias, poderán ditar as normas regulamentarias que requiran o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Taxas en materia de telecomunicacións

1. *Taxa xeral de operadores*

1. Sen prexuízo da contribución económica que se poida impor aos operadores para o financiamento do servizo universal, de acordo co establecido no artigo 25 e no título III, todo operador estará obrigado a satisfacer unha taxa anual que non poderá exceder o 1,5 por mil dos seus ingresos brutos de explotación e que estará destinada a sufragar os gastos que se xeren, incluídos os de xestión, control e execución, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, polas autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68.

Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, enténdese por ingresos brutos o conxunto de ingresos que obteña o operador derivados da explotación das redes e da prestación dos servizos de comunicacións electrónicas incluídos no ámbito de aplicación desta lei. Para tales efectos, non se considerarán como ingresos brutos os correspondentes a servizos prestados por un operador cuxo importe recade dos usuarios co fin de remunerar os servizos de operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas.

2. A taxa devindicase o 31 de decembro de cada ano. Non obstante, se por causa imputable ao operador, este perde a habilitación para actuar como tal en data anterior ao 31 de decembro, a taxa devindicase na data en que esta circunstancia se produza.

3. O importe desta taxa anual non poderá exceder os gastos que se xeren, incluídos os de xestión, control e execución, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, anteriormente referidos.

Para tal efecto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo fará público antes do 30 de abril de cada ano unha memoria que conteña os gastos en que incorresen no exercicio anterior as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68 pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei.

A memoria recollerá, de forma separada, os gastos en que incorrese a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, que servirán de base para fixar a asignación anual da Comisión con cargo aos orzamentos xerais do Estado e garantir a suficiencia de recursos financeiros da Comisión para a aplicación desta lei.

O importe da taxa resultará de aplicar, ao importe dos gastos en que incorreron no exercicio anterior as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68 pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei e que figura na citada memoria, a porcentaxe que individualmente representan os ingresos brutos de explotación de cada un dos operadores de telecomunicacións no exercicio anterior sobre o total dos ingresos brutos de explotación obtidos nese mesmo exercicio polos operadores de telecomunicacións.

Mediante real decreto determinarase o sistema para calcular os gastos en que incorreron as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68 pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, o sistema de xestión para a liquidación desta taxa e os prazos e requisitos que os operadores de telecomunicacións deben cumprir para declarar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o importe dos seus ingresos brutos de explotación co obxecto de que este calcule o importe da taxa que corresponde satisfacer a cada un dos operadores de telecomunicacións.

Se a referida declaración non se presenta en prazo, formularase ao suxeito pasivo requirimento notificado con carácter fidedigno, co fin de que no prazo de 10 días presente a declaración. Se non o fai, o órgano xestor xiraralle unha liquidación provisional sobre os ingresos brutos da explotación determinados en réxime de estimación indirecta, conforme o disposto no artigo 53 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que incluírá o importe da sanción e os xuros de demora que procedan. Respecto da imposición da sanción aplicarase o disposto na citada Lei xeral tributaria.

2. Taxas por numeración, enderezamento e denominación

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o outorgamento de dereitos de uso de números, enderezos ou nomes.

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias de dereitos de uso.

A taxa devindicarase o 1 de xaneiro de cada ano, excepto a do período inicial, que se devindicará na data que se produza o outorgamento dos dereitos de uso.

O procedemento para a súa exacción establecerase mediante real decreto. O importe desa exacción será o resultado de multiplicar a cantidade de números, enderezos ou nomes cuxos dereitos de uso se outorgasen polo valor de cada un deles, que poderá ser diferente en función dos servizos e plans correspondentes.

Con carácter xeral, o valor de cada número do Plan nacional de numeración telefónica para a fixación da taxa por numeración, enderezamento e denominación incluíndo, para estes efectos, os números empregados exclusivamente para a prestación de servizos de mensaxes sobre redes telefónicas, será de 0,04 euros. A este valor aplicaráselle os coeficientes que se especifican na seguinte táboa, para os rangos e servizos que se indican:

Coeficiente	Servizo	Rango (NXYA)	Lonxitude (cifras)
0	Servizos de interese social.	0XY, 112, 10YA	3 e 4
0	Servizos harmonizados europeos de valor social.	116 A (A = 0 e 1)	6
0	Uso interno no ámbito de cada operador.	12YA (XA= 00 - 19) 22YA	Indefinida.
2	Mensaxes sobre redes telefónicas.	2XYA (X ≠ 2) 3XYA 79YA 99YA	5 e 6
3	Numeración curta e prefixos.	1XYA (X≠1) 50YA	4, 5 e 6
1	Numeración xeográfica e vocal nómade xeográfica.	9XYA (X≠0) 8XYA (X≠0)	9
1	Numeración móbil.	6XYA 7XYA (X=1, 2, 3, 4)	9
1	Numeración vocal nómade.	5XYA (X=1)	9
1	Numeración de acceso á internet.	908A 909A	9
10	Tarifas especiais.	80YA (E=0, 3, 6, 7) 90YA (E=0, 1, 2, 5, 7)	9
10	Numeración persoal.	70YA	9
30	Consulta telefónica sobre números de abonado.	118 A (A= 1 - 9)	5
2	Comunicacións máquina a máquina.	590 A	13

Nota: na columna correspondente á identificación de rango, as cifras NXYA representan as primeiras 4 cifras do número marcado. As cifras X, Y, A poden tomar todos os valores entre 0 e 9, excepto nos casos que se indique outra cousa. O guión indica que as cifras referenciadas poden tomar calquera valor comprendido entre os mostrados a cada lado del (estes incluídos).

O Plan nacional de numeración telefónica e as súas disposicións de desenvolvemento poderán introducir coeficientes para aplicar para os recursos de numeración que se atribúan con posterioridade á entrada en vigor desta lei, sempre que aqueles non excedan o valor de 30, exceptuando os supostos en que se outorguen dereitos de uso de números de 9 cifras a usuarios finais, caso en que o valor máximo resultante da taxa non poderá superar os 100 euros.

Para os efectos do cálculo desta taxa, entenderase que todos os números do Plan nacional de numeración telefónica e os empregados exclusivamente para a prestación de servizos de mensaxes sobre redes telefónicas públicas están formados por nove díxitos. Cando se outorguen dereitos de uso dun número con menos díxitos, considerarase que se están outorgando dereitos de uso para a totalidade dos números de nove díxitos que se poidan formar mantendo como parte inicial destes o número cuxos dereitos de uso se outorgan. Cando se outorguen dereitos de uso de números de maior lonxitude, considerarase que se están outorgando para a totalidade dos números de nove díxitos que se poidan formar coas nove primeiras cifras daqueles.

Así mesmo, establécense as seguintes taxas por numeración, enderezamento e denominación:

Tipo de número	Norma de referencia	Valor de cada código (euros)
Código de punto de sinalización internacional (CPSI).	Recomendación UIT-T Q.708.	1.000
Código de punto de sinalización nacional (CPSN).	Recomendación UIT-T Q.704.	10
Indicativo de rede de datos (CIRD).	Recomendación UIT-T X.121.	1.000
Indicativo de rede móbil Tetra (IRM).	Recomendación UIT-T E.218.	1.000
Código de operador de portabilidade (NRN).	Especificacións técnicas de portabilidade.	1.000
Indicativo de rede móbil (IRM).	Recomendación UIT-T E.212.	1.000

Estas novas taxas aplicaranse sen carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro do ano seguinte á aprobación da presente lei.

O valor da taxa por numeración, enderezamento e denominación fixarase anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Non obstante o disposto no número anterior, na fixación do importe que se deba satisfacer por esta taxa poderase tomar en consideración o valor de mercado do uso dos números e nomes cuxos dereitos de uso se outorguen e a rendibilidade que deles poida obter a persoa ou entidade beneficiaria, conforme o disposto no artigo 19.

Neste caso, nos supostos de carácter excepcional en que así estea previsto nos plans nacionais ou as súas disposicións de desenvolvemento e nos termos que nestes se fixen, a contía anual da taxa poderase substituír pola que resulte dun procedemento de licitación no cal se fixará un valor inicial de referencia e o tempo de duración do outorgamento do dereito de uso. Se o valor de adjudicación da licitación resulta superior ao dito valor de referencia, aquel constituirá o importe da taxa.

3. Procederá a devolución do importe da taxa por numeración que proporcionalmente corresponda, cando se produza a cancelación da asignación de recursos de numeración por petición do interesado, durante o exercicio anual que corresponda. Para iso, seguirase o procedemento establecido mediante real decreto.

4. O importe dos ingresos obtidos por esta taxa ingresarase no Tesouro Público e destinarase ao financiamento dos gastos que soporte a Administración xeral do Estado na xestión, control e execución do réxime xurídico establecido nesta lei.

3. *Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico*

1. A reserva para uso privativo ou para uso especial por operadores de calquera frecuencia do dominio público radioeléctrico a favor dunha ou varias persoas ou entidades gravarase cunha taxa anual, nos termos que se establecen nesta epígrafe.

Para a fixación do importe que se deba satisfacer en concepto desta taxa polos suxeitos obrigados, terase en conta o valor de mercado do uso da frecuencia reservada e a rendibilidade que del poida obter o beneficiario.

Para a determinación do citado valor de mercado e da posible rendibilidade obtida polo beneficiario da reserva tomaranse en consideración, entre outros, os seguintes parámetros:

- a) O grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas.
- b) O tipo de servizo para o cal se pretende utilizar a reserva e, en particular, se este implica as obrigas de servizo público recollidas no título III.
- c) A banda ou sub-banda do espectro que se reserve.
- d) Os equipamentos e tecnoloxía que se empreguen.
- e) O valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado.

2. O importe que se deba satisfacer en concepto desta taxa será o resultado de multiplicar a cantidade de unidades de reserva radioelétrica do dominio público reservado polo valor en euros que se asigne á unidade. Nos territorios insulares, a superficie que se aplicará para o cálculo das unidades radioelétricas que se utilicen para a determinación da taxa correspondente calcularase excluindo a cobertura non solicitada que se estenda sobre a zona marítima. Para os efectos do disposto neste número, enténdese por unidade de reserva radioelétrica un patrón convencional de medida, referido á ocupación potencial ou real, durante o período dun ano, dun largo de banda dun quilohertz sobre un territorio dun quilómetro cadrado.

3. A cuantificación dos parámetros anteriores determinarase na Lei de orzamentos xerais do Estado. A redución do parámetro indicado na alínea b) do número 1 desta epígrafe da taxa por reserva de dominio público radioelétrico, que se determinará na Lei de orzamentos xerais do Estado, será de ata o 75 por 100 do valor do dito coeficiente para as redes e servizos de comunicacións electrónicas que impliquen obrigas de servizo público dos artigos 25 e 28, números 1 e 2, desta lei, ou para o dominio público destinado á prestación de servizos públicos en xestión directa ou indirecta mediante concesión administrativa.

Así mesmo, na lei a que se refire o parágrafo anterior fixarase:

- a) A fórmula para o cálculo do número de unidades de reserva radioelétrica dos distintos servizos radioelétricos.
- b) Os tipos de servizos radioelétricos.
- c) O importe mínimo que se deberá ingresar en concepto de taxa por reserva do dominio público radioelétrico.

4. O pagamento da taxa deberao realizar o titular da reserva de dominio público radioelétrico. As estacións meramente receptoras que non dispoñan de reserva radioelétrica estarán excluídas do pagamento da taxa. O importe da exacción será ingresado no Tesouro Público.

5. O importe da taxa deberase satisfacer anualmente. Devindicarase inicialmente o día do outorgamento do título habilitante para o uso do demanio e, posteriormente, o día 1 de xaneiro de cada ano.

6. O procedemento de exacción establecerase mediante real decreto. A falta de pagamento do importe da taxa poderá motivar a suspensión ou a perda do dereito á ocupación do dominio público radioelétrico, salvo cando, no procedemento de impugnación en vía administrativa ou contencioso-administrativa interposto contra a liquidación da taxa, se acordase a suspensión do pagamento.

7. As administracións públicas estarán exentas do pagamento desta taxa nos supostos de reserva de dominio público radioelétrico para a prestación de servizos obrigatorios de interese xeral que teña exclusivamente por obxecto a defensa nacional, a seguranza pública e as emerxencias, así como calquera outro servizo obrigatorio de interese xeral sen contrapartida económica directa ou indirecta, como taxas, prezos públicos ou privados, nin outros ingresos derivados desa prestación, tales como os ingresos en concepto de publicidade. Para tal efecto, deberán solicitar, fundamentadamente, esa exención ao

Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Así mesmo, non estarán suxeitos ao pagamento os enlaces descendentes de radiodifusión por satélite, tanto sonora como de televisión.

4. *Taxas de telecomunicacións*

1. A xestión precisa para o outorgamento de determinadas concesións e autorizacións, inscricións rexistras, emisión de certificacións, realización de actuacións obrigatorias de inspección, emisión de ditames técnicos e a realización de exames darán dereito á exacción das taxas compensatorias do custo dos trámites e actuacións necesarias, conforme o que se dispón nos parágrafos seguintes.

2. Constitúe o feito impoñible da taxa a xestión precisa pola Administración para a emisión de certificacións rexistras; para a presentación de proxecto técnico de infraestruturas común de telecomunicacións e do certificado ou boletín de instalación que ampara as infraestruturas comúns de telecomunicacións no interior de edificios; de cumprimento das especificacións técnicas de equipamentos e aparellos de telecomunicacións; así como a emisión de ditames técnicos de avaliación da conformidade destes equipamentos e aparellos; as inscricións no rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación; as actuacións inspectoras ou de comprobación técnica que, con carácter obrigatorio, veñan establecidas nesta lei ou noutras disposicións con rango legal ou a presentación de certificacións expedidas por técnico competente substitutivas desas actuacións inspectoras ou de comprobación; a tramitación de concesións demaniais para o uso privativo do dominio público radioeléctrico e a tramitación de autorizacións xerais ou individuais de uso especial do dito dominio e a realización dos exames de capacitación para operar estacións de radioaficionado.

3. Serán suxeitos pasivos da taxa, segundo os supostos, a persoa natural ou xurídica que solicite a correspondente certificación ou ditame técnico de avaliación; que presente ao rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación a correspondente declaración responsable; que solicite unha certificación de presentación do proxecto técnico de infraestruturas comúns de telecomunicacións, a acta de implantación, o boletín de instalación e o protocolo de probas e, de ser o caso, o certificado de fin de obras e os anexos; aquela á que proceda practicar as actuacións inspectoras de carácter obrigatorio ou solicite a tramitación ou concesións demaniais para o uso privativo do dominio público radioeléctrico ou a tramitación de autorizacións, xerais ou individuais, de uso especial do dominio público radioeléctrico; a que se presente aos exames para a obtención do título de operador de estacións de aficionado, así como a que presente certificacións expedidas por técnico competente substitutivas de actuacións inspectoras ou de comprobación de carácter obrigatorio.

4. A contía da taxa establecerase na Lei de orzamentos xerais do Estado. A taxa devindicarase no momento da solicitude correspondente. O rendemento da taxa ingresarase no Tesouro Público. Mediante real decreto establecerase a forma de liquidación da taxa.

A realización de probas ou ensaios para comprobar o cumprimento de especificacións técnicas terá a consideración de prezo público cando aquelas as poida efectuar o interesado, opcionalmente, en centros dependentes da Administración de calquera Estado membro da Unión Europea, da Administración española ou en centros privados ou alleos a aquelas, cando esas probas sexan solicitadas polo interesado voluntariamente sen que estea obrigado pola normativa en vigor.

5. Estarán exentos do pagamento da taxa de tramitación de autorizacións individuais de uso especial de dominio público radioeléctrico aqueles solicitantes desas autorizacións que fagan 65 anos no ano en que efectúen a solicitude, ou que os fixesen con anterioridade, así como os beneficiarios dunha pensión pública ou que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por 100.

5. Xestión e recadación en período voluntario das taxas

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo xestionará e recadará en período voluntario as taxas deste anexo.

ANEXO II

Definicións

1. Abonado: calquera persoa física ou xurídica que celebre un contrato cun provedor de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público para a prestación de tales servizos.

2. Acceso: a posta á disposición doutro operador, en condicións definidas e sobre unha base exclusiva ou non exclusiva, de recursos ou servizos con fins de prestación de servizos de comunicacións electrónicas, incluíndo cando se utilicen para a subministración de servizos da sociedade de información ou de servizos de contidos de radiodifusión. Este termo abarca, entre outros aspectos, os seguintes: o acceso a elementos de redes e recursos asociados que poden requirir a conexión de equipamentos por medios fixos e non fixos (en particular, isto inclúe o acceso ao bucle local e a recursos e servizos necesarios para facilitar servizos a través do bucle local); o acceso a infraestruturas físicas, como edificios, condutos e mastros; o acceso a sistemas informáticos pertinentes, incluídos os sistemas de apoio operativos; o acceso a sistemas de información ou bases de datos para prepedidos, subministracións, pedidos, solicitudes de mantemento e reparación, e facturación; o acceso á conversión do número de chamada ou a sistemas cunha funcionalidade equivalente; o acceso a redes fixas e móbiles, en particular con fins de itinerancia; o acceso a sistemas de acceso condicional para servizos de televisión dixital; así como o acceso a servizos de rede privada virtual.

3. Axente económico: o fabricante, o representante autorizado, o importador e o distribuidor de equipamentos e aparellos de telecomunicación.

a) Distribuidor: toda persoa física ou xurídica da cadea de subministración distinta do fabricante ou o importador que comercializa un produto.

b) Fabricante: toda persoa física ou xurídica que fabrica un produto, ou que manda deseñar ou fabricar un produto e o comercializa co seu nome ou marca comercial.

c) Importador: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que introduce un produto dun país terceiro no mercado comunitario.

d) Representante autorizado: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que recibiu un mandato por escrito dun fabricante para actuar no seu nome en relación con tarefas específicas relativas a obrigas deste último en virtude da lexislación comunitaria correspondente.

4. Atribución de frecuencias: a designación dunha banda de frecuencias para o seu uso por un ou máis tipos de servizos de radiocomunicación, cando proceda, nas condicións que se especifiquen.

5. Asignación de frecuencias: autorización administrativa para que unha estación radioelétrica utilice unha frecuencia ou unha canle radioelétrica determinada en condicións especificadas.

6. Autoridade nacional de regulamentación: o Goberno, os departamentos ministeriais, órganos superiores e directivos e organismos públicos que, de conformidade con esta lei, exercen as competencias que nela se prevén.

7. Bucle local ou bucle de abonado da rede pública de comunicacións electrónicas fixa: o circuito físico que conecta o punto de terminación da rede a un dispositivo de distribución ou instalación equivalente da rede pública de comunicacións electrónicas fixa.

8. Consumidor: calquera persoa física ou xurídica que utilice ou solicite un servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público para fins non profesionais.

9. Datos de localización: calquera dato tratado nunha rede de comunicacións electrónicas ou por un servizo de comunicacións electrónicas que indique a posición xeográfica do equipamento terminal dun usuario dun servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público.

10. Dereitos exclusivos: os dereitos concedidos a unha empresa por medio dun instrumento legal, regulamentario ou administrativo que lle reserve o dereito a prestar un servizo ou a emprender unha actividade determinada nunha zona xeográfica específica.

11. Dereitos especiais: os dereitos concedidos a un número limitado de empresas por medio dun instrumento legal, regulamentario ou administrativo que, nunha zona xeográfica específica:

a) Designen ou limiten, conforme criterios que non sexan obxectivos, proporcionais e non discriminatorios, a dúas ou máis o número de tales empresas autorizadas a prestar un servizo ou emprender unha actividade determinada, ou

b) Confiran a unha empresa ou empresas, conforme tales criterios, vantaxes legais ou regulamentarias que dificulten gravemente a capacidade doutra empresa de prestar o mesmo servizo ou emprender a mesma actividade na mesma zona xeográfica e nunhas condicións basicamente similares.

12. Enderezo: cadea ou combinación de cifras e símbolos que identifica os puntos de terminación específicos dunha conexión e que se utiliza para encamiñamento.

13. Equipamento avanzado de televisión dixital: decodificadores para a conexión a televisores ou televisores dixitais integrados capaces de recibir servizos de televisión dixital interactiva.

14. Equipamento terminal: equipamento destinado a ser conectado a unha rede pública de comunicacións electrónicas, isto é, a estar conectado directamente aos puntos de terminación daquela ou interfuncionar, ao seu través, con obxecto de enviar, procesar ou recibir información.

15. Especificación técnica: a especificación que figura nun documento que define as características necesarias dun produto, tales como os niveis de calidade ou as propiedades do seu uso, a seguranza, as dimensións, os símbolos, as probas e os métodos de proba, o empaquetado, a marcación e a etiquetaxe. Inclúense dentro da citada categoría as normas aplicables ao produto no que se refire á terminoloxía.

16. Espectro radioeléctrico: ondas electromagnéticas, cuxa frecuencia se fixa convencionalmente por debaixo de 3.000 GHz, que se propagan polo espazo sen guía artificial.

17. Explotación dunha rede de comunicación electrónica: a creación, o aproveitamento, o control ou a posta á disposición da dita rede.

18. Interconexión: a conexión física e lóxica das redes públicas de comunicacións utilizadas por un mesmo operador ou por outro distinto, de maneira que os usuarios dun operador se poidan comunicar cos usuarios do mesmo operador ou doutro distinto, ou acceder aos servizos prestados por outro operador. Os servizos poderán ser prestados polas partes interesadas ou por terceiros que teñan acceso á rede. A interconexión constitúe un tipo particular de acceso entre operadores de redes públicas.

19. Interface de programa de aplicación (API): a interface de software entre as aplicacións externas, posta á disposición polos operadores de radiodifusión ou prestadores de servizos, e os recursos do equipamento avanzado de televisión dixital para os servizos de radio e televisión dixital.

20. Interferencia prexudicial: toda interferencia que supoña un risco para o funcionamento dun servizo de radionavegación ou doutros servizos de seguranza ou que degrade ou obstrúa gravemente ou interrompa de forma repetida un servizo de radiocomunicación que funcione de conformidade coa regulamentación internacional, comunitaria ou nacional aplicable.

21. Chamada: unha conexión establecida por medio dun servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público que permita a comunicación bidireccional de voz.

22. Nome: combinación de caracteres (cifras decimais, letras ou símbolos) que se utiliza para identificar abonados, usuarios ou outras entidades tales como elementos de rede.

23. Número: cadea de cifras decimais que, entre outros, poden representar un nome ou un enderezo.

24. Número xeográfico: o número identificado no plan nacional de numeración telefónica que contén en parte da súa estrutura un significado xeográfico utilizado para o encamiñamento das chamadas cara á situación física do punto de terminación da rede.

25. Números non xeográficos: os números identificados no plan nacional de numeración telefónica que non son números xeográficos. Inclúiran, entre outros, os números de teléfonos móbiles, os de chamada gratuíta e os de tarificación adicional.

26. Operador: persoa física ou xurídica que explota redes públicas de comunicacións electrónicas ou presta servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público e notificou ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o inicio da súa actividade ou está inscrita no Rexistro de operadores.

27. Operador con poder significativo no mercado: operador que, individual ou conxuntamente con outros, desfruta dunha posición equivalente a unha posición dominante, isto é, unha posición de forza económica que permite que o seu comportamento sexa, en medida apreciable, independente dos competidores, dos clientes e, en última instancia, dos consumidores que sexan persoas físicas.

28. Punto de terminación da rede: o punto físico en que o abonado accede a unha rede pública de comunicacións. Cando se trate de redes nas cales se produzan operacións de conmutación ou encamiñamento, o punto de terminación da rede estará identificado mediante un enderezo de rede específico, a cal poderá estar vinculada a un número ou a un nome dun abonado.

29. Radiocomunicación: toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioeléctricas.

30. Recursos asociados: as infraestruturas físicas, os sistemas, os dispositivos, os servizos asociados ou outros recursos ou elementos asociados cunha rede de comunicacións electrónicas ou cun servizo de comunicacións electrónicas que permitan ou apoién a prestación de servizos a través da dita rede ou servizo ou teñan potencial para iso. Inclúiran, entre outros, edificios ou entradas de edificios, o cableado de edificios, antenas, torres e outras construcións de soporte, condutos, mastros, bocas de acceso e distribuidores.

31. Rede de comunicacións electrónicas: os sistemas de transmisión e, cando proceda, os equipamentos de conmutación ou encamiñamento e demais recursos, incluídos os elementos que non son activos que permitan o transporte de sinais mediante cables, ondas hertzianas, medios ópticos ou outros medios electromagnéticos con inclusión das redes de satélites, redes terrestres fixas (de conmutación de circuitos e de paquetes, incluída internet) e móbiles, sistemas de tendido eléctrico, na medida en que se utilicen para a transmisión de sinais, redes utilizadas para a radiodifusión sonora e televisiva e redes de televisión por cable, con independencia do tipo de información transportada.

32. Rede pública de comunicacións: unha rede de comunicacións electrónicas que se utiliza, na súa totalidade ou principalmente, para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público e que soporta a transferencia de sinais entre puntos de terminación da rede.

33. Reserva de frecuencias: porción de espectro radioeléctrico cuxos dereitos de uso outorga a Administración a unha persoa física ou xurídica en condicións especificadas.

34. Servizos asociados: aqueles servizos asociados cunha rede de comunicacións electrónicas ou cun servizo de comunicacións electrónicas que permitan ou apoién a subministración de servizos a través da dita rede ou servizo ou teñan potencial para iso e inclúen, entre outros, a tradución de números ou sistemas cunha funcionalidade equivalente, os sistemas de acceso condicional e as guías electrónicas de programas, así como outros servizos tales como o servizo de identidade, localización e presenza.

35. Servizo de comunicacións electrónicas: o prestado polo xeral a cambio dunha remuneración que consiste, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas, con inclusión dos servizos de telecomunicacións e servizos de transmisión nas redes utilizadas para a radiodifusión, pero non dos servizos que subministren contidos transmitidos mediante redes e servizos de comunicacións electrónicas ou das actividades que consistan no exercicio do control editorial sobre tales contidos; quedan excluídos, así mesmo, os servizos da sociedade da información definidos no artigo 1 da Directiva 98/34/CE que non consistan, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas.

36. Servizo de televisión de formato largo: o servizo de televisión constituído, total ou parcialmente, por programas producidos e editados para a súa presentación en formato largo completo. A relación de dimensións 16:9 constitúe o formato de referencia para os servizos de televisión deste tipo.

37. Servizo telefónico dispoñible ao público: o servizo dispoñible ao público para efectuar e recibir, directa ou indirectamente, chamadas nacionais ou internacionais e internacionais a través dun ou máis números dun plan nacional ou internacional de numeración telefónica.

38. Sistema de acceso condicional: toda medida técnica ou mecanismo técnico que condicione o acceso en forma intelixible a un servizo protexido de radiodifusión sonora ou televisiva ao pagamento dunha cota ou outra forma de autorización individual previa.

39. Telecomunicacións: toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

40. Teléfono público de pagamento: un teléfono accesible ao público en xeral e para cuxa utilización poden empregarse como medios de pagamento moedas, tarxetas de crédito/débito ou tarxetas de prepago, incluídas as tarxetas que utilizan códigos de marcación.

41. Usuario: unha persoa física ou xurídica que utiliza ou solicita un servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público.

42. Usuario final: o usuario que non explota redes públicas de comunicacións nin presta servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público nin tampouco os revende.